# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
# CURSO 2023/2024

CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA - 15015238
(SANTA COMBA)

<u>**ÍNDICE**</u>


1. **INTRODUCIÓN** .....3
2. **OBXECTIVOS** .....4
3. **MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN** .....7
4. **RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO** .....7
5. **CONCRECIÓN ANUAL DO PEC** .....7
6. **CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA** .....57
7. **PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS** .....59
8. **PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO** .....65
9. **XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO** .....65
10. **PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO** .....67
11. **PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE** .....67
12. **PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA** .....68
13. **PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA** .....68
14. **LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO** .....73
15. **PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES** .....74
16. **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.** .....77
17. **PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE** .....78
18. **HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO** .....78
19. **PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA** .....78
20. **PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR** .....79
21. **REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR** .....79
22. **PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO -ESPAZOS DE USO COMÚN** .....83
23. **PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA, CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNS.** .....83
24. **PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO** .....84
25. **PLAN DIXITAL DE CENTRO** .....84
26. **PLAN DE INTRODUCIÓN DAS TIC** .....85
27. **PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA.** .....91
28. **CONTRATOS-PROGRAMA** .....98
29. **PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN** .....103
30. **PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE** .....122
31. **PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO** .....142
32. **PLAN ESPECÍFICO DE APPCC PARA O COMEDOR ESCOLAR** .....148
33. **PLAN PROXECTA+** .....151
34. **PROXECTO DE XORNADA CONTINUADA** .....154

## 1. INTRODUCIÓN

Neste curso 2023/24 o centro funciona con 6 aulas de Educación Infantil, 14 aulas de Educación Primaria.

O alumnado está distribuído como segue:

| Etapa educativa | Nivel | Nº alumnos/as |
|---|---|---|
| Educación Infantil | 3 anos | 43 |
| | 4 anos | 32 |
| | 5 anos | 31 |
| Educación Infantil | | **106** |
| Educación Primaria | 1º | 43 |
| | 2º | 49 |
| | 3º | 57 |
| | 4º | 48 |
| | 5º | 66 |
| | 6º | 49 |
| Educación Primaria | | **312** |
| TOTAL.......................... | | **418** |

## 2. OBXECTIVOS

2.1 Edificio e instalacións: melloras e reformas solicitadas.

2.1.1 Infraestrutura e equipamento de competencia autonómica:

O CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza ten unhas instalacións construídas desde fai 50 anos. Moitos espazos e mobiliario do edificio necesitan renovación urxente para adaptalo aos tempos e normativas actuais. Solicitamos unha renovación integral do centro que actúe sobre:

a) Ampliación da biblioteca do centro. O espazo da mesma é escaso dado o número de alumnado que temos que imposibilita poder adaptala á normativa e novos programas: Inclusividade, integración de Tics, PLAMBE,... Existe espazo exterior anexo á mesma para a ampliación.
b) Construción de baños para Educación Infantil. O máis de 100 alumnos e alumnas de E. Infantil só dispoñen dun baño (con catro inodoros e catro lavabos) para todas e todos. Existe espazo exterior anexo ás aulas de infantil para a ampliación dos mesmos.
c) Cambio das portas das aulas e dos armarios xa que son as orixinais, así como as portas interiores de acceso ao comedor. Teñen sobre 50 anos.
d) Ampliación e renovación do ximnasio do centro. O chan é o do seus inicios presentando fendas e labras na madeira do mesmo co risco que supón para o alumnado. Non dispón dun sistema de calefacción nin de iluminación que funcione axeitadamente. Solicítase ampliación por non dispor o centro doutro espazo que poder usar de salón de actos, quedando este espazo moi pequeno para actividades conxuntas.
e) Renovación de toda a instalación eléctrica para o soporte das novas tecnoloxías, así como o cambio de toda a luminaria para mellorar a eficiencia enerxética.
f) Cambio de fiestras de madeira restantes nos corredores de infantil, na entrada principal e no comedor escolar as que comunican coa sala de xogos. Neste espazo as fiestras tamén precisan cambio por ser de aluminio antigo.
g) Pintado interior e exterior do centro (todas as fachadas levan sen pintar 14 anos presentando o exterior un aspecto deplorable) e renovación dos teitos interiores. Están cubertos cun proxectado granulado que cae coa humidade en moitas zonas.
h) Instalación dunha nova cuberta porque en determinados lugares (aulas, comedor e corredores) fíltrase auga.
i) Reforma baños exteriores.
j) Cuberta chuvia para entrada alumnado.
k) Dotación de mobiliario para o parque infantil do areeiro (tobogáns, casas...).

l) Creación dunha pasarela desde o portalón de entrada ao patio cuberto para resgardarse da chuvia, outra superficie cuberta na entrada principal e pasarela de paso ao pavillón para resgardar ao alumnado das inclemencias meteorolóxicas nos desprazamentos ao pavillón.
m) Todas aquelas que xurdan ao longo do curso.

2.1.2 Infraestrutura e equipamento de competencia municipal:

a) Pintado da totalidade dos valados exteriores do centro e mellora do cerre perimetral do mesmo.
b) Mellora no firme e na pista multideporte que se realizou con deficiencias substanciais: alumeado, charcos e deterioro do firme.
c) Instalación de vallas similares ás instaladas na zona de aparcamento de buses, substituíndo ás redes, xa que estas supoñen un risco de mancaduras.
d) Pintados de aulas, corredores e outras dependencias.
e) Pintado das liñas do pavillón.
f) Creación dun parque infantil e dotación de mobiliario para o mesmo.
g) Pintado e arranxo das pistas deportivas exteriores.
h) Arranxo e limpeza da parte dianteira do pavillón escolar (canlóns, paredes...)
i) Renovación e mellora do almacén exterior do centro ( antiga casa do conserxe) para un mellor uso como almacén ou outros servizos que necesite o centro.
j) Todas aquelas actuacións que teñen que ver co mantemento e que xurdan ao longo do curso.

**Peticións de material á Consellería**

O curso pasado fixemos a seguinte petición que non foi subministrado:

- Andeis metálicos (6)
- Mesa ordenador profesorado (1)
- Armario – librería (1)
- Andeis abertos a unha cara (4)
- Mesa rectangular infantil (6)
- Xogos simbólicos (5)
- Bloques lóxicos e de aprendizaxe de matemáticas (2)
- Bloques de construción (3)
- Equipo de educación física (3)
- Globo terráqueo (1)

- Instrumento para ritmo (1)
- Material de linguaxe (6)
- Equipo motricidade fina (3)
- Material introdución lingua estranxeira (1)
- Material de psicomotricidade (1)
- Material de xogos alternativos (1)
- Quebracabezas (16)
- Teatro de monicreques (2)
- Equipo de xogos simbólicos de infantil (2)
- Material desenvolvemento da linguaxe en educación especial (5)
- Armario librería (1)
- Armario móbil con gabetas (1)
- Colgadoiro de pé (2)
- Mesa de ordenador de profesorado (1)
- Armario-librería (1)
- Equipo de construción (2)
- Equipo de elementos lóxico matemáticos (1)
- Colgadoiro 8 ganchos (1)
- Expositor libros dobre cara (2)

Este curso solicitouse o seguinte:

- Armario-expositor móbil (1)
- Globo terráqueo (2)
- Material xeral de matemáticas (2)
- Bancos suecos (3)
- Xogos de area e auga (2)
- Armario de audiovisuais (1)

<u>2.2 Organización</u>

- Elaborar e precisar o calendario de reunións e actividades dos distintos órganos e equipos do Centro.

- Planificar o horario de libre disposición do profesorado para favorecer situacións de apoio para alumnos/as que o necesiten.
- Reestruturar as saídas e entradas do centro facendo reaxustes respecto a antes do comezo da covid.

## 3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN.

- Manter unha relación cordial con toda a comunidade educativa, establecendo o diálogo e a cooperación como canle para acadar os obxectivos expostos.
- Facilitar a posibilidade do traballo en equipo .
- Manter informada á comunidade educativa das melloras que vaian xurdindo e dos atrancos que acontezan.
- Fomentar a mellora da calidade educativa participando en diferentes programas de formación e mellora.

## 4. RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

- En canto aos medios humanos, a inclusión do profesorado (Claustro), e demais membros da comunidade educativa (Consello Escolar) na toma de decisións que competan a cada órgano de acordo á lexislación, para que estes obxectivos se poidan levar a cabo.
- Comunicacións verbais (telefónicas, telemáticas... ) coa Administración Educativa, ANPA, Concello... das diferentes situacións que se desenvolven ao longo do curso académico.
- Comunicacións por escrito informando de deficiencias, actividades e calquera outra notificación de interese.
- Todas as reunións necesarias para traballar determinados marcos de actuación (de equipos de ciclo, de equipo de dinamización da lingua galega, coordinación pedagóxica, da biblioteca escolar, de tics, de convivencia. claustro, consello escolar, cos/coas nais/pais,...)
- Entrevistas coas nais, cos pais ou titoras/titores legais do alumnado ao inicio do curso e na hora de titoría.
- Emprego da web do centro e o espazo abalar como canle de comunicación coas familias.

## 5. CONCRECIÓN ANUAL DO PEC

Establécense os mínimos de concreción curricular para a avaliación positiva nas áreas instrumentais, seguindo coma guía as competencias clave en cada curso

## EDUCACIÓN INFANTIL

Os obxectivos mínimos na educación infantil son os seguintes:

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.

b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.

c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.

d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.

e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.

f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

g) Iniciarse nas habilidades lóxicas e matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.

h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Teremos en conta os obxectivos de área establecidos no currículo, sendo estes:

ÁREA DE COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN DA REALIDADE

- Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do su repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.
- Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.
- Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo los códigos de cada un deles e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.
- Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese y curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.
- Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.

ÁREA: CRECEMENTO EN ARMONÍA

- Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva
- Recoñecer, manifestar y regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva.
- Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e socialmente responsable.
- Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade do respecto, da diversidade e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto ós dereitos das persoas.

ÁREA: DESCUBRIMENTO E EXPLORACIÓN DA CONTORNA.

- Identificar as características de materias, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, e o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvemento das destrezas lóxicas e matemáticas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.
- Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa as situacións e os retos que se presenten.
- Recoñecer elementos e fenómenos da natureza mostrando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.
- Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social dende o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.

## HORARIO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O horario que se especifica a continuación é orientador, sendo a flexibilidade a súa principal característica.

| MAÑÁ | TARDE |
|---|---|
| - ENTRADA<br>- RUTINAS DIARIAS (LINGUAXE ORAL) | - HORA DE LER<br>- PROPOSTAS ARTÍSTICAS |

| | |
|---|---|
| - PROPOSTAS DE LÓXICA E MATEMÁTICAS<br>- PROPOSTAS DE LECTO-ESCRITURA<br>- MERENDA<br>- RECREO<br>- ACTIVIDADES GRUPAIS<br>- TRABALLO POR PROXECTOS<br>- SAÍDA | - XOGO LIBRE<br>- SAIDA |

O horario compleméntase e inclúe as seguintes sesións semanais en cada grupo, impartidas polo profesorado especialista de inglés, música e relixión. Este curso, coma en cursos anteriores, cóntase con dúas mestras de apoio para Ed. Infantil que darán as sesións de psicomotricidade.

## EDUCACIÓN PRIMARIA

### 1º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

LECTURA

- Le con certa soltura, superando o silabeo.
- Le textos moi sinxelos en voz alta superando en certa medida o silabeo.
- Recoñece a relación entre grafía e son.

COMPRENSIÓN

- Comprende a información relevante en textos moi sinxelos de uso cotián tanto escritos como orais.

EXPRESIÓN ESCRITA

- Le e reescribe de xeito guiado, poemas, adiviñas, trabalinguas...
- Separa correctamente as palabras en oracións moi breves e sinxelas.
- Fai a presión correcta no lapis, cun trazo correcto, enlazado e redondo.

EXPRESIÓN ORAL

- Produce textos orais moi breves e sinxelos ante os compañeiros.

ORTOGRAFÍA

- Coñece e emprega, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas: maiúsculas, punto final, mp/mb, interrogación exclamación.

GRAMÁTICA

- Coñece e concorda o xénero e o número de palabras dadas.

VOCABULARIO

- Amplía vocabulario coa adquisición de novos termos (aumentativos/diminutivos; sinónimos/antónimos)

LITERATURA

- Le textos moi sinxelos de diversa índole: contos, poemas...

En xeral:

- Capta as ideas principais dos relatos orais e dos textos lidos.
- Coida o seu material e o material común da aula
- É capaz de ilustrar un texto reflectindo o seu contido
- Utiliza os artigos respectando a concordancia
- Identifica accións do presente, do pasado e do futuro.
- É capaz de prestar atención as pautas dirixidas a organización das tarefas
- E capaz de falar o grupo superando a súa timidez
- Expresa vivencias, sentimentos e informacións de forma oral e sinxela aos seus compañeiros.
- Normalmente interactúa nas situacións cotiás da aula(diálogos, exposicións de ideas..)
- Respecta as quendas de palabra e escoita aos compañeiros/as atendendo as súas intervencións sen interrompelos.
- Esfórzase por comunicarse facendo uso da lingua galega.
- Interpreta e comprende textos de uso cotiá.
- É capaz de facer lecturas sinxelas adaptadas a súa idade.
- É quen de escribir frases sinxelas.
- Aplica algunhas das regras de ortografía natural traballadas.

- Coida a presentación das súas producións (limpeza, marxes, caligrafía, ortografía natural).
- Sabe separar as sílabas nas palabras
- Sabe aplicar a categoría de xénero en palabras do seu uso.

MATEMÁTICAS

NÚMEROS E OPERACIÓNS

- Recoñece e emprega números naturais ata o 99.
- Recoñece e emprega números ordinais, en contextos reais, ata o 10º.
- Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición, de cada cifra.
- Ordena e representa números na recta numérica.
- Fai series ascendentes e descendentes de 2 en 2, de 5 en 5 e de 10 en 10.
- Suma e resta sen levadas, en horizontal e vertical ata a centena.
- Realiza cálculos mentais sinxelos.
- Resolve problemas sinxelos de suma e resta.
- Identifica os datos importantes para a resolución de problemas matemáticos sinxelos.

MEDIDA

- Coñece e emprega unidades de medida do tempo: mañá-tarde, día-noite, semana, mes, hora en punto, media hora e ano.
- Realiza medicións co palmo, o pé, o paso, o centímetro e o metro.
- Compara obxectos de distinto peso e capacidade.
- Recoñece e coñece o valor de diferentes moedas e billetes do sistema monetario da UE (1€, 2€, 5€, 10€, 20€ e 50€).

XEOMETRÍA

- Diferenza conceptos espaciais, tales como: esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaixo, dentro-fóra, preto-lonxe.
- Diferenza entre liñas rectas, curvas, abertas e pechadas.
- Recoñece as figuras planas básicas: círculo, cadrado, rectángulo e triángulo.

ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

- Rexistra e interpreta datos en gráficos de barras e táboas de 2 elementos.

En xeral:

- Expresa oralmente os pasos para resolver un problema.
- Mostra actitudes positivas o facer os traballos.
- Coida a presentación dos traballos nos cadernos, fichas...
- Coñece, escribe os números ata o 99.
- É quen de resolver series numéricas sinxelas
- Identifica o valor dos números propios do nivel.
- É quen de ordenar cifras de maior a menor e de menor a maior.
- Resolve problemas nos que ten que aplicar a suma
- Resolve problemas nos que ten que aplicar a resta sen levadas.
- Fai medicións con palmos, pasos e pés.
- É quen de pesar obxectos identificando os que pesan máis e menos.
- Identifica algunhas unidades de tempo propias do nivel.- Hora- Minuto-.-Día.-Semana -.Mes - Ano.
- Recoñece horas en punto e medias horas en reloxos analóxicos.
- Coñece o valor de algunhas moedas.
- É quen de aplicar os conceptos espaciais básicos.
- Recoñece formas xeométricas básicas nos obxectos do seu contorno.
- Interpreta gráficos sinxelos.

CIENCIAS NATURAIS

B1- INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

- Utiliza estratexias para traballar en forma individual e en equipo e respecta aos compañeiros , o material e as normas de convivencia

B2- O SER HUMANO E A SAÚDE

- Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada, hábitos de hixiene e co exercicio físico.

B3- OS SERES VIVOS

- Identifica as principais diferenzas entre animais e plantas
- Recoñece os sentidos e as partes do corpo
- Diferencia os mamíferos, aves, peixes e insectos.

B4- MATERIA E ENERXÍA

- Recoñece a necesidade de reciclar, aforrar enerxía e protexer o medio.

B5- A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

- Identifica ferramentas e máquina simples.
- Coñece os oficios das persoas do seu entorno e evita estereotipos sexistas.
- Emprega o ordenador e a pizarra dixital de forma guiada.

En xeral:

- Amosa autonomía na selección da información de forma guiada e é quen de comunicala de maneira oral ou escrita dun xeito ordenado e sinxelo.
- É quen de identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas do seu entorno respectando e valorando a diversidade.
- Recoñece as partes fundamentais do propio corpo.
- Relaciona o exercicio físico, a alimentación saudable, e os hábitos de hixiene con ter unha vida saudable
- É quen de explicar as principais diferenzas entre animais e plantas empregando diferentes soportes
- Identifica e describe de maneira elemental, animais e plantas do seu contorno.
- Normalmente amosa condutas de respecto e coidado cara os seres vivos.
- Normalmente é quen de reutilizar e reciclar obxectos de xeito responsable.
- Coñece e nomea algúns dos oficios das persoas do seu contorno evitando estereotipos sexistas.
- Coñece o traballo dos diferentes traballadores/as da escola.
- Manexa e identifica algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con certa seguridade e evitando estereotipos sexistas.
- Identifica as partes fundamentais dun ordenador.

CIENCIAS SOCIAIS

B1- CONTIDOS COMÚNS

- Participa en actividades individuais e de grupo cun comportamento responsable e colaborativo.

B2- O MUNDO QUE NOS RODEA

- Recoñece os elementos básicos da súa contorna máis próxima.
- Describe as características principais do aire e da auga e ten conciencia do uso responsable dos mesmos.
- Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo.
- Diferenza na paisaxe os elementos naturais e humanos e identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.

B3- VIVIR EN SOCIEDADE

- Identifica as relacións de parentesco e discrimina os roles familiares e a distribución equitativa das tarefas domésticas.
- Respecta as normas de convivencia na familia e na escola.
- Identifica as partes da casa e uso que se fai delas.
- Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea.
- Recoñece os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos.
- Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa: semáforos, pasos de peóns…

B4- AS PEGADAS DO TEMPO

- Explica nunha liña do tempo a evolución da súa historia persoal.
- Explica unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.
- Coñece os días da semana, os meses do ano e diferenza as estacións.

En xeral:

- Coida a presentación dos seus traballos esforzándose no traballo e coidando o material.
- Describe algúns elementos básicos da súa contorna máis próxima.
- É quen de describir algunhas características do aire e da auga e valora a súa importancia para a vida humana sendo consciente da importancia de respectar o medio natural.
- Nomea e coñece fenómenos atmosféricos máis habituais

- Identifica a importancia que ten o Sol para a existencia da vida no planeta Terra.
- É quen de enumerar tarefas que fai ao longo do día: mañá, tarde e noite.
- Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a paisaxe creada polas accións humanas
- Identifica as relacións básicas de parentesco.
- Valora o reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
- Normalmente identifica aos membros da comunidade escolar e describe algunhas tarefas que desenvolven respectando o seu traballo.
- Normalmente identifica as partes da casa, represéntaas nun debuxo e coñece e explica o uso que se fai delas
- Coñece diferentes medios habituais de transporte: terrestres, marítimos e aéreos.
- É quen de sinalar algúns feitos relevantes da súa vida localizándoos nunha liña temporal.
- Normalmente sabe o número e o nome de días que ten unha semana. Nomea as estacións do ano e explica algunhas das súas características.

<u>EDUCACIÓN PLÁSTICA</u>

B1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

- Valora, identifica e usa as cores aprendidas.

B2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

- Respecta as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.

En xeral:

- Identifica, describe e representa o entorno natural e o entorno artificial empregando diferentes tonalidades e texturas.
- Manexa as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza, diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher,...)
- Utiliza nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta etc.), formas xeométricas básicas e as cores aprendidas.
- Recoñece as partes principais da figura humana.
- Valora a importancia da limpeza, do coidado do material, os utensilios e da orde para alcanzar o resultado final proposto.

PROXECTO COMPETENCIAL

B1 IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA

- Identifica e comunica as súas emocións.

B2. COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS

- Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.

B3 CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

- Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras.
- Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras.

En xeral:

- Manifesta verbalmente características persoais positivas.
- É quen de valorar aspectos mellorables da súa personalidade.
- Manifesta autonomía na súa actividade escolar e axuda aos compañeiros/as que teñan dificultade
- Manifesta emocións, sentimentos, estados de ánimo ou coñecementos dunha maneira corporal expresiva
- Relacionase cos compañeiros/as de maneira respectuosa mostrando afecto.
- Participa en intercambios orais dando opinións e manifestando emocións
- Participa nos diálogos respectando as normas pactadas
- Enumera características positivas dos seus compañeiros/as.
- É quen de dar opinións e emocións despois de visualizar imaxes ou rexistros audiovisuais.
- É solidario con compañeiros/as e mostra actitudes de axuda non competitivas.
- Coñecer e cumprir as normas de convivencia pactadas no grupo e na escola.
- É quen de coidar os materiais facendo un bo uso deles.
- Xoga e participa de actividades sen prexuízos sexistas.
- Valora o respecto das normas aprendidas e traballadas sobre a educación viaria.

Criterios escolares:

- Características da aula do nivel no que está escolarizado o alumno/a.
- Característica da aula/s do nivel inferior a do alumno/a.
- Opinión do resto de profesionais que traballan co alumno/a.
- Valorar en que aula se podería responder mellor as necesidades do alumno/a.

Criterios persoais ( do propio alumno):

- Ser capaz de traballar autonomamente.
- Ter posibilidade de superar as dificultades de aprendizaxe con outras medidas (AC ou RE).
- Ser capaz de integrarse noutra aula sen que iso inflúa negativamente no seu aprendizaxe.
- Ser ou non ser capaz de continuar co traballo do próximo nivel.
- Características que levaron a avaliación negativa ( ser alumno/a con necesidade específica de apoio educativo, dificultades físicas ou psicolóxicas transitorias, cambio de centro, etc.)

## 2º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

### MATEMÁTICAS

- Recoñecer unidades, decenas e centenas.
- Recoñecer e ordenar os números do 1 ao 999.
- Ler e escribir números do 1 ao 999.
- Realizar series de 2 en 2, 3 en 3,... ata 999.
- Realizar sumas e restas levando cos números traballados.
- Realizar multiplicacións sinxelas.
- Recoñecer e construír liñas poligonais (cuadrilátero, tringulo, circulo).
- Recoñecer a hora en punto e media.
- Ter adquiridos os conceptos de maior e menor.
- Identificar moedas.
- Formular problemas sinxelos en que se precise contar, ler, ordenar e escribir números ata o 999.
- Resolver problemas sinxelos relativos a vida cotiá nos que sexa necesario utilizar as operacións de suma e de resta.
- Interpretar conceptos como esquerda – dereita, diante – detrás, arriba – abaixo, preto – lonxe, próximo – afastado, dirección ou distancia en tarefas de orientación e de representación espacial variadas
- Resolver e interpretar problemas onde interveña a lectura de gráficas sinxelas.

### LINGUA CASTELÁ E GALEGA

- Discriminar visual e auditivamente letras, silabas, palabras e oracións.
- Pronunciar correctamente tódolos sons.

- Ler con pronunciación, entoación e ritmo.
- Ler a velocidade axeitada (sen silabear).
- Ler e comprender un texto simple que tena polo menos seis oracións e ser capaz de responder preguntas sobre o mesmo.
- Dominar o trazo.
- Identificar e escribir frases ao ditado (coa separación adecuada).
- Aplicar normas ortográficas básicas: Maiúsculas, m antes de b e p, br, bl.
- Construír frases empregando o vocabulario axeitado.
- Memorizar poesías e adiviñas sinxelas.
- Presentar os traballos con orde e limpeza (dun xeito intelixible).
- Participar en situacións comunicativas de aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións.
- Usar fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.
- Comprender textos orais sinxelos de uso habitual procedentes de distintos soportes.
- Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións.
- Producir textos sinxelos con variados obxectivos comunicativos.

*Para promocionar o alumno ou alumna debe poder realizar con autonomía cada unha das tarefas descritas nos criterios.

<u>CIENCIAS NATURAIS E CIENCIAS SOCIAIS</u>

- Identificar partes do corpo, osos, músculos e articulacións.
- Clasificar animais segundo a presenza de osos, forma de nacer e alimentación.
- Identificar partes das plantas.
- Coñecer o ciclo da auga.
- Identificar o Sol, a Lúa e a Terra.
- Recoñecer as profesións máis comúns.
- Utilizar de forma adecuada marcadores temporais: antes / agora, antigo/moderno.
- Coñecer os días da semana, os meses e as estacións do ano.
- Ordenar temporalmente algúns feitos relevantes da súa vida.
- Identificar e describir algúns recursos fundamentais para os seres vivos (auga, aire) e a súa relación coa vida das persoas.
- Recoñecer e clasificar con criterios elementais os seres vivos mais relevantes do contorno.

- Valorar positivamente a práctica de determinados hábitos asociados á alimentación e hixiene.
- Identificar algunha das profesións e medios de transporte comúns no seu contorno e valorar a súa función.

EDUCACIÓN EN PROXECTO COMPETENCIAL

- Desenvolver habilidades para a toma de decisións.
- Recoñecer e expresión de sentimentos e emocións propios e alleos.
- Valorar de actitudes positivas e solidarias.
- Recoñecer os dereitos e deberes das persoas e dos nenos e as nenas.
- Respectar a participación en relacións interpersoais.
- Valorar e desenvolver actitudes participativas.
- Adquirir compromisos e respectar os compromisos adquiridos.
- Desenvolver hábitos de consumo responsable.
- Recoñecer e crear normas para relacionarnos. 10. Recoñecer e valorar situacións inxustas.
- Valorar, respectar e coidar o medio natural. 12. Adquirir hábitos para coidar e protexer a natureza.
- Identificar e adquirir actitudes de escoita activa e dialogo.
- Respectar e valorar a importancia da amizade e as relacións interpersoais, sinceras e respectuosas. 15. Adquirir actitudes de respecto e tolerancia cara aos costumes doutras culturas.
- Valorar o traballo en equipo.
- Identificar e interpretar de emocións e sentimentos alleos.

EDUCACIÓN PLÁSTICA

- Identificar os diferentes materiais e formas de expresión plástica.
- Describir oralmente e de forma sinxela diferentes formas de expresión artística.
- Identificar, describir e representar o entorno natural e o entorno artificial.
- Manexar as actividades plásticas utilizando coa correspondente destreza diferentes ferramentas (recortar, pegar, encher,...)
- Utilizar nas súas representacións distintos tipos de linas (curva, quebrada, recta, etc.) e formas xeométricas.
- Recoñecer as partes principais da figura humana.
- Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.
- Elaborar os traballos individualmente e en grupo.

Criterios escolares:

- Características da aula do nivel no que esta escolarizado o alumno/a.
- Característica da aula/s do nivel inferior a do alumno/a.
- Opinión do resto de profesionais que traballan co alumno/a.
- Valorar en que aula se podería responder mellor as necesidades do alumno/a.

Criterios persoais (do propio alumno):

- Ser capaz de traballar autonomamente.
- Ter posibilidade de superar as dificultades de aprendizaxe con outras medidas (AC ou RE).
- Ser capaz de integrarse noutra aula sen que iso inflúa negativamente na súa aprendizaxe.
- Ser ou non ser capaz de continuar co traballo do próximo nivel.
- Características que levaron á avaliación negativa (ser alumno/a con necesidade especifica de apoio educativo, dificultades físicas ou psicolóxicas transitorias, cambio de centro, etc.)

## 3º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

| Área de Ciencias da Natureza | Segundo ciclo | 3º curso |
|---|---|---|
| CA1.1. Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos de o medio natural a través da observación.<br><br>CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.<br><br>CA2.3. Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu desfrute e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.<br><br>CA3.2. Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.<br><br>CA3.5. Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sostible, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sostible dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana. | | |

<table>
<tr><td colspan="3">CA4.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.</td></tr>
<tr><th>Área de Ciencias Sociais</th><th>Segundo ciclo</th><th>3º curso</th></tr>
<tr><td colspan="3">CA1.2. Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.<br><br>CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da investigación e empregando as ferramentas e procesos axeitados.<br><br>CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.<br><br>CA3.2. Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.<br><br>CA3.3. Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.<br><br>CA3.4. Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sostible tanto para as persoas como para o planeta.<br><br>CA4.1. Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu desfrute e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.</td></tr>
<tr><th>Área de Lingua Castelá e Literatura</th><th>Segundo ciclo</th><th>3º curso</th></tr>
<tr><td colspan="3">CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.</td></tr>
</table>

CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica da contido

CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.

CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.

CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.

CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.

CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.

CA3.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

CA3.6. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciarse, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.

CA3.8. Utilizar, de maneira acompañada, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca de aula.

CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.

CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.

CA5.1. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras, axustadas aos seus gustos e intereses avanzando na construción da súa identidade lectora

CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información

CA5.7. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.

CA6.2. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na movilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación

CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

| Área de Lingua Galega e Literatura | Segundo ciclo | 3º curso |
|---|---|---|

CA1.1. Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando os empregadas no seu ámbito familiar.

CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.

CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelos, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.

CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.

CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.

CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.

CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións

CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodaiss sinxelos en lengua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.

CA3.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

CA3.6. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.

CA3.8. Utilizar, de maneira acompañada, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega

CA4.2. Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.

CA4.4. Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información.

CA5.1. Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.

CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como fonte de lecer e información.

CA5.7. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.

CA6.2. Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na

mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.

CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz.

| Área de Matemáticas | Segundo ciclo | 3º curso |
|---|---|---|

CA1.1. Mostrar actitudes positivas ante retos matemáticos tales como o esforzo e a flexibilidade, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe. (CA6.2)

CA1.2. Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas. (CA5.2)

CA1.4. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada. (CA2.2 / CA3.3 / CA4.3 / CA5.3)

CA1.8. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as conexións entre as matemáticas e a vida cotiá.

CA1.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos. (CA2.8 / CA3.8 / CA4.9 / CA6.8)

CA2.4 Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.

CA2.7 Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe. (CA3.7 / CA5.7)

CA5.5 Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente.

| Área de Proxecto Competencial | Segundo ciclo | 3º curso |
|---|---|---|

CA1.1 Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.

CA2.1 Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.

CA3.1 Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.

| |
|---|
| CA3.4 Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.<br><br>CA3.5 Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. |

| Área de Plástica | Segundo ciclo | 3º curso |
|---|---|---|
| CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.<br><br>CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.<br><br>CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.<br><br>CA3.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.<br><br>CA4.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.<br><br>CA4.5. Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. | | |

## 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

| Área de Ciencias da Natureza | Segundo ciclo | 4º curso |
|---|---|---|
| CA1.2. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico e utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.<br><br>CA2.1. Coñecer a morfoloxía externa e interna do corpo, identificando os aparellos e órganos implicados na realización das funcións vitais. | | |

| | | |
|---|---|---|
| CA2.2. Adoptar hábitos de vida saudables valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso, a hixiene, o uso adecuado das novas tecnoloxías e a prevención de accidentes e enfermidades.<br><br>CA3.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.<br><br>CA3.2. Recoñecer, a través de pequenas investigacións, diferentes formas de produción da calor e os seus efectos sobre os corpos.<br><br>CA3.3. Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.<br><br>CA4.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo e de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | | |
| Área de Ciencias Sociais | Segundo ciclo | 4º curso |
| CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.<br><br>CA1.3. Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.<br><br>CA2.1. Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e os procesos adecuados.<br><br>CA2.2. Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.<br><br>CA3.3. Coñecer os principais órganos de goberno e as funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.<br><br>CA3.4. Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia | | |

| |
|---|
| da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable, tanto para as persoas como para o planeta.<br><br>CA4.2. Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.<br><br>CA4.3. Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero. |

| Área de Lingua Castelá e Literatura | Segundo ciclo | 4º curso |
|---|---|---|
| CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.<br><br>CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.<br><br>CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.<br><br>CA2.3. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.<br><br>CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.<br><br>CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.<br><br>CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.<br><br>CA3.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.<br><br>CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses. | | |

| |
|---|
| CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.<br><br>CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.<br><br>CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.<br><br>CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.<br><br>CA5.7. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.<br><br>CA5.8. Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenzas das principais convencións formais dos xéneros.<br><br>CA6.2. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.<br><br>CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. |

| Área de Lingua Galega e Literatura | Segundo ciclo | 4º curso |
|---|---|---|
| CA1.5. Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.<br><br>CA2.1. Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.<br><br>CA2.2. Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás. | | |

CA2.3. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.

CA2.4. Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.

CA2.6. Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.

CA3.1. Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.

CA3.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, ampliando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.

CA3.3. Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.

CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais que faciliten a comprensión do sentido global e a información relevante.

CA4.1. Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.

CA4.3. Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.

CA5.3. Valorar os textos literarios e a literatura en xeral como vehículo de comunicación e como fonte de lecer e información.

CA5.7. Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados, en distintos soportes e complementándoos con outras linguaxes artísticas.

CA5.8. Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria e diferenzas das principais convencións formais dos xéneros.

| | | |
|---|---|---|
| CA6.2. Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.<br><br>CA6.5. Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | | |
| Área de Matemáticas | Segundo ciclo | 4º curso |
| CA1.2. Interpretar, de forma verbal ou gráfica, problemas da vida cotiá, comprendendo as preguntas formuladas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, incluídas as tecnolóxicas. (CA5.2)<br><br>CA1.3. Producir representacións matemáticas, a través de esquemas ou diagramas, que axuden na resolución dunha situación problematizada. (CA3.7 / CA4.2)<br><br>CA1.4. Comparar entre diferentes estratexias para resolver un problema de forma pautada. (CA2.2 / CA3.3 / CA4.3 / CA5.3)<br><br>CA1.9. Explicar os procesos e ideas matemáticas, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados obtidos utilizando unha linguaxe matemática sinxela en diferentes formatos. (CA2.8 / CA3.8 / CA4.9 / CA6.8)<br><br>CA2.4. Demostrar a corrección matemática das solucións dun problema e a súa coherencia no contexto exposto.<br><br>CA2.7. Recoñecer a linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá en diferentes formatos, adquirindo vocabulario específico básico e mostrando a comprensión da mensaxe. (CA3.7 / CA5.7)<br><br>CA3.4. Automatizar situacións sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso ou sigan unha rutina utilizando de forma pautada principios básicos do pensamento computacional. (CA4.6)<br><br>CA5.5. Dar exemplos de problemas sobre situacións cotiás que se resolven matematicamente. | | |
| Área de Proxecto Competencial | Segundo ciclo | 4º curso |
| CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | | |

| |
|---|
| CA1.3. Identificar e seleccionar a información que se precisa.<br>CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.<br>CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista.<br>CA2.2. Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.<br>CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.<br>CA3.3. Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.<br>CA3.5. Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. |

| Área de Plástica | Segundo ciclo | 4º curso |
|---|---|---|
| CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.<br>CA2.1. Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.<br>CA2.2. Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.<br>CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.<br>CA3.1. Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.<br>CA4.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas. | | |

## <u>5º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</u>

CRITERIOS MÍNIMOS AVALIACIÓN POSITIVA. 5º EDUCACIÓN PRIMARIA.

Para unha mellor coordinación e para favorecer a información ás familias, logo de reunión dos titores de ciclo e mestres que imparten no mesmo, establecemos un criterio común para a avaliación do alumnado. Deste xeito, consideramos que un alumnos acada unha

avaliación positiva cando ten adquirido as seguintes capacidades:

### <u>LINGUA GALEGA</u>

***Relacionado coa expresión e comprensión oral:***

- Expresa con claridade situacións de experiencia persoal centrándose nos aspectos máis
- relevantes.
- Emprega ton, xestos, e diferentes recursos para reforzar a comprensión do seu discurso.
- Emprega habitualmente regras de cortesía e educación nas súas produción orais respectando a opinión dos demais.
- Organiza o discurso oral atendendo á criterios de temporalidade, causalidade.
- É quen de reter as ideas principais dun discurso oral reproducindo os aspectos máis relevantes.

***Relacionado coa expresión escrita.***

- Escribe textos atendendo ao coidado mínimo na súa presentación. cun mínimo coidado na presentación en orde e limpeza,
- Presenta escritos atendendo a criterios de organización temporal e causal.
- Emprega nos seus escritos os signos de puntuación na súa funcionalidade de separación de ideas, creación de paragrafos, enumeracións, frases explicativas, final de texto.
- Diferenza na produción de textos empregando diferentes tipoloxía de texto de acordo a súa funcionalidade, poesía, narracción ficción, exposición, instruccións.
- Mostra capacidade de interpretación de textos  máis alá da analise palabra a palabra, deducindo e relacionando ideas.
- Ensaia o emprego de diferentes recursos expresivos e estilísticos para a elaboración dos seus textos escritos.
- Mostra interese pola corrección ortográfica  buscando estratexias de autocorrección.
- Participa aportando ideas e valoracións sobre os textos lidos na clase aportando ideas e solucións para

unha mellor comprensión.

- Mostra interese pola lectura como medio de formación e de entretemento.

**LINGUA CASTELÁ**

- Os mesmos que para Lingua Galega.
- Mostra interese e esforzase en mellorar a súa competencia oral nesta lingua facendo
- esforzo en non cambiarse de idioma e empregar o vocabulario propio da lingua, etc.

**MATEMÁTICAS**

- Interpreta datos matemáticos en situacións da vida cotiá coma textos numéricos propios da vida cotiá coma gráficos, folletos, listados, facturas, etc.
- Descompón de xeitos diversos os números atendendo a diferentes ordes numéricos, completando e compensando cantidades.
- Emprega técnicas básicas de cálculo mental, completa ordenes, descompón para operar, etc
- Recoñece o valor das fraccións, os seus elementos e diferentes usos das mesmas na vida cotiá, empregando operacións de sumas e restas con fraccións de igual denominador.
- Coñece as diferentes medidas do Sistema Métrico Universal e comprende a súa relación cos diferentes órdenes numéricos.
- Coñece o valor da porcentaxe, relaciónao coa fracción de denominador 100.
- Emprega de xeito adecuado os algoritmos de cálculo chegando a facer operacións de sumas,
- restas, multiplicacións e divisións.
- Estrutura e é quen de establecer criterios para a resolución de problemas de dúas ou varias operacións, valorando o resultado detectando posibles erros.

**CIENCIAS DA NATUREZA**

- Amosa interese polo coñecemento facendo hipóteses e preguntas sobre diversos temas tanto de interese propio coma propostos dentro do grupo aula.
- Desenvolve estratexias para a busca de información e formación tanto bibliográfica coma na rede sobre temas presentados na aula das materias de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.
- Selecciona textos adecuados á súa capacidade conseguindo sacar conclusións e aprendizaxes concretos sobre diferentes temas das ciencias.

- Mostra interese e consegue transmitir aprendizaxes sobre as ciencias tanto oralmente coma por escrito destacando aspectos fundamentais dos diferentes temas a tratar.
- Emprega diversos recursos para acadar a información precisa sobre as diferentes cuestións propostas en relación ás ciencias: táboas de datos, gráficos, mapas, artigos de prensa, páxinas de internet, bibliografía, videografía, etc.

**EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)**

- Mostra interese en expresar artisticamente sentimentos, ideas, sensacións, e diferentes elementos do seu mundo habitual.
- Emprega diferentes recursos para a expresión artística experimentando diferentes propostas para lograr unha obra que lle satisfaga artisticamente.
- Mantén o interese persistindo na tarefa buscando o mellor resultado das propostas de traballo individuais e colectivos.
- Analiza construtivamente as realizacións propias e alleas dos traballos plásticos aportando ideas e solucións creativas para a mellora das realizacións.

**PROXECTO COMPETENCIAL.**

- Implícase e esfórzase en mellorar o traballo colaborativo, aportando ideas, con actitude de respecto ás propostas dos demais e ofrecendo as axudas precisas.
- Desenvolve estratexias de busca e tratamento da información para a resolución das actividades propostas na aula.
- Mostra unha actitude pro-activa ante as diferentes propostas de traballo.
- Esfórzase e regula o comportamento para lograr unha resolución de conflitos de xeito construtivo. Resolver conflitos de xeito construtivo.
- Utilizar unha linguaxe positiva.
- Coñecer e respectar os dereitos e deberes propios.
- Coñecer os dereitos humanos básicos: liberdade e analizar os feitos discriminatorios
- (maltrato, exclusión de minorías, acoso escolar,…)
- Recoñecer a igualdade de dereitos de homes e mulleres.
- Recoñecer a acción do home no medio ambiente.

- Ter condutas responsables no uso das tics.
- Coñecer as normas de seguridade viaria.

## 6º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CRITERIOS MÍNIMOS DE PROMOCIÓN DO SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Para unha mellor coordinación e para favorecer a información ás familias, logo de reunión dos titores de ciclo e mestres que imparten no mesmo, establecemos un criterio común para a avaliación do alumnado. Deste xeito, consideramos que un alumnos acada unha avaliación positiva cando ten adquirido as seguintes capacidades:

**LINGUA E LITTERATURA GALEGA E CASTELÁN.**

COMUNICACIÓN ORAL:

- Exprésase cunha pronunciación e dicción correctas e adecuadas ó tipo de texto e á situación comunicativa.
- Adecúa o uso da linguaxe oral ás distintas finalidade e ás necesidades comunicativas.
- Emprega a linguaxe como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, e preguntar.
- Participa en enquisas, entrevistas e debates.
- Participa de forma activa en actividades de aula onde se expoñan os seus traballos e os das compañeiras e compañeiros.

COMUNICACIÓN ESCRITA: LER.

- Realiza lecturas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
- Comprende o contido de diferentes textos en formatos diversos e pode comentalos en voz alta cos compañeiros/as.
- Extrae as conclusións relevantes e ideas principais de textos escritos lidos.
- Procura información e coñece os motores de busca axeitados en internet e nas base de datos. Amosa interese pola lectura como medio de goce e disfrute nos seus tempos de lecer.

COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR.

- Escribe textos de diferentes tipos adaptando a linguaxe ás características do xénero e ós diferentes soportes.

- Mostra interese pola corrección ortográfica logrando crear estratexias de corrección que permitan presentar traballos con escritura correcta.
- Emprega de forma eficaz o dicionario, seleccionando as acepcións adecuadas segundo o precisado.
- Resume o contido de textos diversos destacando as ideas principais. Presenta con limpeza, orde e claridade as súas producións escritas.
- Participa e colabora na creación de contidos a través de ferramentas e contornas dixitais.

COÑECEMENTO DA LINGUA.

- Reflexiona sobre a lingua podendo facer diferentes clasificación de palabras en relación á función na oración: substantivos, verbos, determinantes, adxectivos, pronomes, adverbios.
- Emprega as normas de concordancia de xénero e número entre categorías gramaticais diferentes.
- Diferencia entre palabras primitivas, derivadas e compostas, sendo quen de analizar os seus compoñentes.
- Consegue empregar recursos ao seu alcance para atopar sinónimos e antónimos de palabras cando sexa preciso.

SINTAXE.

- Recoñece as oracións simples dentro do texto.
- Distingue o suxeito do predicado e identifica os seus núcleos co substantivo e o verbo respectivamente.
- Identifica algúns dos complementos do predicado. ORTOGRAFÍA.
- Segmenta e identifica as sílabas das palabras, diferenciando a sílaba tónica e as átonas. Emprega as normas de acentuación.
- Emprega os signos de puntuación: punto seguido, punto e aparte, comas, dous puntos, punto final.
- Emprega signos de interrogación e e exclamación atendendo á diferencia de uso no galego e no castelán.

**MATEMÁTICAS**

- Interpreta textos numéricos propios da vida cotiá como diferentes tipos de gráficos, folletos, listados, facturas, etc.
- Descompón con soltura en diferentes ordes numéricos naturais e redondea e aproxima. Coñece o significado dos números enteiros e opera con eles.

- Emprega técnicas básicas de cálculo mental, completa ordenes, descompón para operar, etc
- Sabe operar con fraccións de igual denominador e con fraccións de diferente denominador empregando o m.c.m.
- Relaciona diferentes ordenes de medidas do Sistema Métrico Universal e realiza cálculos e problemas con elas.
- Coñece o valor da porcentaxe, relaciónao coa fracción de denominador 100 e resolve problemas nos que teña que operar con porcentaxe.
- Emprega correctamente os algoritmos de cálculo chegando a facer operacións de sumas, restas, multiplicacións e divisións.
- Estrutura e é quen de explicar o proceso de resolución de problemas matemáticos que impliquen máis de dúas operacións, valorando o resultado detectando posibles erros. Recoñece o sistema de medida e comparación de figuras planas e en tres dimensións relacionándoas coas medidas de m2 e/ou m3 , decatándose dos valores que representan.
- Recoñece, identifica e nomea diferentes figuras planas, e corpos xeométricos identificando as diferentes partes dos mesmos empregando terminoloxía adecuada (lados, caras, aristas, lados, ángulos, perímetro, etc.)
- Coñece os conceptos básicos da probabilidade, como media, mediana, moda, caso imposible, probable o seguro.
- Recoñece o valor das enquisas e o emprego dos valores matemáticos das mesmas para tentar acadar un análise máis completo da realidade.

**CIENCIAS SOCIAIS E NATURAIS.**

- Amosa interese polo coñecemento facendo hipóteses e preguntas sobre diversos temas tanto de interese propio coma propostos dentro do grupo aula.
- Desenvolve estratexias para a busca de información e formación tanto bibliográfica coma na rede sobre temas presentados na aula das materias de Ciencias Sociais e Ciencias Naturais.
- Selecciona textos adecuados á súa capacidade conseguindo sacar conclusións e aprendizaxes concretos sobre diferentes temas das ciencias.
- Mostra interese e consegue transmitir aprendizaxes sobre as ciencias tanto oralmente coma por escrito destacando aspectos fundamentais dos diferentes temas a tratar.
- Emprega diversos recursos para acadar a información precisa sobre as diferentes cuestións propostas en relación ás ciencias: táboas de datos, gráficos, mapas, artigos de prensa, páxinas de internet, bibliografía, videografía, etc.

**EDUCACIÓN ARTÍSTICA.**

- Mostra interese en expresar artisticamente sentimentos, ideas, sensacións, e diferentes elementos do seu mundo habitual.
- Emprega diferentes recursos para a expresión artística experimentando diferentes propostas para lograr unha obra que lle satisfaga artisticamente.
- Mantén o interese persistindo na tarefa buscando o mellor resultado das propostas de traballo individuais e colectivos.
- Analiza construtivamente as realizacións propias e alleas dos traballos plásticos aportando ideas e solucións creativas para a mellora das realizacións.

**PROXECTO COMPETENCIAL.**

- Implícase e esfórzase en mellorar o traballo colaborativo, aportando ideas, con actitude de respecto ás propostas dos demais e ofrecendo as axudas precisas.
- Desenvolve estratexias de busca e tratamento da información para a resolución das actividades propostas na aula.
- Mostra unha actitude pro-activa ante as diferentes propostas de traballo.
- Esfórzase e regula o comportamento para lograr unha resolución de conflitos de xeito construtivo.

**LINGUA INGLESA**

Os mínimos esixidos para promocionar serán os seguintes:

**1º**

- Comprende a información esencial de contos, rimas ou cancións moi breves e sinxelos.
- Comprende vocabulario moi elemental sobre temas familiares.
- Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar máis básica.
- Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos.
- Reproduce comprensiblemente cancións e rimas moi sinxelas e breves.
- Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
- Comprende a idea principal dunha historia moi elemental.
- Comprende e usa adecuadamente vocabulario básico.
- Coñece algúns aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.

**2º**

- Comprende a información esencial de contos, rimas ou cancións moi breves e sinxelos.
- Comprende vocabulario básico sobre temas familiares.
- Comprende preguntas básicas sobre si mesmo/a e e dos demais.
- Segue instrucións e comprende peticións relativas á vida escolar e da súa contorna.
- Participa en interaccións orais moi dirixidas sobre temas coñecidos.
- Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves.
- Comprende palabras e frases simples en textos moi sinxelos relacionadas cos temas traballados.
- Comprende a idea principal dunha historia sinxela.
- Escribe palabras e frases sinxelas a partir de modelos e cunha finalidade específica.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario.
- Coñece algúns aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.

**3º**

- Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.
- Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas.
- Recoñece o léxico principal, identificando palabras e frases esenciais.
- Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos.
- Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves.
- Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Comprende a idea principal dunha historia sinxela.
- Escribe frases sinxelas traballadas previamente de forma oral.
- Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos e escribir con léxico traballado de forma oral.
- Coñece algúns aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.

**4º**

- Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.

- Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais sobre temas familiares ou do seu interese.
- Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos.
- Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás.
- Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves.
- Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.
- Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.
- Le textos sinxelos e comprende a idea principal.
- Escribe frases sinxelas traballadas previamente de forma oral.
- Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos.
- Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

**5º**

- Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade.
- Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais sobre temas do seu interese.
- Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación sobre temas do seu interese, cunha pronuncia e entoación comprensibles.
- Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.
- Produce textos orais propios, sinxelos e breves.
- Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais.
- Comprende información básica escrita, relacionada cos temas traballados previamente de forma oral.
- Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo adaptado á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.
- Elabora textos escritos sinxelos, relacionados con temas da súa vida cotiá, traballados previamente de forma oral.
- Escribe textos sinxelos con léxico relacionado co tema da escritura.

- Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.

**6º**

- Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa.
- Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese.
- Comprende mensaxes que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información sinxela.
- Fai presentacións breves e sinxelas sobre temas cotiás ou do seu interese usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.
- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo.
- Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas.
- Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente.
- Elabora textos escritos sinxelos con léxico relacionado co tema de escritura.
- Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos en diferentes contextos comunicativos.

## EDUCACIÓN FÍSICA

**E. INFANTIL**

- Participar en xogos, mostrando habilidades motrices cada vez máis axustadas.
- Participar en xogos aceptando as normas que os rexen.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.
- Coordinar e controlar o seu corpo e as súas posibilidades motrices.

**1º EP**

- Disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
- Participa activamente nas actividades propostas.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.

- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
- Coñece e identifica as partes do corpo propias.
- Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
- Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
- Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
- Equilibrar o corpo en distintas posturas sinxelas.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
- Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
- Realiza pasos de bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
- Intenta cumprir as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía
- Hábitos alimentarios saudables
- Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
- Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
- Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.
- Respecta as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
- Practica xogos libres e xogos organizados.
- Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Realiza actividades no medio natural.
- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

**2º EP**

- Disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
- Participa activamente nas actividades propostas.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.

- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
- Coñece e identifica as partes do corpo propias.
- Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
- Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
- Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación eboa orientación espacial.
- Equilibrar o corpo en distintas posturas sinxelas.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
- Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
- Realiza pasos de bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
- Intenta cumprir as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía
- Hábitos alimentarios saudables
- Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
- Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
- Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.
- Respecta as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.
- Practica xogos libres e xogos organizados.
- Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Realiza actividades no medio natural.
- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.

**3º EP**

- Disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
- Participa activamente nas actividades propostas.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.

- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
- Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
- Equilibra o corpo en distintas posturas sinxelas.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
- Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
- Realiza pasos de bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
- Intenta cumprir as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía, adoitando hábitos posturais adecuados.
- Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
- Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
- Iníciase no uso de tácticas básicas dos xogos.
- Aprende a propoñer e a respectar as regras de xogo, en situación de cooperación e oposición.
- Diferencia entre as situación de cooperación e as de oposición.
- Practica xogos libres e xogos organizados.
- Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Realiza actividades no medio natural respectando o mesmo.
- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.
- Entende e practica: Quecemento, flexibilidade, resistencia, velocidade.

**4º EP**

- Disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
- Participa activamente nas actividades propostas.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.

- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
- Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
- Equilibra o corpo en distintas posturas sinxelas.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
- Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
- Realiza pasos de bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas.
- Intenta cumprir as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía, adoitando hábitos posturais adecuados.
- Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
- Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
- Iníciase no uso de tácticas básicas dos xogos.
- Aprende a propoñer e a respectar as regras de xogo, en situación de cooperación e oposición.
- Diferencia entre as situación de cooperación e as de oposición.
- Practica xogos libres e xogos organizados.
- Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Realiza actividades no medio natural respectando o mesmo.
- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.
- Entende e practica: Quecemento, flexibilidade, resistencia, velocidade.

**5º EP**

- Disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.
- Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
- Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.
- Participa activamente nas actividades propostas.
- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.
- Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
- Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.

- Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio.
- Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.
- Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.
- Equilibra o corpo en distintas posturas sinxelas.
- Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
- Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela.
- Elabora coreografías grupais sinxelas.
- Cumpre as normas básicas de coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía, adoptando hábitos posturais adecuados.
- Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria.
- Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
- Iníciase no uso de tácticas básicas dos xogos.
- Aprende a propoñer e a respectar as regras de xogo, en situación de cooperación e oposición.
- Diferencia entre as situación de cooperación e as de oposición.
- Practica xogos libres e xogos organizados.
- Recoñece xogos tradicionais de Galicia.
- Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.
- Realiza actividades no medio natural respectando o mesmo.
- Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.
- Entende e practica: Quecemento, flexibilidade, resistencia, velocidade.

**6º EP**

- Coñecer as capacidades físicas básicas e a súa relación coa saúde e calidade de vida: forza, flexibilidade, resistencia e velocidade.
- Acadar un bo nivel nas habilidades motrices básicas: saltos, desprazamentos, lanzamentos, recepcións e bote.
- Coñecer medidas básicas de hixiene corporal e postural.
- Utilizar o corpo e o movemento para expresar sensacións, mensaxes e estados de ánimo.
- Realizar diferentes actividades de iniciación deportiva básicas con destreza.
- Mellorar a capacidade de equilibrio e coordinación en situación cotiás.

- Respectar aos compañeiros e compañeiras, coidar o material utilizado nas clases de educación física e as súas instalacións.

**RELIXIÓN CATÓLICA**

**4º EDUCACIÓN INFANTIL**

-Explora o mundo relixioso.

-Coñece oracións e prácticas relixiosas.

-Descobre, recoñece e respecta crenzas e valores do cristianismo de doutras relixións.

**5º EDUCACIÓN INFANTIL**

-Expresa e describe crenzas e valores cristiáns.

-Distingue as actitudes cristiáns.

-Recoñece e respecta valores doutras relixións.

**6º EDUCACIÓN INFANTIL**

-Coñece valores cristiáns e recoñece actitudes que fomentan o respecto, perdón…

-Explora o mundo relixioso en manifestacións culturais e é quen de desenvolver a súa capacidade artística

1º E P

-Descubrir que Deus é Pai e cóidanos.

-Apreciar o amor de Deus pola Creación e polo home .

-Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus.

2º E P

-Coñecer a figura de María como nai de Xesús.

-Coñecer o relato do Nacemento de Xesús.

-Identificar o sacramento do Bautismo.

3º de E P

-Comprender a importancia de Moisés par o pobo de Israel.

-Valorar a misión da Igrexa como continuadora da misión de Xesús.

-Identificar o Nosopai como a oración dos cristiáns.

4º E P

- Coñecer a figura do rei David.

-Comprender algunha parábola do perdón.

-Identificar o sacramento da Reconciliación e a Eucaristía.

5º E P

-Coñecer a estrutura da Biblia.

-Descubrir a importancia dos Mandamentos .

-Valorar a Resurrección de Xesús.

6º E P

-Valorar a plenitude vital e espiritual aportada pola relación con Deus.

-Recoñecer aos discípulos como continuadores da misión de Xesús.

-Identificar os sacramentos: Orden e Matrimonio

**MÚSICA E DANZA**

EDUCACIÓN INFANTIL

4º de Educación Infantil

- Mostra interese polo fenómeno musical.
- Acompaña a música que escoita con percusión corporal.
- Segue o pulso de diferentes músicas.
- Diferencia polo menos dous parámetros sonoros.

5º de Educación Infantil

- Exprésase a través de música que escoita.
- Diferencia polo menos tres parámetros sonoros.
- Segue diferentes esquemas rítmicos co corpo.
- Canta cancións de temática diversa.

6º de Educación Infantil

- Participa activamente nos xogos e cancións musicais.
- Interpreta pequenos ritmos con percusión.
- Canta as cancións seguindo a liña melódica.
- Diferencia auditivamente os catro parámetros sonoros.

1º EP

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.

- Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
- Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
- Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
- Identifica voces masculinas e femininas.
- Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións
- Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.
- Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónaas coas súas obras.
- Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
- Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
- Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
- Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
- Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
- Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
- Repite esquemas rítmicos escoitados.
- Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.
- Realiza pequenas improvisacións melódicas sobre algunha base dada.
- Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
- Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
- Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
- Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.
- Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.
- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

<u>2º EP</u>

- Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
- Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.

- Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
- Coñece as figuras de compositor/ora, director/ora de orquestra, instrumentista e público, así como as súas funcións, respectando e valorando os seus respectivos traballos.
- Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
- Fai de xeito consciente o proceso da respiración.
- Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
- Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
- Identifica a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos
- Le e crea pequenos esquemas rítmico-melódicos con brancas, negras e silencio de negra, engadindo a clave de sol.
- Elixe e combina ostinatos rítmicos e efectos sonoros para o acompañamento de recitacións, cancións e pezas instrumentais, con identificación da súa grafía.
- Elixe e combina sons vocais, obxectos e instrumentos para a sonorización de situacións, relatos breves e imaxes, con identificación da súa grafía.
- Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
- Responde co seu corpo a estímulos sonoros.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

<u>3º EP.</u>

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.

- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.
- Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.
- Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
- Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.

4º EP

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Identifica e valora as manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
- Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
- Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.
- Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.
- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela e representa graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Utiliza aplicacións informáticas para representar ou realizar tarefas de análise e produción musical.
- Coñece e utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e manexados.

- Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Emprega instrumentos materiais, dispositivos electrónicos e recursos informáticos para crear pezas musicais sinxelas para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
- Recoñece danzas de diferentes lugares e culturas, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

<u>5º EP</u>

- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Respecta as opinións dos compañeiros e das compañeiras.
- Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
- Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.
- Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.
- Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.
- Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.
- Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.
- Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical.
- Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
- Coñece, entende e respecta as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.
- Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.
- Identifica e describe variacións e contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.
- Identifica, clasifica e completa os compases traballados.
- Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.
- Procura e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.
- Planifica o traballo respectando as ideas e as contribucións das demais persoas.
- Expón a información de maneira clara, limpa e ordenada, en varios soportes.
- Procura información, organízaa e preséntaa sobre a música e os instrumentos doutras culturas.

- Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.
- Identifica as partes dunha peza musical sinxela, e representa graficamente a súa estrutura.
- Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.
- Identifica as manifestacións artísticas propias de Galicia.
- Expón a información recollida de xeito ordenado, e achega evidencias do traballo realizado.
- Coñece e utiliza a linguaxe musical tratada para a interpretación de obras.
- Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.
- Crea e representa mediante grafías convencionais e non convencionais os sons dunha obra musical sinxela, creada, individualmente ou en grupos no contexto da aula.
- Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos ou manexados.
- Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.
- Realiza acompañamentos sinxelos de cancións e melodías relacionadas coa propia cultura.
- Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos e informáticos para crear acompañamentos.
- Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.
- Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

<u>6º EP</u>

- Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso
- Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.
- Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízaas como marco de referencia para as creacións propias.
- Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
- Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras musicais.
- Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas.
- Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.
- Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.

- Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento
- Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural.
- Amosa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo.
- Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.
- Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
- Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
- Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes.
- Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.

**CRITERIOS DE PROMOCIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA.**

Ao finalizar os curso segundo, cuarto e sexto e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A promoción no resto dos cursos da etapa será automática. O alumnado que consiga a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara no curso anterior.

Cando un alumno ou alumna non promocione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso considérase esta medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, axeitadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis axeitada para favorecer o seu desenvolvemento. Neste caso po equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida acadar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

A decisión de permanencia nun mesmo curso so se poderá adoptar unha vez durante a etapa, oídas as nais, pais, ou persoas titoras legais.

## 6. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

A adscrición do profesorado de Educación Infantil e Educación Primaria foi realizada polo Director do Centro a proposta da Xefa de Estudios e oído o Claustro, respectando o dereito de cada grupo de alumnos/as a manter o mesmo titor durante dous cursos, na educación primaria, este dereito enténdese referido a: 1º e 2º curso, 3º e 4º curso, e 5º e 6 curso e mantendo o criterio á hora de escoller curso de maior antigüidade no Centro.

CLAUSTRO DE PROFESORADO

| EDUCACIÓN INFANTIL | |
|---|---|
| **3 anos A** | Mª Carmen Busto Bouzas |
| **3 anos B** | Mercedes Blanco Gerpe |
| **4 anos A** | Melisa Rial Nieto |
| **4 anos B** | Celia Viña Molinos |
| **5 anos A** | Victoria Tuñas Tomé |
| **5 anos B** | Aurora Baña Fuentes |
| **Apoio Grupos A** | Mª Carmen Mourelle Castro |
| **Apoio Grupos B** | Sandra Fraga Leis |

| EDUCACIÓN PRIMARIA | |
|---|---|
| **1º A** | Adrián Sueiro Miguéns |
| **1º B** | Mª Josefa Maroño Outeiro |
| **2º A** | Ana Mª Míguez Mato |
| **2º B** | Amaya Ramos Arribi |
| **3º A** | Isabel Barrientos Romero |
| **3º B** | Mª Carmen García Espasandín |
| **3º C** | Leticia Teijido Insua |
| **4º A** | Mª José Lois Ortiz |
| **4º B** | Mª Purificación Santamaría Quiroga |
| **5º A** | Dolores Pérez Cancela |
| **5º B** | Fernando Pintos Recarey |

| | |
|---|---|
| **5º C** | Sara Castro Quintáns |
| **6º A** | Milena Recarey Rama |
| **6º B** | Mª Dolores Gerpe Castro |

| ESPECIALISTAS | |
|---|---|
| **Educación Física 1** | César Ramos |
| **Educación Física 2** | Denís Castro |
| **Inglés 1** | Carmen Espansandín Vilariño |
| **Inglés 2** | Sonia Mª Rodríguez García |
| **Inglés 3** | Noela Romero Alonso |
| **Auxiliar de conversa** | Olivia Ellenwood |
| **Música** | Olaia Novo Pérez |
| **Educación especial PT 1** | María de la Paz Pérez Gorgal |
| **Educación especial PT 2** | Catalina Pena Mallón |
| **Educación especial AL 1** | Borja Boado López |
| **Educación especial AL 2** | Rebeca López Calvelo |
| **Orientadora** | Sara Deive Pérez |
| **Relixión** | Mª Carmen Costa Boubeta |
| **Mentor rede DIXITALGAL** | Bienvenido Suárez Suárez |
| **PROA + (PT)** | Inés Pais Freire |
| **PROA + (AL)** | Daniel Pérez Vázquez |

| EQUIPO DIRECTIVO | |
|---|---|
| **DIRECTOR** | César Ramos Domínguez |
| **XEFA DE ESTUDOS** | Sonia María Rodríguez García |
| **SECRETARIO** | Denís Castro García |

## 7. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

**CONSELLO ESCOLAR**

Órgano a través do que participan na súa xestión os distintos sectores da comunidade escolar. A composición actual na data de redacción deste documento é a seguinte:

Presidente: César Ramos Domínguez

Secretario: Denís Castro García

Xefa de Estudos: Sonia María Rodríguez García

Representantes do profesorado

- Mª Isabel Barrientos Romero
- María José Lois Ortiz.
- Carmen Espasandín Vilariño
- Sandra Fraga Leis
- Mª Carmen García Espasandí

Representantes das familias

- Luciana Triáns Borges (AMPA).
- Xoán Ramón Alvite Alvite
- Susana Pazos Rieiro
- Sonia Solís Calo
- Soraya Otero Fariña

Representante do persoal de administración e servizos

Actualmente vacante debido á xubilación da anterior representante.

Representante do concello

Patricia Val Antelo

Reunións

Realizarase de forma obrigatoria unha de forma trimestral e todas as necesarias ao longo do curso.

As competencias están recollidas no artigo 127 da LOMLOE (LEI Orgánica3/2020) e reguladas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria ( DOG do 21 de outubro de 1996). Este curso, do mesmo xeito que os anteriores, as reunións celebraranse telemáticas ou presenciais

**CLAUSTRO DE PROFESORES**

As competencias están recollidas tanto no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro de 1996) como no artigo 129 da LOMLOE (LEI Orgánica3/2020).

Faranse reunións presenciais e/ou telemáticas dependendo da situación.

**INFORMACIÓN ÁS NAIS/PAIS**

Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro e Abalar. Nas reunións de titoría serán fundamentalmente presenciais. As convocatorias enviaranse polo espazo abalar así como os boletíns individuais de cualificacións de cada avaliación, enviaranse tamén por escrito.

**COORDINACIÓN DOCENTE**

| COORDINADORES/AS DE CICLO E EQUIPO | |
|---|---|
| **Ciclo infantil** | Celia Viña Molinos |
| **1º Ciclo** | Adrián Sueiro Miguéns |
| **2º Ciclo** | Leticia Teijido Insua |
| **3º Ciclo** | Fernando Pintos Recarey |
| **Biblioteca escolar** | María Purificación Santamaría Quiroga |
| **Dinamización da lingua galega** | Melisa Rial Nieto |
| **Dinamización da Convivencia escolar** | Sara Deive Pérez |
| **Benestar Emocional** | Sara Deive Pérez |
| **Polos creativos** | Borja Boado López |
| **Plan Dixital** | Borja Boado López |
| **E-Dixgal** | Sara Castro Quintáns |
| **Equipo Tic** | Milena Recarey Rama |
| **Actividades Complementarias e Extraescolares** | Sonia Mª Rodríguez |
| **Seccións Bilingües** | Carmen Espansandín |

| | |
|---|---|
| **Equipo Plurilingüe** | Sonia Mª Rodríguez García |
| **Equipo Proxecto Deportivo De Centro** | César Ramos Domínguez |

EQUIPOS DE NIVEL DE 1º A 6º.

Reunións: todos os cuartos luns de mes ás 13:15 horas. Cantas outras sexan necesarias.

Competencias. Reguladas no Decreto 379/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro de 1996).

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

| COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA | |
|---|---|
| **Director** | César Ramos Domínguez |
| **Xefa de estudios** | Sonia María Rodríguez García |
| **Educación infantil** | Celia Viñas Molino |
| **Coordinador 1º Ciclo** | Adrián Sueiro Miguéns |
| **Coordinadora 2º Ciclo** | Leticia Teijido Insua |
| **Coordinador 3º Ciclo** | Fernando Pintos Recarey |
| **Coordinadora de Biblioteca escolar** | María Purificación Santamaría Quiroga |
| **Dinamización da lingua galega** | Melisa Rial Nieto |
| **Orientadora** | Sara Deive Pérez |
| **Profesorado de PT e AL** | Mª de la Paz Pérez Gorgal, Catalina Pena Mallón, Borja Boado López |
| **Profesorado de PROA+** | Inés Pais Freire, Daniel Pérez Váquez |

Reunións:

Todos os primeiros luns de mes ás 13:15 horas.

Cantas outras se consideren necesarias.

As competencias están reguladas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro de 1996).

| EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA | |
|---|---|
| **Profesorado de AL** | Borja Boado López |
| **Titora 1º EP B** | María Josefa Maroño Outeiro |
| **Coordinadora 2º Ciclo** | Leticia Tejido Insua |
| **Orientadora** | Sara Deive Pérez |
| **Coordinadora** | Melisa Rial Nieto |
| **Coordinadora EI** | Celia Viña Molinos |

Obxectivos xerais: Decreto 374/1996 do 17 de outubro (DOG do 21 de outubro de 1996.)

Plano de actuación:

- Facer un seguimento do cumprimento da Lei de Normalización no Centro.
- Colaborar na organización do plan de actividades para o fomento e o uso do galego.
- Promover o plan de uso e fomento do galego.

Reunións:

- Todos os segundos luns de mes, ás 13:15 horas.
- Cantas outras sexan necesarias.

| EQUIPO DE BIBLIOTECA | |
|---|---|
| **Titora 4º EI B** | Blanco Gerpe, Mercedes |
| **Titora 4º EI A** | Busto Bouzas, Maria Carmen |
| **Mestre de E.F.** | Castro García, Denis |
| **Mestra de Relixión** | Costa Boubeta, Maria Carmen |
| **Titora 4º EP A** | Lois Ortiz, María José |
| **Titora 1º EP B** | Maroño Outeiro, María Josefa |
| **Apoio EI** | Mourelle Castro, María Carmen |
| **Titora 5º EP A** | Pérez Cancela, María Dolores |
| **Mestra Pedagoxía Terapéutica** | Pérez Gorgal, María de la Paz |
| **Titor 5º EP B** | Pintos Recarey, R. Fernando |

| | |
|---|---|
| **Coordinadora** | Santamaría Quiroga, María Purificación |
| **Titora 6º EI A** | Tuñas Tomé, Victoria |

Seguiranse as Instrucións do 8 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2021-22.

- Reunións:

Todos os terceiros luns de cada mes. Cantas outras sexan necesarias.

| EQUIPO TICS | |
|---|---|
| **Titora 3º EP A** | Barrientos Romero, María Isabel |
| **Titora 5º EP C** | Castro Quintáns, Sara |
| **Mestra Lingua Estranxeira Inglés** | Espasandín Vilariño, Carmen |
| **Apoio EI** | Fraga Leis, Sandra |
| **Titora 3º EP B** | García Espasandín, María del Carmen |
| **Mestre de E.F.** | Ramos Domínguez, César |
| **Coordindaora** | Recarey Rama, Milena |
| **Mestre Lingua Estranxeira Inglés** | Romero Alonso, Noelia Concepción |

Reunións:

- Todos os segundos luns de mes, ás 13:15 horas. Cantas outras sexan necesarias

| EQUIPO POLOS CREATIVOS | |
|---|---|
| **Coordinador** | Borja Boado López |
| **Mestre E.F.** | Denís Castro García |
| **Titora 5º EP C** | Sara Castro Quintáns |
| **Mestra P.T.** | Catalina Pena Mallón |
| **Mestre E.F.** | César Ramos Domínguez |
| **Mestra 6º EP A** | Milena Recarey Rama |
| **Titora 5º EI A** | Melisa Rial Nieto |
| **Titora 1º EP A** | Adrián Sueiro Miguéns |
| **Titora 3º EP C** | Leticia Teijido Ínsua |
| **Mentor ADIX** | Bienvenido Suárez Suárez |
| **Titora 5º EI B** | Celia Viña Molinos |

| EQUIPO DE CONVIVENCIA | |
|---|---|
| **Mestre de Música** | Álvarez Vázquez, Javier |
| **Mestre de A.L.** | Boado López, Borja |
| **Coordinadora** | Deive Pérez, Sara |
| **Titora 2º EP A** | Míguez Mato, Ana María |
| **Mestra de P.T.** | Pena Mallón, Catalina |
| **Mestra de P.T.** | Pérez Gorgal, María de la Paz |
| **Mestre de E.F.** | Ramos Domínguez, César |

| EQUIPO DO PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA DO PLAN PROXECTA + | |
|---|---|
| **Coordinador** | César Ramos Domínguez (coordinador) |
| **Titora 3º EP A** | Barrientos Romero, María Isabel |
| **Titora 4º EI B** | Blanco Gerpe, Mercedes |
| **Mestre de A.L.** | Boado López, Borja |
| **Titora 4º EI A** | Busto Bouzas, María Carmen |
| **Mestre E.F.** | Castro García, Denís |
| **Orientadora** | Deive Pérez, Sara |
| **Mestra Linga Estranxeira Inglés** | Espasandín Vilariño, Carmen |
| **Apoio EI** | Fraga Leis, Sandra |
| **Titora 3º EP B** | García Espasandín, María del Carmen |
| **Titora 1º EP B** | Maroño Outeiro, María Josefa |
| **Titora 5º EP A** | Pérez Cancela, María Dolores |
| **Mestra Linga Estranxeira Inglés** | Rodríguez García, Sonia María |
| **Titora 3º EPC** | Teijido Insua, Leticia |
| **Titora 6º EP B** | Gerpe Castro, María Dolores |

Reunións. Aquelas necesarias.

| PLAN DIXITAL | |
|---|---|
| **Coordinador** | Borja Boado López |
| **Mestre E.F.** | Denís Castro García. |
| **Titora 5º EP C** | Sara Castro Quintáns. |
| **Mestra P.T.** | Catalina Pena Mallón. |

| | |
|---|---|
| **Mestre E.F.** | César Ramos Domínguez. |
| **Titora 6º EP A** | Milena Recarey Rama. |
| **Titora 5º EI A** | Melisa Rial Nieto. |
| **Titor 1º EP A** | Adrián Sueiro Miguéns. |
| **Titora 3º EP C** | Leticia Teijido Ínsua. |
| **Titora 5º EI B** | Celia Viña Molinos. |

## 8. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O desenvolvemento dun proxecto en común para o equipo directivo supón a toma de decisións conxuntas sopesando os pros e os contras das diferentes situacións.

Nos períodos de traballo dedicados aos específicos do cargo empregaranse para reunións do equipo directivo, así como para a asunción de tarefas específicas de cada un dos membros do mesmo.

Tentarase fomentar a comunicación entre tódolos membros da comunidade educativa, ofrecendo a máxima información a través de todas as canles ao alcance (comunicacións orais, escritas, a través das novas tecnoloxías...)

Buscarase a maior participación de cada un dos membros do equipo directivo nas diferentes reunións de tódolos órganos de goberno.

Tentarase favorecer un clima de traballo cómodo onde a colaboración e a aportación de ideas nos permitan medrar na adquisicións de coñecementos, valores, estratexias de aprendizaxe,... Cada unha das opinións conta. Velar pola convivencia no centro e polo cumprimento das nosas obrigas sempre en beneficio do bo desenvolvemento do curso escolar.

## 9. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza/taxonomy/term/84

A ATENCIÓN AS NAIS/PAIS /PERSOAS TITORAS LEGAIS

A hora de atención as nais/pais, persoas titoras dos alumnos do centro será por regra xeral todos os xoves de 13:15 a 14:15, previa cita. Flexibilizarase para facilitar a información ás familias .

HORARIO NON LECTIVO DO PROFESORADO E DE PERMANENCIA NO CENTRO

Para garantir a asistencia de todo o profesorado as reunións de equipos permanecerase no centro ao mediodía, todos os luns, e demais días necesarios. O resto de horas de permanencia xustificaranse con (reunións de órganos colexiados, actividades extraescolares, seminarios, grupos de traballo ...). Cando unha reunión dalgún órgano colexiado coincida en día non lectivo (festivo, vacacións, ...), farase o seguinte día lectivo que acorden os membros do mesmo.

HORARIO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O horario que se especifica a continuación é orientativo, sendo a flexibilidade a súa principal característica.

| MAÑÁ | TARDE |
|---|---|
| ENTRADA | ENTRADA |
| LINGUAXE ORAL | HORA DE LER. |
| TRABALLO NO GRUPO | PLÁSTICA/PINTURA/XOGOS DIRIXIDOS |
| LÓXICA MATEMÁTICA | XOGO LIBRE |
| RECREO-MERENDA | SAÍDA |
| PSICOMOTRICIDADE | |
| SAÍDA | |

O horario compleméntase e inclúe as seguintes sesións semanais en cada grupo, impartidas polo profesorado especialistas de inglés, psicomotricidade, música e relixión e que corresponden a:

- **INGLÉS**: Sonia María Rodríguez García
- **RELIXIÓN**: María Carmen Costa Boubeta
- **MÚSICA**: Javier Álvarez Vázquez
- **PSICOMOTRICIDADE**: María Carmen Mourelle Castro e Sandra Fraga Leis

Ademais, este curso, coma en cursos anteriores, cóntase con dúas mestras de apoio para Ed. Infantil.

DÍAS NON LECTIVOS

A proposta do claustro e aprobado polo Consello Escolar proponse como días non lectivos para o curso 2023-2024. (Neste curso escolar todos os centros educativos do concello de Santa Comba acordamos solicitar os mesmos día para a mellor conciliación da vida familiar das nais/pais e persoas titoras legais):

- 13 de outubro de 2023.
- 20 de maio de 2024.

## 10. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

As reunións establecidas para os órganos de goberno son como mínimo unha por trimestre, convocándose todas as necesarias.

As competencias dos mesmos reguladas no Decreto 374/1996 do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de Educación Primaria (DOG do 21 de outubro de 1996).

## 11. PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- Comisión de Coordinación Pedagóxica: todos os primeiros luns de mes ás 13:15 e cantas outras foren necesarias.
- Equipo de dinamización da lingua galega e equipo TIC: todos os segundos luns de mes ás 13:15 e cantas outras foren necesarias.
- Equipo de biblioteca: todos os terceiros luns de mes ás 13:15 e cantas outras foren necesarias.
- Coordinación docente: todos os cuartos luns de mes ás 13:15 e cantas outras foren necesarias.
- Equipo de convivencia: cantas foren necesarias
- Equipo proxecto vida activa e deportiva: cantas foren necesarias
- Equipo de sección bilingües : todos os mércores de 12:35 a 13:15
- Equipo de plurilingüismo: todos os martes de 11.35 a 12.25
- Departamento de orientación: todos os xoves de 11:30 a 12:35
- Equipo de actividades extraescolares : cantas outras foren necesarias.

## 12. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Participa o centro en dúas seccións bilinguës na área de Ciencias Naturais para os cursos de 6º A e 6º B impartidas pola mestra Leticia Teijido Insua. A coordinadora das seccións é a mestra Carmen Espasandín Vilariño. A auxiliar de conversa Olivia Ellenwood incorporouse ao centro no primeiro trimestre.

Plurilingüismo . Plástica en 1º, 2º e 3º, 4º e 5º de Educación Primaria impartido polas mestras Leticia Teijido Ínsua, Mª José Lois, Isabel Barrientos e Dolores Pérez . A coordinadora é Sonia Mª Rodríguez.

Plan Proxecta: modalidade " Proxecto de vida activa e deportiva". O coordinador é César Ramos Domínguez.

Participación nos contratos-programa :

- CP Innova ( Edu Innova, Edu saúde, Edu Sostibilidade, Edu calidade ).
- CP Inclúe ( Quéda-T, Iguála-T, Convive-T, Inclúe-T, Emocióna-T)
- Recupéra-T ( Proa+)

Participación no programa de uso e fomento do galego.

Proxecto E-DIXGAL en 5º e 6º de EP

PFPPS : Plotter e Pizarras Dixitais Interactivas.

Plambe

Polos Creativos

Digital Week

Spring Week

Todos aqueles que se nos oferten e nos resulten de interese ao longo do curso.

## 13. PLAN DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

### 1. MEMBROS DO EDLG

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza está formado polos seguintes membros:

| MEMBROS | |
|---|---|
| **Borja Boado López** | Audición e Linguaxe |

| | |
|---|---|
| **Sara Deive Pérez** | Xefa do Departamento de Orientación |
| **María Josefa Maroño Outeiro** | Mestra de Educación Primaria |
| **Melisa Rial Nieto** | Mestra de Educación Infantil/ Coord. do equipo |
| **Leticia Tejido Insua** | Mestra de Educación Primaria |
| **Celia Viña Molinos** | Mestra de Educación Infantil |

As **reunións de departamento** realizaranse todos os **segundos luns de cada mes** ás **13.20 h.** na **aula de Polos Creativos** (de estar ocupada elixirase outra aula valeira) sempre que o calendario escolar o permita. No caso de coincidir con algún día non lectivo poderán sufrir un cambio de data previo consenso que será notificado por correo electrónico e/ou a través do medio de comunicación que decidamos utilizar entre todos/as.

Continuando co traballo dos cursos anteriores, os membros do Equipo de Dinamización da Lingua Galega traballaremos en coordinación co Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar do centro, co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, co Equipo de Dinamización das TIC, co Proxecto de Vida Activa e Saudable e coa Comisión de Convivencia nun **proxecto** que se caracteriza por ser **dinámico**, **aberto** e **flexible**. Estes últimos anos, previa petición do equipo docente e consensuado en claustro, moitas das actividades propostas serán realizadas nos grupos-clase, en lugar de facerse a nivel de centro por mor da grande carga de actividades que comunican as titorías. Neste senso, a web do centro e o blogue do equipo cobrarán especial relevancia, potenciando así as ferramentas tecnolóxicas para comunicar a toda a comunidade as actividades propostas.

Ademais, unha nova área continua crecendo neste centro: POLOS CREATIVOS. Neste espazo, aberto á toda a comunidade, promoverase o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas ofertando actividades formativas para diversos colectivos. Estes centros de actividades enfocaranse á aprendizaxe conxunta, colaborativa e comunitaria e albergará prácticas de investigación e experimentación. Terán unha visión ampla e integral do coñecemento e dos retos tecnolóxicos e dixitais en todos os campos do saber (humanidades, arte, ciencias sociais e naturais, artesanía, etc). Polo tanto o EDLG non quedará á marxe de todo isto.

Con todo isto, o equipo promoverá ao longo do curso, e dentro das súas posibilidades, actividades que busquen o emprego e mellora do uso da lingua galega, tendo como foco tanto ao alumnado e profesorado como a toda a comunidade educativa.

## 2. ANÁLISE DA REALIDADE SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

### 2.1 O CENTRO

O CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza está situado en Santa Comba, un concello pertencente á comarca do

Xallas formada por 17 parroquias. Acolle a un total de 409 alumnos/as 105 en Educación Infantil e 304 en Educación Primaria). A lingua empregada maioritariamente é o galego aínda que non estea normalizada.
O concello conta cunha parte minoritaria de galegos que empregan o castelán na súa vida cotiá así como os inmigrantes procedentes doutros países (Marrocos, Sudamérica...), e doutras comunidades autónomas que descoñecen o galego.

**2.2. O PROFESORADO**

O profesorado deste centro ten unha boa competencia lingüística nas dúas linguas cooficiais de Galicia, polo tanto o nivel de capacitación para empregar o galego na actividade docente é alto. En xeral, todos os docentes presentan actitudes favorables cara a utilización da lingua galega na actividade docente e tamén na súa vida cotiá.

**2.3 O ALUMNADO**

Con respecto ao alumnado, aínda estando permanentemente en contacto co castelán, ten competencia lingüística en galego con importante orixe no entorno familiar, especialmente a nivel oral. Polo tanto podemos afirmar que a lingua materna predominante entre o alumnado do noso centro é o galego, coas excepcións do cada vez máis incipiente alumnado procedente doutros países e continentes ou doutras Comunidades Autónomas.

**2.4 SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

No centro existe unha presenza practicamente total da lingua galega na documentación administrativa, no rotulado do centro, nas notas informativas dos taboleiros, etc. Con excepcións, toda a comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente...) fala galego nas comunicacións orais e escritas. A páxina web e os blogues do centro están escritos integramente en galego. Estamos polo tanto fronte a un ámbito no que o galego é utilizado pola meirande parte da comunidade educativa e a súa contorna.

**3. OBXECTIVOS**

O principal obxectivo que persegue este proxecto é a normalización da lingua galega nun contexto no que o noso idioma xa é empregado pola case totalidade da comunidade educativa; espertar na comunidade sentimentos de valoración e respecto pola lingua galega así coma pola nosa cultura.
Ademais deste obxectivo principal, preténdense acadar os seguintes obxectivos:
• Garantir os dereitos lingüísticos dos galego falantes no seo da nosa comunidade educativa.
• Conseguir romper a idea de que o idioma galego e a cultura galega están irremediablemente
unidas ao pasado e ao mundo rural.
• Fomentar entre os pais e as nais do noso alumnado o uso do galego cos seus fillos/as valorando o seu papel como transmisores fundamentais da lingua.

• Potenciar e fomentar o uso da lingua galega como lingua oficial do centro, tanto oral como escrita, e en todos os ámbitos.

• Mellorar as destrezas e competencias lingüísticas do alumnado e do profesorado e que este maior dominio repercuta de forma efectiva no uso habitual da lingua.

• Potenciar as actividades artísticas en lingua galega.

• Coñecer o patrimonio cultural material e inmaterial e participar das festas tradicionais celebradas na escola e na contorna.

• Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.

• Promover relacións en galego coas entidades, colectivos e administracións da contorna que teñan incidencia na comunidade educativa.

• Fomentar e facilitar a integración sociolingüística escolar do alumnado estranxeiro e doutras comunidades autónomas.

• Difundir a música galega entre o alumnado.

• Valorar positivamente o galego sen discriminacións.

## 4. ACTIVIDADES CURSO 23|24

O resumo de efemérides, tarefas e/ou actividades das que se encargará o EDLG este curso son as seguintes:

### 4.1. ACTIVIDADES ANUAIS

• Carteis explicativos que se exporán na web, informando sobre as actividades propostas.

• Colaboración co Equipo de TIC publicación na páxina web do centro das distintas actividades que levarán a cabo, así como as imaxes tomadas durante o desenvolvemento das mesmas.

• Colaboración co Equipo de Biblioteca para a adquisición das novidades literarias en lingua galega e elaborar actividades transversais e interdisciplinares suxeitas ao PLAMBE coa seguinte temática:
"Exploradores en acción".

• Facilitar ao profesorado recursos didácticos das festividades máis relacionadas coa nosa cultura.

| EFEMERIDADE/ACTIVIDADES | CALENDARIO | CELEBRACIÓN |
|---|---|---|
| **SAMAÍN**<br>- Materiais e recursos na web do centro.<br>- Ambientación e decoración do centro.<br>- Queima de medos para infantil e primeiro ciclo. | OUTUBRO | A NIVEL DE CENTRO |

| | | |
|---|---|---|
| **MAGOSTO**<br>- Materiais e recursos na web do centro.<br>- Degustación de castañas e zumes.<br>- Ambientación musical con música tradicional galega (colaboración do mestre de música e mestra de inglés) | NOVEMBRO | A NIVEL DE CENTRO |
| **NADAL**<br>- Envío de postais escritas en galego a entidades públicas do Concello de Santa Comba. | DECEMBRO | A NIVEL DE CICLO (EDUCACIÓN INFANTIL) |
| **ENTROIDO**<br>- Colaboración co resto de equipos do centro para crear un entroido tradicional galego para o alumnado.<br>- Materiais e recursos na web do centro. | FEBREIRO | A NIVEL DE CENTRO |
| **DÍA DE ROSALÍA**<br>- Materiais e recursos na web do centro para traballar nas aulas a figura de Rosalía de castro e as súas obras. | FEBREIRO | A NIVEL DE CICLO/AULA |
| **LETRAS GALEGAS**<br>- Elaboración de actividades nas que se recolla tanto a biografía como a obra da autora homenaxeada, Luisa Villalta, e que incluirá unha serie de actividades e preguntas sobre o tema, adaptadas a cada nivel do alumnado.<br>- Exposición de carteis editados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística na web do centro.<br>- Lectura de textos en diversos lugares do centro e na radio escolar por diferentes membros de toda a comunidade educativa. | MAIO | A NIVEL DE CENTRO |

| | | |
|---|---|---|
| **BLOGUE DO EQUIPO**<br>Con todas as novidades, propostas e recursos. Ademais publicaremos na portada da web do cole todas as novas relativas á cultura galega a través da Real Academia Galega, o Portal da Lingua Galega, etc. | AO LONGO DE TODO O CURSO | A NIVEL CENTRO/WEB |
| **INTERCAMBIO DE CARTAS**<br>Esta actividade foi comezada no curso 22/23.<br>O alumnado do 1º e 2º ciclo intercambiarán cartas, postais, ou algún tipo de texto escrito en galego, co alumnado do CEIP Pérez Viondi da Estrada. | AO LONGO DE TODO O CURSO | 1º E 2º CICLO |
| **PECHE DO CURSO ESCOLAR**<br>En colaboración co Equipo de Extraescolares. | XUÑO | NIVEL DE CENTRO |
| **MEMORIA FINAL**<br>Realizada pola coordinadora do equipo. | XUÑO | EDLG |

### 5. AVALIACIÓN

A avaliación forma unha parte importante no noso proxecto porque a través dela poderemos ser conscientes dos obxectivos acadados trala realización do traballo e das partes que poden ser melloradas en futuras ocasións. Por isto a avaliación é considerada como un elemento clave non só para medir os logros dos alumnos/as senón para reflexionar tamén sobre o grao de cumprimento dos obxectivos iniciais do proxecto con carácter formativo que nos permita ir adaptándonos ás circunstancias que se vaian presentando. Levaremos a cabo tres tipos de avaliación: inicial que é a que xustifica a posta en marcha de cada unha das accións programadas, unha avaliación continua que nos permitirá valorar o grao de cumprimento dos obxectivos que se pretendían; o grao de realización das actividades e a adecuación do tempo para levalas a cabo, a metodoloxía, materiais e recursos empregados. E para rematar levaremos a cabo unha avaliación final coa que observaremos o nivel de consecución dos obxectivos.

## 14. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Dispoñibles na web do noso centro

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza/node/811

## 15. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### 1. Introdución

Segundo o Decreto 374/1996 do 17 de outubro polo que se establece o regulamento orgánico dos colexios de educación infantil e primaria, terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realizan fóra de horario lectivo. A participación nestas últimas será voluntaria.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade, deberase contar cos seguintes requisitos: aprobación do consello escolar, autorización escrita dos pais ou titores legais e que o alumnado sexa acompañado polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte.

### 2. Composición do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares

O EACE está formado polos seguintes mestres e mestras:

Coordinadora: Sonia María Rodríguez García

- Sandra Fraga Leis.
- María Dolores Pérez Cancela.
- Amaya Ramos Arribi.
- Adrián Sueiro Miguéns.

### 3. Obxectivos

- Coordinar as actividades complementarias e extraescolares que se leven a cabo no centro.

- Promover a organización de actividades complementarias entre o profesorado.

- Colaborar no deseño de actividades conmemorativas e lúdicas (Magosto, Entroido, fin de curso,..) de acordo aos criterios establecidos polos protocolos.

- Potenciar o uso da biblioteca escolar entre os distintos sectores da comunidade educativa.

- Traballar conxuntamente cos outros equipos establecidos: Equipo de Dinamización da Lingua Galega, equipo de Tics , Equipo de Biblioteca, Equipo da Convivencia e PDC...

**4. Plan de traballo e reunións**

O EACE reunirase como mínimo, de xeito presencial, unha vez por trimestre. As novidades e propostas puntuais daranse a coñecer nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), debido a que os integrantes do EACE tamén están presentes na súa totalidade na CCP.

O claustro decidiu que conmemoracións se van celebrar a nivel de centro, ciclo ou aula e que equipo vaise facer cargo de organizalas. A continuación recóllense as decisións tomadas: A nivel de aula: 20 de novembro de 2023 (Día Universal de la Infancia), 15 de marzo de 2024 (Día Mundial dos Dereitos do Consumidor), 1 de abril de 2024 (Día das Artes Galegas), 7 de abril de 2024 (Día Mundial da Saúde), 2 de maio de 2024 (Día Internacional contra o Acoso Escolar), 9 de maio de 2024 (Día de Europa) e 5 de xuño de 2024 (Día Mundial do Medio Ambiente). A nivel de ciclo: 25 de novembro de 2023 (Día Internacional contra a Violencia de Xénero), do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023 (conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia), 3 de decembro de 2023 (Día Internacional das Persoas con Discapacidade), 10 de decembro de 2023 (Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos), 24 de xaneiro de 2024 (Día Internacional da Educación), 30 de xaneiro de 2024 (Día Escolar da non Violencia e da Paz, tras a votación do claustro con 17 votos a favor, 5 en contra e 7 abstencións). A nivel de centro: 25 de novembro de 2023 (Día Internacional contra a Violencia de Xénero), 8 de marzo de 2024 (Día Internacional da Muller), do 4 ao 8 de marzo de 2024 (Semana da Prensa) , do 22 ao 26 de abril de 2024 (Semana do Libro) e do 13 ao 17 de maio de 2024 (Semana das Letras Galegas).

Decídese tamén que se organice a nivel de aula/ciclo o 23 de febreiro de 2024 (Día de Rosalía de Castro). Proponse que nas reunións dos Equipos de ciclo se fale sobre que equipos farán as conmemoracións a nivel centro. E as de aulas e ciclo poden consultar recursos na páxina web do centro.

**5. Actividades complementarias programadas**

1º Trimestre:

- Samaín (outubro)
- Día Universal da Infancia (20 de novembro)
- Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller (25 de novembro)
- Carreira pedestre comarcal na Baña (24 de novembro)
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia (do 30 de novembro ao 7 de decembro)
- Día Internacional das Persoas con Discapacidade (3 de decembro)
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos (10 de decembro)

2º Trimestre:

- Día escolar da non violencia e da Paz (30 de xaneiro)
- Entroido (9 de febreiro)
- Día Internacional da Educación (24 de xaneiro)
- Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro)
- Día Internacional da Muller (8 de marzo)
- Semana da Prensa (do 6 ao 10 de marzo)
- Día Mundial dos Dereitos do Consumidor (15 de marzo)
- Día das Artes Galegas (1 de abril)

3º Trimestre:

- Día Mundial da Saúde (7 de abril)
- Semana do libro (do 17 ao 21 de abril)
- Día Internacional contra o Acoso Escolar (2 de maio)
- Día de Europa (9 de maio)
- Semana das Letras Galegas (do 15 ao 19 de maio)
- Día Mundial del Medio Ambiente (5 de xuño)
- Festival de fin de curso (finais de xuño)

Por outra banda, dende os equipos de ciclo, organizaranse actividade de apertura ao contorno a través de distintas saídas didácticas aínda por concretar nos diferentes ciclos.

6. Actividades extraescolares organizadas pola AMPA

| LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|
| Informática<br>Matemáticas<br>Baile Moderno | Inglés<br>Balonmán<br>Baile moderno<br>Ximnasia rítmica | Debuxo<br>Balonmán<br>Piscina | Cociña<br>Balonmán<br>Judo | Taekwondo<br>Balonmán<br>Robótica<br>Bright Minds<br>Creación de videoxogos |

A Asociación cultural AXIO MOURO tamén desenvolve os venres de 20:30 h. a 21:30 h. clases de baile galego no ximnasio escolar.

7. Seguimento e avaliación

Toda experiencia educativa precisa dunha avaliación para comprobar o grao de consecución dos obxectivos e elaborar futuras propostas de mellora. Desta maneira, as diferentes actividades que se leven a cabo serán avaliadas durante a súa realización, e terase en conta a valoración do Claustro e do alumnado. Posteriormente á realización de cada actividade levarase a cabo unha valoración de cada unha delas tendo en conta os seguintes aspectos que se empregarán a modo de indicadores:

- Adecuación da proposta.
- Contribución da actividade á adquisición das competencias clave.
- Participación do alumnado.
- Colaboración das familias.
- Organización do persoal docente.
- Participación do persoal non docente.
- Organización e previsión dos recursos.
- Adecuación da temporalización da actividade.
- Atención á diversidade e inclusión do alumnado con NEAE na actividade.
- Propostas de mellora.

Todas estas cuestións serán reflectidas na memoria final desta programación coa finalidade de reflexionar sobre todo o traballo realizado e propor alternativas, melloras ou modificacións a ter en conta no seguinte curso escolar.

## 16. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

A comezo de curso comezouse a traballar coa empresa que realizou o Plan de Autoprotección para comezar actualizalo incorporando as novas instalacións do centro: POLOS CREATIVOS, pista multideporte, novos vestiarios

do ximnasio e rampas do patio cuberto e ximnasio. Organizouse a docencia a profesorado e persoal e programouse un simulacro para realizar ao longo do presente curso.

## 17. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

HORARIO DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS

- Auxiliar Administrativo: De 9:15 a 16:45 horas.
- Horario de atención ao público: De 9:30 a 14:00 horas e de 15:15 a 16:00 horas. Cociñeiras: Xornada continua de 8:45 a 16:15 horas.
- Conserxe: De 8:30 a 13:30 e de 15:00 a 17:30 horas.
- Coidadoras: De 9:15 a 16:15 ( os luns ata as 16.30 ) en xornada partida de outubro a maio. De 8.45 a 15.30 en xornada continuada.

## 18. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Secretaría: De 9:30 a 14:00

De 15:00 a 16:00

## 19. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA

Partimos da base de que o centro educativo parte do alumnado e remata na familia ou á inversa e o alumnado coma unha simbiose, coas súas particularidades que pertencen a un centro educativo, polo tanto son membros dunha comunidade que á súa vez se amplía co profesorado, co persoal non docente e coa propia comunidade. Con estas premisas desenvolvemos a idea de que canto máis fagamos partícipes ás familias nas relacións co centro educativo, nun clima de cooperación para solucionar as dificultades nos achegaremos máis cara o éxito do noso alumnado.

Para afianzar estas premisas traballaremos nos seguintes aspectos:

- Manter informados aos pais/nais, titores/as legais de eventos que xurdan, outros datos de interese a través de circulares informativas e da páxina web do centro.
- Fomentar un clima de diálogo construtivo como elemento resolutorio de conflitos.

## 20. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Continúa cuberto por 9 rutas con persoal acompañante.

O alumnado colócase por filas correspondentes a cada ruta, dende 1 ao 9. As/os acompañantes acceden ao recinto escolar voluntariamente, saíndo diante para o acompañamento ata o autobús.

Cada un/ unha dos/das acompañantes son encargadas/os de manter a orde no autobús (un mal uso do servizo pode facer perder o dereito de usalo determinado número de días segundo sexa unha falta leve ou grave), así como de axudar nas subidas e baixadas, tanto nas paradas como na chegada ao centro.

Os/As pais/nais e titores/titoras legais teñen a responsabilidade de estar nas paradas para recoller aos nenos/as. En caso de non recollelos/as eles/elas, deben deixar no centro un documento asinado onde autoricen expresamente a outra persoa a recollelos/as , unha copia deste documento daráselle á/ao acompañante.

## 21. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

- comedor deste centro é de tipo **E**
- persoal encargado do servizo está formado por:
  - Director: César Ramos Dominguez
  - Encargado: R. Fernando Pintos Recarey.
  - Secretario: Denís Castro García.
  - Autorizáronse 20 persoas como persoal colaborador para atender as dúas quendas.
  - Participarán nestas tarefas as dúas coidadoras do centro que atenderán ao alumnado con NEE.

  O persoal laboral está integrado por unha cociñeira e catro axudantes de cociña conforme a lexislación vixente.

**PROTOCOLO DE COMEDOR ESCOLAR**

O comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que se integra na vida de diferentes centros educativos. No caso do noso centro é un comedor de xestión directa e que beneficia á meirande parte dos alumnos e das alumnas do mesmo. Serve para o fomento dos bos hábitos hixiénicos, alimentarios e sociais dos nosos alumnado. Búscase que ademais de comer, aprendamos polo que se lle da un valor educativo. Deste xeito algúns dos obxectivos que trataremos de lograr son os seguintes:

OBXECTIVOS XERAIS DO COMEDOR

- Desenvolver e fomentar hábitos alimentarios saudábeis dende a escola, educar nutricionalmente.
- Ensinar un comportamento social axeitado neste espazo e ser centro de desenvolvemento de habilidades de convivencia.
- Cubrir unha parte importante das necesidades nutricionais dos nenos/as proporcionando menús escolares saudábeis.
- Enriquecer a capacidade de adaptación dos nenos e das nenas aos diferentes alimentos, sabores e texturas.
- Favorecer a integración do profesorado, nais, pais no proceso de educación nutricional da escola.
- Procurar que os nenos e nenas teñan unha actitude favorable e de goce ante a comida, facéndolles ver a importancia dese momento do día.
- Desenvolver hábitos sociais, de respecto e de tolerancia en situacións diferentes á aula-clase buscando a resolución pacífica de conflitos.
- Buscar o goce dos tempos de lecer.

**ORGANIZACIÓN DO SERVIZO**

Cando soe o timbre para xantar, o alumnado acudirá ao comedor escolar polas zonas marcadas. .

Dentro do comedor, as colaboradoras e os colaboradores colocaranse co grupo estable asignado mentres outro grupo espera no patio cuberto e na baixada de escaleiras para dirixir ao diferentes grupos de alumnos que se dirixan ao comedor para facilitar a colocación e orde dos comensais.

Os nenos e nenas con menús adaptados por enfermidade, alerxia, intolerancia ou dieta especial situaranse nas cabeceiras .

Serviránselle as cantidades axeitadas de acordo á súa idade tentando que proben todas as comidas pero sen forzalos.

Aos alumnado de menor idade axudaráselles a cortar, pelar. Ao resto indicaráselles como deben usar os cubertos, panos de mesa...

Non se debe dar de comer á nenas e aos nenos na boca, buscamos a autonomía de todos as/os usuarias/os do comedor escolar.

Non poderán entrar na cociña, nin usuarias/os nin colaboradores de comedor. Os utensilios entregaranse polo lugar que indique o persoal de cociña.

As/os colaboradoras/es servirán a comida e colaborarán na recollida das mesas

Establecéndose dúas quendas rotatorias para iniciar as vixilancias mentres outro grupo fai a recollida de mesas.

A atención nas mesas e nos diferentes espazos do patio para o tempo posterior ao xantar serán rotatorios. O encargado de comedor establece as quendas e estarán expostas nun taboleiro no comedor escolar.

O alumnado non poderá saír do recinto escolar sen comunicalo e sen autorización firmada nin sen ser acompañados por un adulto autorizado.

Vixiarase que non realicen algunha acción que supoña perigo para a súa integridade.

No caso de que algún/algunha neno/nena se manque ou se atope enfermo/a chamarase ás familias. Se fose un golpe e se se cree que revista gravidade ou non se localice ás familias chamaremos ao 061 poñendo en coñecemento da dirección e do encargado de comedor deste feito.

Ante faltas de comportamento reiteradas, comunicarase á dirección do centro e/ou ao encargado de comedor.

Non se administrará ningunha medicación aos nenos e nenas, deben ser as familias as que o fagan.

Se algún neno e nena se molla avisarase á casa.

Se algún alumno ou alumna vai comer á casa non pode entrar ata que se abra a cancela do patio.

Non pode entrar ningunha persoa allea ao centro no comedor no momento da comida. Só poderán estar dentro os usuarios do comedor e as colaboradoras.

As colaboradoras e colaboradores de comedor asinarán un documento de cumprimento coa protección de datos e respecto á intimidade do alumnado en relación ás accións dentro do servizo do comedor escolar.

**NORMAS DE HIXIENE**

- Manter unha postura correcta e unha solicitude relaxada cando están sentados.
- Comer sen présa e mastigar ben.
- Saber utilizar os cubertos.
- Utilizar o pano de mesa sempre que sexa necesario.
- Evitar falar coa boca chea.
- Manter limpa a mesa e non tirar nada ao chan.
- Lavar e/ou desinfectaras mans antes de entrar a comer e despois de comer antes de acceder aos patios.

**NORMAS DE CONVIVENCIA***

*Para conseguir un bo clima de convivencia o ruído é un obstáculo á hora de poder comunicarse dun xeito construtivo. Busquemos o camiño para manter o bo clima reinante no centro entre todos e todas.

Aqueles alumnos e aquelas alumnas que fagan un uso inadecuado ou incorran en faltas graves de disciplina no tempo do comedor (ben sexa no propio comedor ou durante o tempo de lecer do mesmo) poden perder o dereito ao uso deste servizo complementario durante un período específico, como medida correctiva, as condutas penalizadas e as súas consecuencias están recollidas nas NOFC.

**MENÚS**

Os menús serán rotatorios, estableceranse seis menús fixos para o outono-inverno que rotarán por semanas e outros seis menús para a tempada de primavera-verán (publicados na páxina web do centro). Búscase que sexan equilibrados e tamén que gusten ao alumnado do centro, aínda que se incluirán texturas novas para educar o sentido do gusto.

Previo informe médico, ao alumnado con necesidades alimentaria específicas, alerxia ou intolerancia alimenticia personalízanselle os menús.

Por decisión do Consello Escolar, dado o importante número de alumnos e alumnas musulmáns elaborarase un menú diferente a estes alumnos e alumnas ausente de carne de porco.

Poderá haber algunha modificación do menú cando por falta de persoal de cociña, como por limpeza exhaustiva polo seguimento do PPCC así o faga necesario, ou imprevisto xustificado que non permita poder elaborar os pratos previstos.

**COMIDA SOBRANTE.**

Debido á imposibilidade de colaboración cos servizos sociais do concello, xa que non dispoñen das condicións de transporte e hixiene adecuadas, non é posible a utilización por estes servizos ao carecer das condicións de preservación e salubridade dos alimentos seguindo as normativas sanitarias ata o momento actual. Esta situación poderá modificarse no momento en que os servizos sociais dispoñan destas condicións.

**AVALIACIÓN.**

Pretendemos unha avaliación continua, reuníndoos con todas as persoas que colaboran no servizo polo menos unha vez por trimestre para valorar como está a situación. De todos os xeitos sempre que alguén observe

algunha circunstancia que se deba mellorar, comunicarllo á dirección do centro para tomar as medidas oportunas.

Tentarase favorecer un clima de convivencia entre toda a comunidade educativa desenvolvendo o diálogo como liña que desenvolva os conflitos.

## 22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO -ESPAZOS DE USO COMÚN

Este centro está composto, ademais das aulas, dos seguintes espazos comúns

- Aulas de Polos Creativos.
- Ximnasio.
- Pavillón de deportes utilizado como aula de Ed. Física e actividades complementarias.
- Biblioteca.
- Aulas de inglés.
- Aula multisensorial.
- Casa almacén no exterior.
- Aula multiusos (aula 6)

A asociación de nais/pais (ANPA) previa solicitude segundo a lexislación vixente, utilizará o comedor, sala concilia, aula 6, enfermería, patio cuberto e baños interiores e exteriores para levar a cabo o plan Concilia.

## 23. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA, CONCELLO E OUTRAS INSTITUCIÓNS.

Establécese para este curso o Plan concilia ( madrugadores e tardes divertidas) e as actividades extraescolares, mencionadas con antelación por parte da ANPA.

O Concello oferta multideporte, Taekwondo e patinaxe.

O Club Balonmán Xallas tamén oferta a actividade de balonmán nas instalacións escolares e fóra do horario lectivo do alumnado.

## 24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

| | | |
|---|---|---|
| 1ª AVALIACIÓN | 11 de decembro: E. Infantil,<br><br>12 de decembro: 1º e 2º EP e 3º EP<br><br>13 de decembro: 3º, 4º e 5º EP<br><br>14 de decembro: 5º e 6º EP | Publicación de cualificacións:<br><br>21 de decembro |
| 2ª AVALIACIÓN | 11 de marzo: E. Infantil,<br><br>12 de marzo: 1º e 2º EP e 3º EP<br><br>13 de marzo: 3º, 4º e 5º EP<br><br>14 de marzo: 5º e 6º EP | Publicación de cualificacións:<br><br>22 de marzo |
| 3ª AVALIACIÓN | 24 de xuño: : Educación Infantil e Primaria | Publicación de cualificacións:<br><br>26 de xuño |

## 25. PLAN DIXITAL DE CENTRO

Neste curso académico 23-24, tras revisar de novo o documento, propóñense os seguintes obxectivos:

- O01PD - Formar ao profesorado en competencia dixital (D1*) - (Área D- Desenvolvemento Profesional Continuo)
- O02PD - Poñer en marcha a nova aplicación inventario (*C1) - (Área C - Infraestruturas e equipamentos)
- O03PD - Mellorar a competencia dixital do noso alumnado de quinto e sexto de EP dándolles capacidade para o uso das TIC (H3 e H7) - (Área H - Competencias dixitais do alumnado)
- O04PD - Deseño de novos obradoiros de Polos Creativos. (H*11) - (Área H - Competencias dixitais do alumnado)

- O resto de información deste plan atópase colgado na nosa web e na aplicación EduCalidade dispoñibles ambos en aberto para a súa consulta.

- Plan dixital do curso 22-23, que recolle a información estatística dos test SELFIE e CDD aínda en vigor, dispoñible no seguinte enlace:

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarriemaza/node/813

- Acceso para o plan do curso 23-24
    - Enlace ao buscador de Plan Dixital:

https://www.edu.xunta.gal/educalidade/PlansCentroConvAction-input.action?OWASP_CSRFTOKEN=GV6Y-2S5H-YZ8X-KIED-ZHRB-BSB0-K9R0-HO8X

**Instrucións**: no despegable de convocatoria escoller o "ano académico 2023-2024". No despegable de plans escoller "Plan Dixital". No apartado de centro podemos escribir o nome do centro a buscar e seleccionamos. Prememos en "Buscar". Na columna de "Opcións" premer na lupa.

**POLOS CREATIVOS**

O pasado curso leváronse a cabo no centro os seguintes obradoiros dentro do programa de Polos Creativos: Deseño e Impresión 3D, Robótica e Programación, Seguridade na Rede, Creación Colectiva e Ofimática para mentes inquedas. Durante o curso 23/24 continuaremos con diversos obradoiros para todo o alumnado logo de acondicionar o novo espazo no centro denominado aula de Polos Creativos.

## 26. PLAN DE INTRODUCIÓN DAS TIC

### 1. INTRODUCIÓN

A educación hoxe ten que partir e adaptarse a unha nova realidade, implicándose na solución dos seus problemas. Pensemos que debido ao grande desenvolvemento que presenta a rede internet, a información está ao alcance da man, en todo momento e case en calquera lugar. Cun simple clic podemos acceder a enciclopedias, blogs, sitios webs, foros, podemos manter conversas con persoas que viven ao noso carón ou que se atopan noutro extremo do mundo… e, practicamente, de forma inmediata. Pero como persoas usuarias desta rede, non só podemos recibir información, senón tamén transmitila, creala, compartila, sermos partícipes da construción desa grande urbe da comunicación e, sobre todo, empregala con responsabilidade. Polo tanto, as TIC convértense nun instrumento cada vez máis indispensable nos centros educativos e na vida diaria en xeral.

A relación entre as novas tecnoloxías e a educación debería darse dentro dun marco de inclusión. Aínda que sexan dous mundos moi diferenciados ao naceren estas novas tecnoloxías fóra do sistema escolar e

desenvolverse alleas a el, trátase de dúas realidades ben diferenciadas pero que se complementan cada vez máis nunha realidade na que a competencia dixital require que sexa adquirida por todas as persoas, especialmente o alumnado, para adaptarse ás necesidades do mundo globalizado no que vivimos; iso si, sen esquecer en ningún momento que son un instrumento de aprendizaxe.

O tema esixe una reflexión preferentemente educativa, buscando que habilidades e que destrezas se poden e se deben acadar no alumnado, ou que utilidades para o centro e aspectos da formación do profesorado han de ser tidas en conta. Para isto é importante coñecer o Marco Europeo de Competencias Dixitais para a Cidadanía (DigComp 2.2), é a referencia para a competencia dixital do alumnado. Cando falamos de incluír as TIC na escola, máis que reflexionar sobre como facelo, temos que valorar en que aspectos poden mellorar a nosa práctica docente e as diferentes aprendizaxes dos alumnos/as, é dicir, debemos deixar que o noso proxecto educativo e pedagóxico sexa o que nos guíe sobre cales serán os medios a utilizar en cada momento e non ao revés.

A inclusión destas novas tecnoloxías ten que facerse buscando, investigando, indagando… sobre todas aquelas posibilidades que estas nos ofrecen á hora de ofrecer unha nova dimensión ao proceso educativo redefiníndoo nun novo marco de coñecemento que sirva como motivación e formación continua ao noso alumnado á hora de prepararse para explorar, experimentar… en busca do coñecemento no que todos os días traballamos mestres/as e alumnos/as, e no seu conxunto, a comunidade educativa en xeral.

## 2. PUNTO DE PARTIDA DO NOSO CENTRO DURANTE ESTE CURSO E NECESIDADES BÁSICAS DETECTADAS

Dende hai uns anos o profesorado do noso claustro involucrouse a nivel colectivo para formarse e integrar as ferramentas tecnolóxicas na súa práctica educativa a través dos diversos cursos e proxectos formativos que tiveron lugar no centro e, a nivel individual, asistindo a cursos de formación en relación ao manexo e aplicación das TIC. Nesta liña, durante os últimos cursos este interese amosouse en varias liñas de actuación, tales como:

- A existencia de blogues educativos.
- O pleno uso de: pizarras dixitais interactivas, proxectores, ordenadores, tablets, … É dicir, de todos os equipos informáticos cos que contamos en xeral, aínda que sexan claramente insuficientes para dar resposta a unha comunidade educativa que conta con máis de 400 alumnos/as e máis de 30 profesores/as no claustro.
- A dinamización da páxina web do centro, tanto como vía de comunicación activa entre a comunidade educativa e o propio centro, como primeira experiencia de interacción virtual para o alumnado e, tamén, como ferramenta de traballo para o profesorado.

- A progresiva dixitalización de todo o traballo realizado polo profesorado (programacións na aplicación PROENS, repositorio en Agüeiro, uso das aulas virtuais e do portal EVA para os cursos E-Dixgal…), fomentando entre a comunidade docente o coñecemento destes medios para operar con eles.
- A masiva participación do profesorado do centro nos proxectos formativos arredor das TIC. Durante os cursos pasados, participamos nun Proxecto de Formación e Asesoramento en Centros (PFAC), **"Introdución ao encerado dixital como recurso de aula"**, e en dous grupos de traballo sobre os **"Recursos didácticos baseados no software libre para educación infantil e primaria"**, levouse a cabo tamén o **"PFPP Barrié nas Ondas"** onde se afondou no uso de toda a tecnoloxía de radio e aplicacións como Audacity ou Zara Radio así como a participación no curso proposto, froito da recente situación de pandemia mundial **"Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes"**. Tamén se realizou formación en distintas plataformas de videoconferencia como Jitsi e Webex. O curso 2021/2022 púxose en marcha o **Plan Dixital de Centro**, con obxectivo de intensificar aínda máis e amplificar o rendemento destas accións e realizouse un curso de formación no campo de Robótica **Educativa**, culminando na solicitude e concesión dos **Polos Creativos** (actualmente Polos Creativos+) para o curso pasado 2022/2023.
- A inclusión do centro no curso 2012-13 no **proxecto ABALAR** que se estivo a impulsar dende a Consellería de Educación e Innovación Educativa, polo que os nosos esforzos estiveron enfocados a un eficiente e correcto desenvolvemento do mesmo no centro. Entre as actuacións levadas a cabo con este propósito está a realización do PFAC "Proxecto Abalar: CEIP Barrié de la Maza", no que participaron 29 mestres do centro (29) e cuxos resultados foron valorados como Excelente polo CAFI.
- O recente seguimento realizando nos cursos pasados por todo o profesorado do centro, primeiro a través da web e posteriormente, trala formación recibida, mediante a posta en marcha de aulas virtuais.
- A xeneralización do uso de Abalar Móbil por parte das familias, así como de Abalar Pro por parte do proferosado, como canle activa de comunicación.
- A inclusión no curso 2020-21 no proxecto EDIXGAL. Estase a levar a cabo a implantación neste curso académico e traerá consigo a formación de todo o profesorados implicado.

## 3. DETECCIÓN DE NECESIDADES

A pesar de ter investido moito tempo en formación e prácticas con ferramentas tecnolóxicas, constatamos unha gran diferenza de coñecementos TIC no profesorado do centro, debido en grande parte á mobilidade entre centros e a que unha gran parte do claustro é provisional. Isto leva aparellado que non nos propoñamos grandes retos, senón acadar unha normalización no eido das tecnoloxías como ferramentas útiles para lograr unha mellor calidade pedagóxica. Por este motivo neste curso académico será preciso ofertar formacións centradas nas necesidades reais máis inmediatas:

- Formación en E-Dixgal.
- Formación avanzada en manexo e xestión das aulas virtuais.
- Formación na utilización de ferramentas básicas de ofimática para o profesorado.
- Formación no uso, manexo e aplicación das novas pantallas dixitais interactivas.
- Formación no emprego da plataforma Agueiro, como ferramenta para almacenar e compartir recursos entre a comunidade educativa.
- Formación en diversas liñas de Polos creativos: plotter, robótica, radio escolar, etc.

Dadas estas necesidades de formación, estableceranse dúas liñas de formación PFPP durante este curso en relación ao coñecemento do uso e aplicación dos novos paneis dixitais interactivos do centro e de diversos obradoiros relacionados con Polos Creativos+, entre eles Plotter.

Durante o presente curso académico 2023/2024 preténdese continuar co uso de aula de Polos creativos, habilitada como tal o curso pasado, para seguir levando a cabo obradoiros e actividades de formación entre o alumnado que potencien a súa competencia dixital máis alá das aprendizaxes que se adquiran na aula ordinaria. Ademais, aproveitaranse os equipos excedentes de Abalar de cursos anteriores para seguir desenvolvendo un banco de préstamo entre os grupos que o requiran.

## 4. OBXECTIVOS

Durante este curso 2023/2024 establécense os seguintes obxectivos desde o Equipo TICS:

➢ OBXECTIVOS PARA O CENTRO:

- Mellorar, dentro do posible, as prestacións dos equipos do centro e ampliar o seu uso e adquirir na medida do posible novos equipos, cando menos dirixidos á aula de Polos Creativos.
- Axilizar o máximo posible a resolución de incidencias por diversas canles.
- Acondicionar os equipos en excedente do proxecto Abalar para xerar equipos de préstamos para o centro e/ou as aulas, sobre todo para potenciar o seu uso nos niveis que non pertencen ao programa E-Dixgal.
- Instalar os novos paneis dixitais interactivos naquelas aulas que aínda non as teñen (actuación pendente por parte da Consellería) e dotar aqueles espazos do centro que carezan dunha PDI con aquelas que sexan substituídas polas novas.
- Inventariar, na medida do posible, todos os equipos informáticos do centro na aplicación INVENTARIO da Consellería dentro do proxecto piloto no que o noso centro se atopa por tratarse dun centro ADIX.

➢ OBXECTIVOS PARA O PROFESORADO E A SÚA PRÁCTICA DOCENTE:

- Empregar a aula de Polos creativos dun xeito habitual e integrado nas actividades diarias de aula/centro.

- Dar resposta ás necesidades formativas do profesorado en relación ás TIC: E-Dixgal, ofimática, aulas virtuais, novas PDIs, Agueiro, Polos creativos…
- Ampliar, na medida do posible, a CDD (Competencia Dixital Docente) do profesorado.
- Mellorar, en definitiva, as competencias necesarias para usar as ferramentas dixitais na práctica docente.
- Empregar a ferramenta Agueiro como recurso de creación, almacenamento e difusión de materiais.
- Desenvolver diversos obradoiros de Polos Creativos.
- Potenciar e apoiar a implantación do Plan Dixital de centro.

➢ OBXECTIVOS PARA O ALUMNADO E O SEU DESENVOLVEMENTO EDUCATIVO:

- Formárense no acceso e uso das aulas virtuais, cando menos de forma básica.
- Empregar as posibilidades dos equipos tecnolóxicos (ordenadores, tablets, equipos Abalar…) como ferramenta e medio para reforzar ou adquirir unha aprendizaxe competencial tendo como referencia o documento da competencia dixital do alumnado.
- Desenvolver estratexias para a busca, a selección e a organización de información en diversos formatos.
- Desenvolver o espírito crítico con respecto á información recibida nos medios.
- Coidar e facer un uso responsable do material.
- Empregar a cámara dixital ou dispositivos móbiles con cámara para realizar as súas propias fotografías e almacenalas axeitadamente en soporte informático.
- Coñecer as aulas virtuais e a páxina web do centro, así como adquirir habilidades para buscar información na mesma.
- Adquirir nocións básicas de seguridade na rede e atribución de dereitos de autoría.
- Desenvolver habilidades TIC prácticas de forma contextualizada e significativa, aplicables ao longo da vida.

➢ OBXECTIVOS PARA AS FAMILIAS:

- Normalizar e xeneralizar o uso de Abalar Móbil para empregar o menos posible o formato papel.
- Desenvolver liñas de formación a través do acceso en aberto a unha aula virtual propia na que se dea resposta a dificultades técnicas ou contidos apropiados, en relación coas TIC, que deban coñecer: seguridade na rede, manexo das aulas virtuais, Abalar Móbil, Webex…

## 5. METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS A EMPREGAR

A utilización das TIC na aula supoñen un troco importante no papel do profesorado e do alumnado, na organización dos tempos e na metodoloxía. Os efectos pedagóxicos das TIC dependen da planificación didáctica realizada e das actividades que desenvolvamos coa mesma.

Ás veces, as novas tecnoloxías poden ser utilizadas ao servizo de vellas pedagoxías. É dicir, facer o mesmo de sempre, pero con computadoras. Polo tanto, á idea de "Unha escola nova" deberiamos engadir "Unha mentalidade nova" e, sobre todo, aberta aos cambios. As razóns para empregar as TIC na aprendizaxe son múltiples:

- Comprenden novas formas de ensinar e de aprender.
- Promoven e favorecen a autonomía do alumnado.
- Facilitan a atención á diversidade de todo o alumnado, pois atenden aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe.
- Dotan de infinidade de recursos para cada materia, adaptados a cada idade.
- Proporcionan a oportunidade de empregar estratexias e actividades máis dinámicas, interactivas e cooperativas.
- Desenvolven a aprendizaxe nun entorno máis interactivo, dinámico e participativo, con actores e roles diferentes.
- Permiten ao alumnado resolver problemas que se lle presenten, identificar situacións nas que o emprego das TIC podería ser relevante, aprender a seleccionar a mellor ferramenta para a tarefa que teñen que facer, etc.

Como estratexias metodolóxicas a empregar resaltan as seguintes:

1. <u>Ensino centrado no alumnado</u>: negociar temas e tarefas, partir do particular ata chegar ao xeral, empregar exemplos e situacións reais e contextualizadas, realizar traballos por proxectos…
2. <u>Aprendizaxe máis interactiva e autónoma</u>: situación de aprendizaxe, traballo cooperativo, aprendizaxe por descubrimento e indagación, contraste de opinións, desenvolvemento de estratexias de comprensión e expresión oral e/ou escrita, etc.
3. <u>Uso de múltiples recursos e materiais, especialmente as TIC</u>: emprego de recursos dixitais variados e en especial da web, uso de ferramentas e espazos en liña, selección de marcadores ou favoritos, blogs, wikis, apps de creación de contidos (Canva, Prezi…), repositorios de imaxes e música gratuíta (Pixabay, Fiftysounds...)
4. <u>Aprendizaxe enfocada a procesos e tarefas</u>: actividades en distintos formatos, baixo diversos medios, resultando calquera tipo de recurso de recollida da información (mural, presentación, documento, vídeos, gravacións de voz…).

## 6. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO EQUIPO TIC

Ante calquera tipo de incidencia cun equipo TIC, deberase comunicar ao Equipo TIC, ben de forma presencial ou ben por escrito. En caso de facer esta comunicación por escrito, deberanse empregar os libros de incidencias habilitados para iso. Un deles sitúase na sala do profesorado e outro ao carón da Aula Específica.

Neste sentido, intentarase solucionar primeiro desde o centro, aínda que en caso contrario, contactaríase coa Unidade de Atención a Centros ou cos servizos correspondentes de Elinfo ou Xeinfo; tal e como se viña facendo nos cursos anteriores. As persoas do equipo TIC velarán e colaborarán naquelas tarefas que lle sexan propias.

## 7. NORMAS PARA A UTILIZACIÓN DOS EQUIPOS DE INFORMÁTICA DA AULA DE POLOS CREATIVOS OU DAQUELES EQUIPOS DE PRÉSTAMO NAS AULAS

Farase un uso continuado da **aula de Polos Creativos** ao longo de todo o curso. Para acceder a ela cómpre que o profesorado se anote na folla disposta a tal efecto no taboleiro que se sitúa ao seu carón, sinalando día e hora. O profesorado que faga uso da mesma, comprometerase ao coidado e mantemento de todo o seu material, así como de deixar todo tal e como se atopou no momento inicial do seu uso.

En caso de ter algún tipo de incidencias, notificarase aos equipos correspondentes (Polos Creativos e/ou TIC) para poder solucionala na menor brevidade posible. Con todo, será necesario supervisar en todo momento ao alumnado, en concreto para que este faga un uso da rede de forma responsable cunha finalidade educativa (buscar información, seleccionala, aprender, organizala…). Nesta liña, é imprescindible facer fincapé en non instalar nos equipos software ou xogos, así como en non modificar a configuración dos equipos sen autorización previa. O alumnado deberá informar ao profesorado sobre calquera anormalidade que se atope no seu equipo asignado para traballar.

No caso dos equipos excedentes de Abalar, poderanse usar nas aulas ordinarias naqueles grupos que así o queiran facer, e o seu uso dirixirase aos niveis educativos que non participan en E-Dixgal. Haberá un rexistro por aula do número de equipos asignados tanto á súa entrega como á súa recollida, que elaborará o equipo TIC. Antes de repartilos nas aulas será necesaria a súa comprobación previa e acondicionamento.

# 27. PROGRAMAS E PLANS ANUAIS DE LECTURA.

## 1.- INTRODUCIÓN:

A biblioteca escolar é o instrumento fundamental para o desenvolvemento do proxecto lector de centro, así como un recurso para a lectura, a información e a aprendizaxe. Concíbese como mediadora das lecturas no

centro, constituíndo o núcleo da formación de hábitos lectores no conxunto da comunidade educativa. Como recurso e espazo creativo das aprendizaxes, a biblioteca escolar implica a todo o equipo docente, a todas as etapas e niveis, así como a todos os programas nos que está inmerso o centro.

O *artigo 113 da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,* establece que os centros de ensino dispoñerán dunha biblioteca escolar que fomentará a lectura e o acceso á información e outros recursos para a aprendizaxe das distintas áreas, apoiando a adquisición das competencias clave do alumnado.

Ademais, as ordes que desenvolven os decretos que regulan a ordenación e os currículos de Educación Infantil e Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establecen que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura e un plan de biblioteca, así como un plan anual de lectura na programación xeral anual.

Durante o curso 2023/2024, seguiranse as instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, da *Resolución do 20 de setembro de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.*

A reunións do equipo de biblioteca realizaranse os terceiros luns de mes ás 13:20, sempre que o calendario escolar permítao, así como cantas outras sexan necesarias, previa notificación por correo electrónico e/ou a través do medio de comunicación establecido entre os membros do equipo.

O equipo de dinamización da Biblioteca Escolar do Centro traballará en coordinación co resto dos equipos establecidos: EDLG, equipo TICs, equipo de convivencia, equipo de actividades complementarias e extraescolares, membros do proxecto de vida activa e deportiva (PVAD)…

Seguindo o *apartado 3.9 do Anexo da Resolución do 20 de setembro de 2023,* polo que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, poñerase especial atención en superar a fase de "celebración" dos días marcados no calendario civil ou no ciclo anual, facendo unha selección non ritualista dos días que se conmemoren desde a biblioteca, acorde aos obxectivos do Plan de Lectura.

Este ano, igual que o curso académico anterior, determinouse no claustro que algunhas das conmemoracións *(Anexo I - Orde do calendario escolar)* sexan realizadas a nivel de grupo-clase, en lugar de facerse a nivel de centro. Neste sentido, a web do centro e o acceso ou apartado da Biblioteca Escolar cobrará especial relevancia, potenciando así as ferramentas tecnolóxicas para comunicar á comunidade educativa as actividades propostas.

Desde o equipo de biblioteca acordamos levar a cabo un proxecto bianual, que se estenderá durante os cursos 23/24 e 24/25, e que leva por título: ***"Exploradores en Acción"***. Este proxecto estruturarase en proxectos

trimestrais, seleccionando para ser traballados este curso os seguintes: *"Curiosidades da era dos dinosauros", "A vida na Prehistoria" e a "Idade Antiga, a orixe dos Xogos Olímpicos".* Estes proxectos permitirannos investigar sobre temas concretos, familiarizarnos con mecanismos de procuras de información e facer uso dos recursos documentais da biblioteca escolar. Neles partiremos dos intereses do alumnado, por exemplo: coñecer a orixe dos dinosauros, teorías sobre a súa extinción, como eran os primeiros humanos e como se organizaban, cales foron os principais inventos prehistóricos, a importancia do deporte para os gregos, coñecer deportes minoritarios, xogos e deportes adaptados, dar visibilidade aos Xogos Paralímpicos…

## 2.- EQUIPO DE BIBLIOTECA:

O equipo de biblioteca está formado por profesorado das distintas etapas e ciclos, integrándoo os seguintes membros:

- Baña Fuentes, Aurora
- Blanco Gerpe, Mercedes
- Busto Bouzas, María Carmen
- Castro García, Denís
- Costa Boubeta, María Carmen
- Lois Ortiz, María José
- Maroño Outeiro, María Josefa
- Mourelle Castro, María Carmen
- Pérez Cancela, María Dolores
- Pérez Gorgal, María de la Paz
- Pintos Recarey, Rosalino
- Santamaría Quiroga, María Purificación *(coordinadora)*
- Tuñas Tomé, Victoria

## 3.- OBXECTIVOS:

- Considerar a biblioteca escolar como un espazo vital da vida diaria do centro, tanto para o alumnado como para o profesorado.
- Lograr o uso habitual da biblioteca como espazo de lectura, información e aprendizaxe, concibíndoa como un centro creativo das aprendizaxes e un espazo de encontro entre os distintos membros da comunidade educativa en relación coa lectura, o acceso ao coñecemento e á cultura en xeral.
- Adquirir habilidades culturais básicas, especialmente as relativas á comprensión e expresión oral e escrita.

- Fomentar o hábito lector entre o noso alumnado.
- Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe.
- Dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en canto á accesibilidade aos recursos dispoñibles a través da colección física e virtual, aos equipamentos e as actividades propostas.
- Participar, colaborar e servir de apoio aos diferentes equipos e comisións de traballo do centro educativo, achegando ideas e recursos de actividades compartidas.
- Colaborar co profesorado proporcionando material de lectura e/ou consulta adecuado para o propio docente ou o seu alumnado.
- Implicar ás familias nunha cultura da lectura e da información.
- Consolidar a xestión informatizada.
- Adquirir novos fondos en distinto formato.
- Optimizar a utilización do espazo, a sinalización e a disposición do mobiliario, de forma que favoreza a circulación das persoas usuarias.

## 4.- PROPOSTA DE ACTIVIDADES:

**<u>Con respecto á organización da propia biblioteca</u>:**

- Realizar o expurgo de materiais a comezos de curso.
- Facer actividades de formación de usuarios desde 4º E.I ata 6º E.P, ao principio do curso, para que coñezan a estruturación de fondos, espazos, CDU... e se desenvolvan con autonomía na Biblioteca.
- Continuar formando un equipo de alumnos/as colaboradores/as que axuden na biblioteca.
- Reubicar e sinalizar os fondos atendendo á CDU.
- Continuar coa catalogación e o rexistro informático de fondos no programa de xestión bibliotecaria Meiga.
- Manter o espazo dixital da biblioteca escolar, integrado na páxina web do centro, utilizando Agueiro como ferramenta corporativa.

**<u>Con respecto á biblioteca como centro de recursos didácticos</u>:**

- Coordinar as propostas e realizar o seguemento de distintas dinámicas ou actividades, implicando a comunidade educativa.
- Seleccionar fondos ou recursos relacionados cos proxectos que se leven a cabo no centro, así como coas celebracións e conmemoracións.

- Realizar actividades sistematizadas que melloren e afiancen o manexo dos recursos da biblioteca e axuden a fomentar a educación documental.
- Manter seccións de aula, que se nutran dos recursos da biblioteca, mediante o préstamo temporal.
- Adquirir novos materiais atendendo ás necesidades da comunidade do centro escolar, aos intereses do alumnado e aos proxectos programados.
- Facilitar o emprego das TICs como medio de acceso á información dende a Biblioteca.

**Con respecto á dinamización da lectura:**

- Elaborar guías de lectura.
- Realizar sesións de contacontos ou pequenas dramatizacións co alumnado.
- Preparar e poñer en marcha a actividade das Mochilas Viaxeiras, con novos materiais que achegar ás familias, buscando así a súa implicación.
- Dar publicidade a celebracións relacionadas cos libros *(Día da Biblioteca, da Poesía, do Libro Infantil e Xuvenil...),* ademais de participar activamente noutras.
- Convocar e participar en diferentes concursos, certames, exposicións... de relatos, contos, poesía, fotografía...
- Organizar exposición por meses e centros de interese ou tipos de lecturas.
- Continuar co programa de lectura silenciosa sostida, *"Hora de Ler".*
- Seguir promovendo lecturas en voz alta, como as programadas dentro de Biblioteca Solidaria.
- Realizar traballos documentais sobre escritores/-as relevantes no mundo literario, como o autor/-a do *"Día das Letras Galegas".*
- Promover o intercambio de experiencias con outros centros e entidades locais, como a biblioteca municipal

A modo de resumo do anterior, algunhas das actividades que se van a levar a cabo serán: actividades vinculadas coa formación de usuarios e coa formación do alumnado voluntario e integrante de Biblioteca Escolar Solidaria, traballos documentais, talleres de creación literaria, actividades de expresión oral, exposicións presenciais ou virtuais para dar proxección social ao traballo elaborado ao longo do curso, presentacións de novidades e recomendacións de libros, guías de lectura *(Nadal e Verán),* mochilas viaxeiras para compartir lecturas en familia, participación en celebracións e conmemoracións *(día das Bibliotecas Escolares, mes da Ciencia en Galego, día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, día de Rosalía, 8M, semana da prensa, día da árbore e da poesía, día internacional do Libro infantil e día Mundial do Libro, día das Letras Galegas...),* entre outras que serán

concretadas e temporalizadas polo equipo de biblioteca ao longo do curso.

## 5.- ORGANIZACIÓN:

Favoreceremos unha biblioteca escolar ao dispor da comunidade educativa, facilitando libros informativos e de ficción, así como outros recursos informativos e lúdicos, en soporte impreso, audiovisual ou electrónico, presentes na biblioteca.

A biblioteca será un espazo mediador das lecturas no centro e un contexto privilexiado para o desenvolvemento de competencias informacionais e mediáticas.

A biblioteca permanecerá aberta durante os recreos ata o mes de maio, levándose a cabo durante o mes de xuño actividades lectoras no exterior. Ademais, cada titoría terá asignada unha sesión semanal de asistencia á biblioteca escolar.

Tamén funcionarán as bibliotecas de aula, xestionadas por cada titor ou titora, que se encargará da revisión e renovación dos libros. A biblioteca de aula poderá enriquecerse con libros de préstamo da biblioteca escolar do centro, actividade que será levada a cabo polos titores/-as coa axuda do equipo de biblioteca se o necesita.

Este curso tamén se creará un espazo de lectura, nunha zona ampla do corredor, con mobiliario e libros para tal fin, que poderá ser utilizado por todo o alumnado e profesorado do centro.

Doutra banda, seguirase facendo uso dos corredores como lugar de exposicións puntuais.

Os patios tamén se converterán en espazos de lectura os meses de primavera, especialmente durante a primeira quincena do mes de xuño.

Durante a hora de ler *(vinte minutos diarios)* fomentarase a lectura silenciosa, podendo levar a cabo outras actividades, como: lecturas compartidas ou debates sobre un libro a modo de Club de Lectura, lecturas en voz alta, presentación e recomendacións de libros, lecturas no exterior *(aproveitando os días de sol)...*

Ademais destas propostas, na etapa de educación infantil poderanse levar a cabo na hora de ler: lecturas por parte dos adultos *(profesorado e familias),* visionado de contos musicados e audiovisuais, observación e lectura de imaxes, dramatización de pequenos contos...

## 6.- AVALIACIÓN:

Este proxecto será avaliado de forma continua polos membros da comunidade educativa e concretarase, en última instancia, polo equipo responsable da Biblioteca Escolar, reunido de forma periódica.

Levarase a cabo unha dobre avaliación: interna e externa. A avaliación interna quedará recollida na memoria final, onde especificaremos o grao de cumprimento dos obxectivos propostos, mentres que a avaliación externa partirá da análise da memoria do PLAMBE.

Unha vez formulada a avaliación como reflexión continuada, serán necesarios uns criterios de referencia, así como a determinación dos procedementos a seguir.

**Criterios de avaliación:**

- Grao de consecución dos obxectivos formulados.
- Funcionalidade do proxecto na escola.
- Accesibilidade da comunidade escolar ao Plan Lector.
- Normalización do Plan Lector na vida do centro.
- Detección de posibles erros ou dificultades na concepción dunha determinada actividade.
- Recoller sempre novas achegas que enriquezan e melloren o proxecto.
- Recoñecer no alumnado o hábito lector e o pracer da lectura.
- Apreciar o grao de participación de toda a comunidade educativa nas actividades que dende a Biblioteca se propoñen.
- Descubrir no alumnado a adquisición e aplicación de capacidades que permitan localizar, seleccionar e empregar a información.
- Recoñecer e valorar como dereitos fundamentais a liberdade intelectual e o acceso á información.
- Colaborar activamente nas actividades que estimulen a concienciación e a sensibilización no plano cultural e social.

**Procedementos de avaliación:**

***Quen avalía o Proxecto?***

Como un elemento máis da PXA, a avaliación correra a cargo do Equipo de Biblioteca tendo en conta as contribucións do Claustro de profesores, do alumnado e das familias.

Neste sentido, resulta fundamental a labor do profesor titor que será quen de trasmitirlle ao alumnado o gusto polos libros en todas as súas facetas.

***Cando se avalía o Proxecto?***

A avaliación terá carácter continuo, anotando de forma permanente os datos rexistrados durante a realización

de calquera actividade.

Ao finalizar o curso escolar a valoración xeral do Proxecto será recollida nunha memoria final, que incluirá as posibles modificacións da cara ao próximo curso.

***Como se avalía o Proxecto?***

- A través da observación, rexistro e análise que o profesorado en xeral e os titores/-as en particular levan a cabo sobre cada unha das actividades realizadas: actitude observa dos usuarios, nivel de interese mostrado pola actividade, grao de implicación...
- Realizando pequenas enquisas e cuestionarios á comunidade educativa.
- Realizando estadistas periódicas de préstamo, alumnos/-as lectores, preferencias á hora de ler… que nos acheguen información a contrastar e valorar.

## 28. CONTRATOS-PROGRAMA

**CPInclúe**

a) Introdución

En busca da continuidade dos anos anteriores, e de acordo coa convocatoria dos contratos.Programa por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dende o CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza tentamos para o curso 2021/22 propoñer un programa de centro para a mellora do éxito escolar que nos leve ao desenvolvemento integral do alumnado, tanto nos aspectos académicos como emocional e social, centrándonos nos aspectos máis deficitarios que amosan os nosos alumnos e alumnas. Estes déficits son recoñecidos a través da información recollida en cursos anteriores mediante a observación directa do alumnado nos diferentes espazos do centro e mediante as reunións e comisións de traballo do profesorado.

Consideramos que as grandes diferenzas que poden presentar os nosos alumnos tanto na súa realidade social, afectiva, económica e mesmo cognitiva fan necesario que o profesorado, e o centro en xeral, se comprometa na busca de solucións, adaptadas para aqueles alumnos e alumnas que debido ás súas circunstancias os leven a perder posibilidade de maior crecemento persoal e intelectual.

Con esta medida cremos que conseguiremos facer que este alumnado atope nela unha maneira de suplir carencias e dificultades diante do traballo persoal e das relacións sociais e emocionais.

b) Análise da situación de partida

Os puntos fortes do noso centro son:

- Grande implicación do profesorado do centro.

- Implicación das familias

- O contexto rural permite a proximidade á natureza e ademais a nosa situación xeográfica permítenos que esteamos preto de grandes cidades como Coruña e Santiago e zonas como a Costa da Morte.

- Multiculturalidade do alumnado do centro. Cada día temos máis alumnos procedentes doutros países. En canto aos puntos débiles destacan:

- Grandes diferenzas no nivel cultural das familias.

- A barreira da linguaxe en alumnos estranxeiros.

- Ao estar no medio rural hai menos posibilidades de accesos tecnolóxicos, sobre todo de conectividade.

- Mellorar o éxito escolar do alumnado en canto á aprendizaxe.
- Favorecer a atención educativa dos colectivos máis vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social e fracaso escolar.
- Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe.
- Fomentar accións para promover a igualdade, a convivencia e a inclusión no ámbito educativo.
- Mellorar as competencias emocionais que permitan alcanzar un mellor benestar persoal e social.
- Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensino e aprendizaxe.
- Procurar a colaboración da administración local e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación

Liñas nas que se participa:

01.QUÉDA-T (Prevención do abandono temperán e do absentismo)

02. IGUÁLA-T

03. CONVIVE-T

04. INCLÚE-T

05. EMOCIÓNA-T

**Contratos-Programa Innova 2022/23**

a) Introducción

Xustificación da necesidade da realización do Plan de Mellora

En busca da continuidade dos anos anteriores, e de acordo coa convocatoria dos contratos.Programa por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, dende o CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza tentamos para o curso 2021/22 propoñer un programa de centro para a mellora do éxito escolar que nos leve ao desenvolvemento integral do alumnado, tanto nos aspectos académicos como emocional e social, centrándonos nos aspectos máis deficitarios que amosan os nosos alumnos e alumnas. Estes déficits son recoñecidos a través da información recollida en cursos anteriores mediante a observación directa do alumnado nos diferentes espazos do centro e mediante as reunións e comisións de traballo do profesorado.

Consideramos que as grandes diferenzas que poden presentar os nosos alumnos tanto na súa realidade social, afectiva, económica e mesmo cognitiva fan necesario que o profesorado, e o centro en xeral, se comprometa na busca de solucións, adaptadas para aqueles alumnos e alumnas que debido ás súas circunstancias os leven a perder posibilidade de maior crecemento persoal e intelectual.

Con esta medida cremos que conseguiremos facer que este alumnado atope nela unha maneira de suplir carencias e dificultades diante do traballo persoal e a consecución das competencias.

Buscamos ademais potenciar os talentos individuais, facilitando os recursos educativos para que o alumnado chegue o máis lonxe posible.

Pretendemos desde o centro desenvolver estratexias baseadas nas 5 dimensións fundamentais establecidas pola axenda 2030, como as persoas, a prosperidade, o planeta, a cooperqación colectiva e a paz. e favorecer a mellora da calidade admisnistrativa no centro.

b) Análise DAF

1. Debilidades

- Grandes diferenzas no nivel cultural das familias.
- A barreira da linguaxe no alumnado procedente do estranxeiro.
- Ao estar no medio rural hai menos posibilidades de accesos tecnolóxicos, sobre todo de conectividade.
- Gran cantidade de tarefas burocráticas do profesorado.
- Fortes convicións instauradas ao longo do tempo no contexto social que dificultan as melloras e a innovación.
- Problemas coa conectividade
- Os espazos non están adaptados ao plan de nova arquitectura pedagóxica.

2. Fortalezas

Os puntos fortes do noso centro son:

- Grande implicación do profesorado do centro. que recoñece a importancia da formación permanente na que en termos xerais participa activamente.

- Implicación das familias-

- Implicación do alumnado a participar en novas metodoloxías e activiades

- O contexto rural permite a proximidade á natureza e ademais a nosa situación xeográfica permítenos que esteamos preto de grandes cidades como Coruña e Santiago e zonas como a Costa da Morte.

- Multiculturalidade do alumnado do centro. Cada día temos máis alumnos procedentes doutros países.

3. Ameazas

- A dificultade na adquisición das competencias dalgúns alumnos e alumnas provoca en ocasións que teñan baixa autoestima, frustración e medo ao erro , sentíndose ás veces incapaces de acadar os obxectivos marcados.

- Cada certo tempo hai no centro incorporación de alumnado procedente dos estranxeiro

4. Oportunidades

Con este programa pretendemos solucionar ou suavizar as barreiras que algúns alumnos e alumnas teñen na adquisición das competencias., fomentar o espíruto crítico e o talento dos alumnos e mellorar o centro tanto no aspecto organizativo como na sustentabilidade.

Obxectivos do proxecto

1) Incrementar o rendemento escolar do alumnado mediante destrezas, integrando aprendizaxes, aplicando estratexias metodolóxicas innovadoras que motiven ao noso alumnado.

2) Mellorar a toma de conciencia para que coñezan as súas posibilidades e superen as posibles dificultades de aprendizaxe favorecendo a autoestima, intentando mellorar a relación alumnado-centro.

3) Exercitar a atención , concentración e a escoita ante as actuacións dos /das demais , favorecendo a autonomía do alumnado a través de estratexias de traballo en grupo, sendo a coeducación un elemento fundamental na vida do grupo.

5) Impulsar o desevolvemento do pensamento científico-técnico do alumnado desde as diferentes materias e áreas, guiándoo do concreto ao abstracto e potenciando a reflexión.

6) Mellorar o hábito lector e o gusto pola lectura no alumnado en cada unha das linguas obxecto, así como a comprensión lectora e aumentar, tanto a produción escrita como a calidade dos escritos, así como lograr ver a funcionalidade deses textos.

7) Desenvolver unha mellor competencia matemática en cálculo, razoamento matemático, e resolución de problemas que poidan posteriormente aplicar á súa vida diaria.

8) Implicar ás familias no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos tanto no facer no fogar como no centro.

Indicadores de logro do Plan de Mellora

1) Mellora do rendemento académico do alumnado a final de curso comparándoo co inicio do programa.

2) Mellora da toma de conciencia do alumnado para que coñeza as súas posibilidades e superen as posibles dificultades de aprendizaxe favorecendo a autoestima.

3) Mellora da atención , concentración e a escoita ante as actuacións dos /das demais , favorecendo a autonomía do alumnado a través de estratexias de traballo en grupo, sendo a coeducación un elemento fundamental na vida do grupo.

4) Implicación das familias no proceso educativo das súas fillas e dos seus fillos tanto no facer no fogar como no centro, fomentando diferentes actividades e tarefas que impliquen o uso das destrezas adquiridas para mellorar as competencias.

Liñas nas que se participa:

EDUinnova.

EDUsaúde.

EDUsostibilidade.

EDUcalidade

# 29.PLAN XERAL DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE


1) INTRODUCCIÓN
2) CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN
   2.1.) Características do centro, alumnado, profesorado, familias e entorno.
   2.2.) Lexislación.
3) O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
   3.1.) Composición.
   3.2.) Horario
4) OBXECTIVOS
5) PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS
6) ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN
7) RECURSOS E METODOLOXÍA
8) AVALIACIÓN


## 1) INTRODUCCIÓN

A modificación da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa non supón un cambio substancial no ámbito da Orientación Educativa e Profesional. A LOE (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación), sinala no seu artigo 2, que "*os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade do ensino", entre os que se atopa "a orientación educativa e profesional*". A mencionada lei, establece como principios e fins aos que debe atender a actividade educativa, a orientación educativa e profesional. O que ven a poñer de manifesto que a orientación se considera un dereito, un principio e, polo tanto, parte da actividade educativa do profesorado (artigo 91).

A actual estrutura organizativa da orientación na nosa Comunidade Autónoma, recolle a actuación coordinada de distintos servizos de orientación, configurándose como:

<u>Servizos internos</u>: os constituídos pola acción titorial (labor levado a cabo polo profesorado e titores/as) e o Departamento de Orientación, que coordina as actividades orientadoras nos centros educativos que se determinen por lei.

<u>Servizos externos</u>: a través da Xefatura Territorial (Inspección Educativa e Equipos de Orientación Específicos) . Sen prexuízo de contar tamén coa colaboración doutros servizos sanitarios, sociais, UACO e doutras entidades.

Por outra banda, entendemos, tal e como explican Rafael Bisquerra e Manuel Álvarez González, que a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional é un proceso de axuda continuo a todas as persoas en todos os seus aspectos, co obxecto de potenciar o desenvolvemento humano ao longo de toda a vida. Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións. Orientar ao alumnado consiste en axustar a axuda pedagóxica as súas necesidades específicas e atender aos distintos ámbitos nos que se produce o desenvolvemento, intelectual, afectivo e social. Partimos dunha orientación continua (que abrangue toda a escolaridade dos alumnos/as); proactiva, que só é posible se se integra plenamente no proceso de ensino-aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida considerarse axente activo do seu propio proceso de orientación. Polo tanto, a orientación é un labor de todo o equipo docente e, por extensión, de toda a comunidade educativa, sendo o orientador/a un dinamizador deste proceso. A actividade orientadora debe ser tamén unha actuación planificada a nivel de centro, que logo será concretada a nivel de aula e individual, onde se especifiquen actividades, pro- gramas, recursos (persoais, materiais e organizativos: tempos e espazos).

Que sexa unha actividade compartida implica necesariamente a coordinación dos distintos órganos: de coordinación docente, como os equipos de ciclo, DO, etc.; a Xefatura de Estudos xoga un papel moi importante.

Recollendo a maioría das aportacións de autores como Lázaro e Asensi, Rodríguez Espinar e Bisquerra, o modelo de orientación caracterizarase polos seguintes principios: Planificación, prevención, sistematización, cooperación, desenvolvemento persoal e intervención social. O modelo teórico no que nos apoiamos é o modelo sociopedagóxico, tratamos de centrar a nosa atención na institución educativa, na comunidade e no ámbito social no que está emprazado o noso centro educativo.

A nosa intervención responde ao modelo de programas integrados no currículo, potenciado polo modelo de consulta colaborativa. O noso Plan de Orientación pretende acadar as seguintes finalidades: a formación integral do alumnado; contribuír ao logro das capacidades expresadas nos obxectivos das distintas etapas educativas e contribuír á adquisición, por parte dos alumnos/as do ensino básico, das competencias clave. O presente Plan está deseñado para o presente curso escolar, seguindo as directrices establecidas pola CCP e tomando como referencia as necesidades detectadas no centro e as accións prioritarias sinaladas na Circular 10/2010, así coma no D. 229/2011, tomando como referencia, polo tanto para a súa elaboración, o PXAD. Formará parte da PXA contribuíndo a desenvolver os obxectivos establecidos nela e terá un carácter emerxente, sendo susceptible de cambios en función das necesidades que vaian xurdindo. No seu deseño seguimos a estrutura que establece a Orde do 24 de xullo de 1998 que regula a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Actualmente cos últimos cambios lexislativos de leis educativas estatais e novas regulacións galegas,

principalmente a Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2) CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN

### 2.1.) Características do centro, alumnado, profesorado, familias e entorno.

O CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza conta este ano con 6 unidades de EI, 14 unidades de EP, 1 aula de Pedagoxía Terapéutica e 1 de Audición e Linguaxe. Conta tamén con aula de informática, audioviosuais e biblioteca. Levamos a cabo o Proxecto Edixgal en 5º e 6º de EP.

| ETAPA | NIVEL | ALUMNADO |
|---|---|---|
| Educación infantil | Cuarto | 43 |
| | Quinto | 32 |
| | Sexto | 31 |
| Educación primaria | Primeiro | 43 |
| | Segundo | 49 |
| | Terceiro | 57 |
| | Cuarto | 47 |
| | Quinto | 66 |
| | Sexto | 49 |
| TOTAL EDUCACIÓN INFANTIL | 106 | |
| TOTAL EDUCACIÓN PRIMARIA | 311 | |

Entre todo este alumnado, contamos cunha elevada incidencia de necesidades específicas de apoio educativo asociadas a incorporación tardía, dificultades específicas da aprendizaxe, TEA, trastornos da linguaxe, discapacidade, atraso global do desenvolvemento, trastorno por déficit de atención e hiperactividade e alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa.

O alumnado susceptible de  nova valoración será avaliado a demanda, polo xeral, do profesorado e/ou das familias mediante o protocolo establecido.

O centro conta cun cadro de persoal de 33 mestres e mestras , 8 de EI, 21 de EP/EF/Música e lingua estranxeira inglés, 1 Auxiliar de Conversa (inglés), 2 especialistas en PT, 2 en AL (1 compartido co Ceip Pepe San Baña, acude 2 días a semana, martes e mércores), 2 mestras do Programa PROA+ a media xornada (1 PT e 1 AL), a xefatura do DO e 2 PAC. A coordinación dos mestres establécese mediante reunións de ciclo e de equipos de Dinamización da Lingua Galega, Actividades Extraescolares e Complementarias, Equipo de Biblioteca, Equipo de TIC, Equipo de Polos Creativos, Equipo de Dinamización da Convivencia e Benestar Emocional, Equipo de Seccións Bilingües, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Departamento de Orientación, atendendo aos horarios establecidos pola Xefatura de Estudos.

A xornada escolar do centro é partida, de mañá e tarde cos servizos de transporte e de comedor.

O Concello conta con diferentes servizos, entre os que destacamos: Casa da Cultura, Biblioteca Municipal, Piscina Municipal, os cales contan cunha variada oferta de actividades culturais e deportivas, Servizos Sociais (Traballadoras sociais, Educadora familiar, Psicólogo) e Servizo de Atención Temperá.

A atención das necesidades educativas realízase por parte dos titores,  profesorado especialista (PTs e ALs), cóntase tamén coa colaboración dos docentes con dispoñibilidade horaria, cos mestres de apoio á EI e este curso co profesorado do Programa PROA+ adxudicado (1 PT e 1 AL a media xornada).

O profesorado de apoio á Educ. Infantil desenvolve un Programa de Estimulación da Linguaxe Oral (PELO) nos distintos niveis do 2º ciclo, que servirá como medida proactiva, compensatoria e de detección de dificultades.

Cómpre indicar tamén o importante apoio do persoal auxiliar coidador (PAC) pola súa relevancia na implementación de  programas de autonomía persoal.

Todo isto sen prexuízo do apoio dos servizos externos do EOE, Inspección e doutras entidades externas.

Estase á procura da mellora da competencia dixital para seguir traballando  as TIC dentro do centro, xa que formamos parte do proxecto Abalar e Edixgal e Polos Creativos, polo que segue a colaborar no fomento das novas tecnoloxías, impulsando a formación docente.

O departamento tamén colabora especialmente na posta en marcha do Plan de Acollida, do Plan de Convivencia escolar e do Plan de Igualdade.

Ao mesmo tempo, dentro da convivencia escolar, formúlanse actividades para a mellora da integración, de aceptación das diferencias persoais e culturais, do aprecio dun mesmo e dos demais, da socialización

positiva, de acompañamento e validación emocional...

Particípase no PAT, ofrecendo recursos e fomentando a coordinación entre familias e profesorado titor; ao mesmo tempo ofrecemos información aos pais/nais sobre aspectos escolares e socioculturais que nos afectan; ideas a desenvolver na titoría co alumnado (dinámicas de cohesión grupal, de avaliación, autoavaliación, avaliación da práctica docente...). Tamén dar información escrita mediante dípticos e páxina web sobre temas de interese psicopedagóxico.

O DO de Primaria do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza está adscrito ao IES Terra de Xallas, coordinándose co mesmo trimestralmente e continuando coa coordinación entre as dúas etapas educativas.Tamén se colaborará cos servicios sociais, sanitarios e municipais nos eidos necesarios.

### 2.2.) Lexislación de referencia.

A continuación recóllese a relación da lexislación vixente na actualidade na nosa comunidade autónoma que regula os diferentes aspectos relacionados coa atención función orientadora:

**A. <u>MARCO XERAL</u>**

- Constitución Española de 1978 (BOE 29 de decembro de 1978).
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE).

**B. <u>ENSINANZAS MÍNIMAS E CURRÍCULO</u>**

- **Educación Infantil:**
  Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, ordenación e ensinanzas mínimas en E. infantil (implantación no curso 2022-23). Decreto 150/2022 do 08 de setembro.
- **Educación Primaria:**
  Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, ordenación e ensinanzas mínimas en E. Primaria (implantación cursos impares 2022-23, cursos pares 2023-24). Decreto de Primaria LOMLOE . Decreto 105/2014 do 9 de setembro para cursos pares

**C. <u>AVALIACIÓN CURRICULAR</u>**

- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación

primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato

## D. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS

- **Escolas de Educación Infantil e Colexios de Educación Primaria:**

- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das EEI e dos CEP.

- **Modificacións posteriores:**

- Orde do 28 de xuño de 2010 pola que se modifican parcialmente as Ordes do 1 de agosto de 1997, a Orde do 22 de xullo de 1997, e a Orde do 3 de outubro de 2000.

- **Requisitos mínimos:**

- Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.

- **Dinamizacións:**

- Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.

- **Profesorado itinerante:**

- Acordo do 18 de febreiro de 2008, sobre as condicións de traballo do profesorado itinerante.
- Circular 10/2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sobre o profesorado itinerante.
- Instrucións de 11 de marzo de 2008 da Secretaría Xeral, sobre o acordo das condicións de traballo do profesorado itinerante.

- **Absentismo:**

- Instrucións do 31 de xaneiro de 2014, polas que se traslada o protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar de Galicia.

## E. ADMISIÓN DE ALUMNADO

- DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación.
- Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de EI, EP, ESO e BAC reguladas na LOE.
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de EI, EP, ESO e BAC reguladas na Lei 2/2006 do 3 de maio de Educación e Corrección de erros en DOG do 24 de abril de 2013.
- Corrección de erros da Orde do 12 de marzo de 2013.
- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de EI, de EP, de ESO e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## F. ORIENTACIÓN EDUCATIVA

- Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.
- Resolución do 22 de decembro de 2004, pola que se ditan instrucións para os departamentos de orientación dos centros de educación especial.
- Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de FP e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.
- Circular 10/2010 pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

## G. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Disposicións xerais:**

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros

docentes de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación.

- **Orde que desenvolve o Decreto de atención á diversidade.** ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- **Alumnado con altas capacidades:**

- Real decreto 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente.

## H. <u>ATENCIÓN TEMPERÁ</u>

- Decreto 69/1998, do 26 de febreiro, polo que se regula a atención temperá a discapacitados na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.

## I. <u>ACCESIBILIDADE, NON DISCRIMINACIÓN E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES</u>

- Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o acceso ao contorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas.
- Lei 26/2011, de 1 de agosto, de adaptación normativa á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.
- Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade en Galicia.

## J. <u>PERSOAL AUXILIAR COIDADOR</u>

ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. (Capitulo V. Artigo 80)

## K. CONVIVENCIA E FAMILIA

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Circular 1/1997, do 3 de marzo, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa do 29 de xaneiro de 1997 sobre información aos pais separados ou divorciados dos resultados da avaliación dos seus fillos.

## L. PLURILINGÜISMO

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- Orde do 10 de febreiro de 2014, pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

## M. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

- Procedemento corrector de condutas aparentemente contrarias ás normas de convivencia.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica. (máis addenda de diabete).
- Protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia.
- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar de Galicia.
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA).
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe.

## 3) O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### 3.1.) Composición.

Para o presente curso 2023-204, o Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza, queda constituído co seguinte persoal docente:

- **Coordinadora de Educación Infantil:**
  - Celia Viña Molinos

***Profesorado especialista:***

- **Pedagoxía terapéutica**: María de la Paz Pérez Gorgal e Catalina Pena Mallón.
- **Audición e linguaxe:** Borja Boado López e Rebeca López Calvete (Al compartida co Ceip Pl. Pepe de Xan Baña; acode ao centro os martes e mércores).
- **Xefa do Departamento de Orientación:** Sara Deive Pérez

### 3.2.) Horario

<u>**HORARIO DA ORIENTADORA**</u>

| | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| **Garda Transp. 9:20 – 9:35** | GARDA TRANSP | GARDA TRANSP | GARDA TRANSP | GARDA TRANSP | GARDA TRANSP |
| **1ª 9:35 -10:25** | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN |
| **2ª hora 10:25 - 11:10** | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN |
| **RECREO 11.10- 11.30** | | GARDA RECREO | | GARDA RECREO | GARDA RECREO |
| **3ª hora 11:35- 12:35** | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | REUNIÓN DO | ORIENTACIÓN |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **4ª hora 12:25-13:15** | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN |
| **XANTAR** | | | | | |
| **Hora de ler 15:20–15:40 (Luns)15:05-15:25** | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER | HORA DE LER |
| **5ª hora 15:25-16:15 Luns de 15.40-16.30** | ORIENTACIÓN | ORIENTACIÓN | GARDA | GARDA | OUTRAS ACTIV. |
| **Garda Transp** | GARDA TRANSP | GARDA TRANSP | GARDA TRANSP | GARDA TRANSP | |

***Garda de transporte (Luns 16.30-16.45; o resto da semana 16.15-16.30)**

## 4) OBXECTIVOS

- Favorecer o desenvolvemento integral en coñecementos, destrezas e valores do alumnado, colaborando e apoiando ao centro e ás familias no ámbito psicopedagóxico e social nas etapas de Educación Infantil e Primaria para a formación de alumnado competente.
- Colaborar no desenvolvemento dos referentes legais.
- Colaborar na adquisición e desenvolvemento das novas tecnoloxías.
- Colaborar coas titorías na identificación e avaliación das necesidades educativas, potenciando a mellora da calidade educativa e optimizando o ensino do alumnado en xeral, atendendo especialmente á metodoloxía, globalización das aprendizaxes e ensino competencial, sobre todo do alumnado con necesidades educativas.
- Colaborar no desenvolvemento do Plan de Convivencia escolar favorecendo unha cidadanía activa, a igualdade de oportunidades e a cohesión grupal e social.
- Favorecer a inclusión plena de todo o alumnado.
- Fomentar a colaboración da familia de cara ao desenvolvemento do alumnado e das súas capacidades.

**Obxectivos referidos ao centro**

- Organización e funcionamento do Departamento de Orientación.
- Organizar os apoios do alumnado con NEAE.
- Optimizar os recursos humanos e materiais que dispoña o centro, tendo en conta as necesidades específicas do alumnado.
- Coordinar os distintos organismos que contribúan a mellorar o labor educativo e orientador.
- Desenvolver medidas proactivas, para a prevención e detección de dificultades, de avaliación, seguimento, así como de medidas que optimicen a resposta educativa.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado.
- Colaborar coas titoras e titores nas medidas e recursos do PAT.
- Contribuír na elaboración e deseño de probas de avaliación inicial.
- Participar na elaboración e deseño de plan de estimulación da linguaxe oral (PELO), co asesoramento dos mestres especialistas en AL.
- Elaborar os Plans de Intervención do ACNEAE e cooperar na elaboración dos plans de Reforzo e recuperación.
- Mediar nas situacións de conflito que se dean na escola potenciando a mellora da convivencia, a través do desenvolvemento de habilidades sociais, a toma de decisións, fomento da igualdade e benestar emocional.
- Favorecer a dinamización e implicación no desenvolvemento dos Contratos-Programa coa achega de recursos e propostas didácticas.
- Elaborar as concrecións anuais do PXAD.
- Facilitar a información que se demanda na aplicación DRDorienta.

**Obxectivos referidos ao ámbito socio-familiar.**

- Informar sobre o funcionamento e funcións do DO ás familias do alumnado e, en especial, a aquelas con alumnado con dificultades.

- Facilitar á comunidade educativa o asesoramento e apoio necesario para afrontar etapas de maior dificultade: ingreso no centro, cambios de ciclo, cambios de etapas, apoios internos e externos diferentes aos ordinarios.
- Fomentar e facilitar a colaboración no proceso educativo ás familias. Fomentar a coordinación familia-titor/a.
- Fomentar e impulsar a inclusión social do alumnado con necesidades educativas e aqueles outros que o precisen.
- Promover relacións de cooperación e participación no centro educativo de organismos oficiais ( Concello, Casa da Cultura,...) e facilitar e promover reunións periódicas e eventuais.
- Buscar asesoramento e axudas externas á comunidade escolar nalgúns casos de NEAE e dificultades educativas.
- Establecer contactos periódicos coas familias individualmente ou colectivamente.
- Asesorar ás familias sobre cuestións de hábitos, normas e límites, condutas, metodoloxías adecuadas, aprendizaxes, etc. mediante información na web, carteis, trípticos, recomendacións de artigos ou bibliografía, etc.

## 5) PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

Atendendo ás liñas de intervención relativas ao Plan de Acción Titorial e ao Plan Xeral de Atención á Diversidade, propóñense as seguintes estratexias de intervención neste Plan de Orientación:

- Integrar o Plan de Orientación na actividade xeral do centro, afondando na coordinación entre profesorado e departamento.
- Dar prioridade á aplicación de medidas ordinarias sobre as extraordinarias, tomandocomo referencia o principio de normalización.
- Promover actuacións na prol de medidas preventivas e recuperadoras.
- Traballar en coordinación co equipo directivo.

## ACCIÓNS PRIORITARIAS

Seguindo a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, este departamento dará prioridade dentro do seu marco de funcións e organización, ás seguintes liñas de

actuación:

***Estratexias referidas ao alumnado***

---

- **A**valiación inicial do alumnado, especialmente no ingreso en EI, inicio da Primaria e novas incorporacións (bastante frecuentes neste contexto).
- Integración do novo alumnado ao centro (Programa de Acollida do nenos de 3 anos, os que se incorporan doutros centros en 3º de EP, en calquera momento do curso, etc.).
- Inclusión de alumnado estranxeiro na escola (grupos de adquisición de linguas, integración social, respecto á diversidade, grupos de competencia curricular...).
- Detección, avaliación, seguimento e atención do ACNEAE.
- Fomento e desenvolvemento de actividades empregando as novas tecnoloxías).
- Fomento e desenvolvemento de actividades dentro do PAT.
- Facilitar a participación da orientadora do IES e a XE para dar a coñecer as características da etapa de Secundaria. Informar sobre o alumnado con NEAE que promociona a esa etapa.
- Deseño de actividades para mellorar a convivencia escolar.
- Continuidade co Programa para Estimulación da Linguaxe Oral.
- Traballar a educación e o benestar emocional do alumnado mediante o uso dos Contratos-Programa.

***Estratexias referidas ao profesorado:***

---

- Apoiar e asesorar na acción titorial.
- Detectar, prever e dar resposta ás condutas do alumnado que dificulten o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Detectar e prever conductas do alumnado que dificulten o proceso de inclusión do alumnado con necesidades educativas. Fomentar condutas e actitudes dentro do alumnado para a aceptación, respecto e valoración positiva de si mesmos e dos demais.
- Informar ao profesorado-titor e especialista que intervén na aula de aspectos tales como: avaliación inicial do alumnado, alumnado con NEAE, metodoloxías específicas e protocolos de actuación.
- Asesorar aos titores/as en metodoloxías, organización para atender ás dificultades que vaian xurdindo.
- Establecer canles de comunicación estables coas familias para favorecer a súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Contribuír a optimizar o clima de convivencia do centro con programas específicos e recursos.
- Fomentar o interese do profesorado pola aplicación e emprego das novas tecnoloxías.
- Colaborar no desenvolvemento das programacións con propostas de acción que contribúan a

consecución das competencias clave.

- Asesorar na realización de AC e algúns plans específicos de reforzo educativo e recuperacióne outras medidas

6) ACTUACIÓNS E TEMPORALIZACIÓN

| ***Actividades*** | ***Axentes*** | ***Temporaliz.*** |
|---|---|---|
| Reunións do DO:<br>• Plan Anual de Orientación<br>• Plan de Convivencia escolar: información.<br>• Revisión: actividades valores, plans acción titorial (sociogramas, normas de aula e centro, asembleas de aula, recuncho de resolución de conflitos na aula e no centro...) | Membros do DO | 1ºT |
| • Colaboración na avaliación inicial do alumnado | Titor/a, PT, AL, Or. | 1ºT |
| • Incorporación de alumnado novo e de incorporación tardía.<br>• Desenvolvemento de alumnado con NEAE.<br>• Acción titorial: reunións pais, titores. | DO, e mestres titores. | 1º T |
| • Organización dos recursos materiais e humanos e máis os apoios ao alumnado con necesidades educativas e alumnado estranxeiro. | PT, AL, Or., titores. | 1ºT |
| • Revisión de programas e AC para alumnado con dificultades educativas.<br>• Revisión de programas de adquisición da lingua para o alumnado estranxeiro.<br>• Fomento e desenvolvemento nas titorías de programas para a atención do alumnado de altas capacidades.<br>• Revisión de plans específicos de reforzo educativo e recuperación elaborados polos profesionais correspondentes. | Titores, PT, AL, Or. | 1º T |

| | | |
|---|---|---|
| • Enquisa de avaliación a cubrir polos pais de Infantil de 3 anos e de nova incorporación (Programa de Acollida).<br>• Análise e consideracións sobre a avaliación inicial de Infantil de 3 anos e de nova incorporación.<br>• Avaliacións Psicopedagóxicas e Informes.<br>• Reunión coa Orientadora do IES para o desenvolvemento da coordinación, elemento de calidade educativa.<br>• Reunións co Equipo Directivo, Ed. Familiar, entidades con convenio... | Orientadora | 1º T |
| • Reunións para os apoios realizados polos mestres dentro das aulas ordinarias. | Or., mestres, XE | 1ºT |
| • Revisión dos criterios para atención ao ACNEAE.<br>• Consensuar contidos e actividades do Plan de Convivencia. | Mestres<br>Orientadora<br>PT<br>AL | 1º T |
| • Elaborar a proposta de horarios dos membros do DO e das PAC, para o seu traslado á XE. | DO<br>XE | 1ºT |
| • Dotar ao DO e ao centro como consecuencia, dos recursos materiais necesarios. | DO | 1ºT |

| | | |
|---|---|---|
| • Apoio ao alumnado con necesidades educativas | Mestres<br>Or. | 1ºT |
| • Organización da celebración a nivel de centro do 25N e do 3 de decembro, seguindo a Orde de calendario escolar (conmemoracións). | DO<br>Equipo de Convivencia | 1ºT |
| • Reunións de avaliación. | Mestres<br>XE<br>Or. | 1ºT |
| • Reunións do DO: revisión das NEAE, das súas propostas educativas, axuste de horarios, se fose preciso. | DO, XE | 2ºT |
| • Apoio ao alumnado nee e neae | Or.,<br>mestres<br>PT<br>AL | 2ºT |
| • Avaliar e coordinar os reforzos realizados polos profesores dentro das aulas ordinarias. | XE, Orientadora, Titor/a | 2ºT |

| | | |
|---|---|---|
| • Deseño e posta en marcha de Programas de Enriquecemento Curricular a alumnado con altas capacidades (se fora necesario). | Titor/a | 2ºT |
| • Reunións para traballar puntos do Plan de Orientación: contidos e actividades do Plan de Convivencia. | Titor/a, Orientadora, Equipo de Convivencia | 2ºT |
| • Avaliacións psicopedagóxicas e informes<br>• Reunión coa xefatura do DO do IES<br>• Reunións varias | Orientadora | 2º T |
| • Reunións de avaliación | Profesorado, XE, Or. | 2ºT |

| | | |
|---|---|---|
| Reunións DO:<br>• Actividades para control emocional e habilidades emocionais.<br>• Recoñecemento de necesidades físicas, emocionais, ou intelectuais dos outros.<br>• Revisión de NEAEs, horarios.<br>• Memoria do PO anual | DO | 3ºT |
| • Apoio aos alumnos con NEAE. | Orientadora, Titor/a, profesorado apoio | 3ºT |
| • Reunións para avaliar e coordinar os reforzos realizados polos profesores<br>• dentro das aulas ordinarias. | Profesorado<br>Orientadora<br>XE | 3ºT |
| Reunións para traballar puntos do PO: actividades para traballar dentro do Plan de Convivencia. | Profesorado<br>Orientadora | 3ºT |
| • Posta en práctica na aula de actividades para a convivencia (PAT). | Profesorado | 3ºT |
| • Informes sobre as Flexibilizacións dos períodos de escolarización. | Orientadora | 3ºT |
| • Avaliacións psicopedagóxicas e informes<br>• Avaliacións e informes finais do alumnado que pasa á ESO con NEAE. | Orientadora | 3ºT |
| • Información ao alumnado sobre a ESO, visita ao IES.<br>• Reunión coa xefatura do DO do IES.<br>• Reunións necesarias. | Titor/a<br>Or. IES<br>Or. CEIP | 3ºT |
| Plans Proxecta | Participantes | 3ºT |

| | | |
|---|---|---|
| • Avaliación do PO e elaboración da Memoria Final. | Profesorado//DO | 3ºT |
| • Reunións de avaliación ao remate do curso. | Orientadora, Mes-tres, XE | 3ºT |

## 7) RECURSOS E METODOLOXÍA

**RECURSOS**:

- **Humanos:** profesorado do centro, alumnado, familias, PAC, EOE, servizos sociosanitarios externos, pediatra, logopeda, traballador/ social,...
- ***Materiais:***
  - PE, PXA, Concrecións Curriculares, Plan de Adaptación e Acollida, Plan de Convivencia, Plan TIC, PXAD.
  - Material escolar das diferentes aulas.
  - Bibliografía específica sobre diferentes ámbitos de intervención.
  - Expedientes do alumnado e informes varios.
  - Probas estandarizadas.
  - Recursos materiais, informáticos e metodolóxicos para atención á diversidade do alumnado.

**METODOLOXÍA-COORDINACIÓN**

Adoptarase unha metodoloxía activa e participativa, baseada no enfoque sistémico, que favoreza a implicación de todos os axentes da comunidade educativa.

***COORDINACIÓN***

- Familias-titor/a; titor/a - alumnado.
- Reunións departamentos, ciclos, equipos de traballo, CCP.
- Claustro, Consello Escolar.
- Xefa do departamento de orientación cos diferentes membros da Comunidade Educativa (pais/nais, mestres/as...)

- Busca da participación activa de toda a persoa implicada no proceso de ensino aprendizaxe e proposta dun traballo cooperativo e estructurado.

## 8) AVALIACIÓN

A avaliación supón un elemento fundamental para a melloría de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de cambio fundamentados. É fundamental que a avaliación e análise sexa compartida, dando cabida aos distintos axentes protagonistas da labor educativa e permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas de toda a comunidade.

### MOMENTOS DA AVALIACIÓN

a) Avaliación inicial: É importante ter un bo coñecemento da situación de partida, identificando as características da contorna, as características xerais dos participantes e as demandas da comunidade educativa, entre outras. Só dese xeito se poderá elaborar un documento que atenda ás características e necesidades reais da contorna para a que é elaborado.

b) Avaliación formativa: Proporciona información sobre os avances, erros, dificultades, etc., permitindo establecer a toma de decisións e mecanismos para a mellora continua do documento. Para iso faise preciso que con certa periodicidade se celebren reunións nas que se analice o traballo sobre os obxectivos formulados, a labor orientadora e o propio documento.

c) Avaliación final: Realizada ao remate de cada secuencia, permite comprobar a eficacia do proceso, o grao de consecución dos obxectivos, outras consecucións non previstas, e así valorar o proceso no seu conxunto e poñer as bases dunha nova secuencia.

   Ao rematar o curso elaborarase unha memoria na que se plasme o valor das actividades e programas e a súa contribución á consecución dos obxectivos formulados.

### PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS

Fundamentalmente, a avaliación realizarase mediante os seguintes procedementos e instrumentos:

- Reunións co equipo directivo.
- Reunións cos membros do departamento de orientación.
- Reunións coas titoras/es e persoas coordinadoras de equipo.
- Reunións coas xefaturas dos departamentos de orientación dos centros adscritos.

- Reunións con familias.
- Entrevistas coas persoas destinatarias das intervencións.
- Análise de cuestionarios e tarefas.
- Análise de documentos e memorias.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios que nos van permitir facer unha avaliación formativa ou final do plan de orientación relaciónanse cos obxectivos formulados no propio documento e veñen determinados por:

- O grao de axuste do documento á realidade do centro educativo.
- A realización das actuacións previstas.
- O desenvolvemento das accións prioritarias.
- O grao de cumprimento dos obxectivos programados.
- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A resposta á diversidade.
- O apoio á comunidade educativa.
- O grao de participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- A coordinación entre axentes implicados e a adecuación dos recursos.

Para concluír resaltar que este Plan de actividades, terá un carácter aberto, flexible e revisable co obxecto de contribuír a mellorar a calidade do ensino.

## 30. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**ÍNDICE**


**INTRODUCIÓN…………………………………………………………………………………………………….4**

**1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO……………………………………………………………..5**

1.1. O CENTRO……………………………………………………………………………………………………….5

1.2. MARCO LEGAL…………………………………………………………………………………………………..5

**2. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN……………………………………………………………………6**

2.1. COMPOSICIÓN……………………………………………………………………………………………………….6
2.2. HORARIO………………………………………………………………………………………………………………6

**3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES…………………………………………………….7-8**

**4. OBXECTIVOS……………………………………………………………………………………………………..9-11**

**5. ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE……………………………………..12-17**
5.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ORDINARIAS……………………………………………….12
5.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EXTRAORDINARIAS……………………………………..13
5.3. CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN PARA ATENDER ÁS DEMANDAS DO DO……………………………..14-15
5.4. CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN PARA DETERMINAR OS APOIOS DE PT/AL…………………………..16-17

**6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO……………………………………………..18-21**
6.1. EQUIPO DIRECTIVO…………………………………………………………………………………………….18
6.2. PROFESORADO…………………………………………………………………………………………………….19
6.3. XEFE/A DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN………………………………………………………….20
6.4. PERSOAL AUXILIAR COIDADOR…………………………………………………………………………………21

**7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN…………………………………………..22**

**8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO……………………………………………………………..23**

**9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.24-26**

**10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN……………………………………….26**
**11. ANEXOS………………………………………………………………………………………………………………27-61**
- Anexo 1. Solicitude de intervención do Departamento de Orientación....................................27-30
- Anexo 2. Comunicación á familia da avaliación psicopedagóxica..............................................31
- Anexo 3. Comunicación á familia do apoio do especialista en PT..............................................32
- Anexo 4. Comunicación á familia do apoio do especialista en AL..............................................33
- Anexo 5. Autorización para a solicitude de intervención do Equipo de Orientación Específico...34
- Anexo 6. Comunicación aos pais e opinión da proposta de escolarización.................................35
- Anexo 7. Comunicación á familia da proposta de Adaptación Curricular Significativa ...............36
- Anexo 8. Solicitude de copia do informe psicopedagóxico ou outros documentos.....................37
- Anexo 9. Recepción de copia do informe psicopedagóxico ou outros documentos...................38
- Anexo 10.Informe alta PT/AL.......................................................................................................39
- Anexo 11. Conformidade da familia alta PT/AL...........................................................................40
- Anexo 12.Programa de intervención PT/AL..................................................................................41-42

- Anexo 13. Informe final PT/AL.......................................................................................43-45
- Anexo 14. Memoria PT/AL.............................................................................................46-47
- Anexo15.Plan específico de reforzo para alumnado que permaneza 1ano mais no mesmo curso48-50
- Anexo 16. Informe individual final de curso de reforzo educativo..............................................51-53
- Anexo 17. Consentimento intercambio información servicios externos.....................................54
- Anexo 18.Flexibilización por permanencia para alumnado con nee...........................................55
- Anexo 19. Flexibilización por reducción para nenos con altas capacidades.................................56
- Anexo 20. Programa de enriquecemento curricular.....................................................................57-59
- Anexo 21. Acta de reunións de familias.........................................................................................60-61

**INTRODUCIÓN**

O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) ten como finalidade planificar as medidas educativas que faciliten unha resposta ás necesidades que presenta o alumnado escolarizado no Ceip Plurilingüe Barrié de la Maza (Santa Comba) e, en especial, aquel con necesidade específica de apoio educativo.

O PXAD aparece recollido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes. Por atención á diversidade no sistema educativo enténdese o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Educar na diversidade implica asumila e explotar o seu papel enriquecedor, ensinar a cada alumno/a segundo as súas características, facer un currículo aberto e flexible, implicar a toda a comunidade educativa, poñer a disposición do alumnado todos os medios necesarios e rexerse polos principios de inclusión e normalización.

Segundo a *Orde do 8 de setembro, de 2021, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación;* "un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social". Para lograr unha resposta educativa de calidade, é preciso salientar que a responsabilidade do éxito escolar do alumnado recae no seu esforzo persoal, no das familias, no do profesorado, no dos centros docentes, no das administracións educativas e, en última instancia, na implicación do conxunto da sociedade.

## 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 1.1. O CENTRO

O CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza está situado en Santa Comba, un concello pertencente á comarca do Xallas formada por 17 parroquias. Acolle a un total de 417 alumnos/as: 106 en Educación Infantil e 311 en Educación Primaria. O concello conta con moitos inmigrantes procedentes doutros países (Marrocos, Sudamérica, Romanía,...). A lingua empregada maioritariamente é o galego.

Este curso educativo 2023-2024 o centro conta con 6 unidades en Educación Infantil (2 por curso) e 14 unidades en Educación Primaria (dúas unidades en todos os cursos agás en 3º e 5º que teñen 3 unidades).

### 1.2. MARCO LEGAL

A Orientación educativa, a labor, funcionamento e composición do Departamento de Orientación están reguladas pola seguintes ordes lexislativas:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006,do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/98.
- Orde 8 de setembro, de 2021, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

## 2. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

### 2.1. COMPOSICIÓN

O Departamento de Orientación este curso 2023-2024 conta con dúas mestras especialistas de

Pedagoxía Terapéutica, dous mestres especialistas de Audición e Linguaxe (1 deles compartido co Ceip Pl. Pepe San Baña, que está no noso centro 2 días á semana, martes e mércores) e a xefa do departamento de orientación.

### 2.2. HORARIO

Para a organización das intervencións co alumnado con NEAE e tempos dedicados aos mesmos, resulta indispensable ter en conta, en primeiro lugar, a dispoñibilidade horaria dos/as profesionais especialistas en atención á diversidade cos que contamos no centro: 2 especialistas de PT e 2 especialistas de AL (unha especialista compartida que solo acude 2 días a semana). A comezo de curso a orientadora, en colaboración cos especialistas de Pt e Al, titorías e oído o equipo directivo organizará a distribución horaria dos especialistas.

A organización horaria das mestras/es do DO en ocasións resulta complexa, entre os aspectos a ter en conta, están: a busca da coincidencia entre o apoio e a área que máis relacionada estea coa natureza da intervención (por exemplo, unha intervención específica por dislexia coidarase facela coincidindo nas áreas das linguas), a procura da non coincidencia dos apoios de PT/AL con outras especialidades (música, inglés, educación física, relixión,...), a flexibilización horaria coa que poden contar certos nenos/as para saír da escola temporalmente a recibir intervención en atención temperá,...

De todos os xeitos os horarios faranse priorizando os apoios de PT/AL. É dicir, faranse a partir dos horarios que faga xefatura de estudos coas especialidades e serán os titores os que teñan que elaborar o seu horario adaptándose aos horarios de PT/AL.

A distribución horaria dos apoios e o número de sesións de cadaquén son susceptibles de variacións en función da evolución do/a neno/a e das necesidades xerais existentes nos centros (evolución positiva/negativa, altas, novas incorporacións,...). Así pois, a organización horaria enténdese flexible, na procura dun equilibrio entre as necesidades globais existentes, as características persoais de cada alumno/a e a dispoñibilidade horaria do profesorado.

## 3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial, sesións de avaliación trimestrais e avaliación psicopedagóxica. A partir das distintas avaliacións realizadas durante o curso, obteranse unha serie de datos e en función deles, axustarase a resposta educativa.

En relación á **avaliación inicial**, segundo a *Orde 8 do setembro do 2021*, sinálase que "constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente

cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas ó alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe".

A través da avaliación inicial determinarase o nivel de competencia curricular do/a alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Mediante a mesma detectarase as posibles necesidades específicas de apoio educativo. Se existen estas, será comunicado á xefatura do Departamento de Orientación.

O profesorado titor ou a familia poderá realizará unha demanda de intervención por escrito que se concretará no cuestionario a tal efecto (Anexo I).

Recollida a demanda, a partir da información rexistrada polos axentes mencionados, o Departamento de Orientación revisará as medidas que se estean levando a cabo e asesorará no deseño das posibles medidas de atención á diversidade.

Nun principio tentarase dar resposta ás necesidades do alumnado dentro das medidas ordinarias. Previamente á avaliación psicopedagóxica, o/a titor/a contactará coa familia para informar de que se levará a cabo dita avaliación. A familia cubrirá a autorización xenérica de intervención do DO (Anexo II).

De ser preciso, levarase a cabo unha avaliación cando ocorra algunha das seguintes situacións (art. 15 da *Orde 8 de setembro de 2021*):

a) Existencia dalgún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o seu desenvolvemento xeral, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.

b) Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.

c) Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.

d) Prevese a necesidade de recursos educativos complementarios ou apoios especializados de difícil xeneralización.

e) Considérase necesario elaborar ou modificar o ditame de escolarización.

Unha vez realizada a avaliación psicopedagóxica se se estima oportuno a toma de medidas extraordinarias é preciso asinar o consentimento por parte das familias (Anexo III e IV). No caso de considerar necesaria a intervención do Equipo de Orientación Específico (EOE), será preciso achegar o consentimento asinado pola familia (Anexo V).

## 4. OBXECTIVOS

Para dar unha resposta integral á diversidade existente é preciso formular os obxectivos en relación aos seguintes eixes de colaboración:

- **En relación ao centro:**
  - Contribuír á mellora da calidade do ensino no centro educativo.
  - Colaborar na dinamización da planificación e organización educativa.
  - Contribuír na inclusión de todo o alumnado.
  - Colaborar na elaboración de documentos do centro.
  - Sensibilizar e contribuír na formación dos distintos axentes educativos sobre a atención á diversidade, entendida coma un valor.
  - Motivar ao alumnado do centro cara as aprendizaxes escolares e conseguir que o alumnado teña unha autonomía axeitada e positiva.
  - Fomentar no alumnado o emprego de habilidades sociais propias da súa idade.
  - Fomentar a convivencia no centro.
  - Colaborar na elaboración e revisión dos criterios de avaliación e estándar de avaliación inicial, continua e final dos niveis, así como dos criterios de promoción.
  - Colaborar na revisión dos criterios e procedementos previstos para a organización da atención a diversidade , así como para o establecemento dos reforzos educativos especializados e das adaptacións curriculares.
  - Cooperar coa comunidade educativa para favorecer canles de comunicación e actuación.
  - Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias , facéndoaspartícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poidan incidir en maior medida.
  - Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.
- **En relación ao alumnado:**
  - Contribuír á adecuación dos procesos de ensino ás características, estilos de aprendizaxe e motivacións de cada alumno/a.
  - Procurar a inclusión de todo o alumnado na aula e centro.
  - Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten.
  - Facilitar a incorporación do alumnado novo ao noso centro educativo.
  - Contribuír no desenvolvemento da orientación educativa e acción titorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.

- Aplicar programas que desenvolvan a adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, contempladas no propio currículo.
- Identificar as necesidades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación.
- Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no centro e no seu entorno socio-cultural.
- Previr e actuar nas dificultades de aprendizaxe.
- Contribuír na axeitada posta en práctica das medidas de atención á diversidade.
- Organizar os apoios do alumnado que precise reforzo.
- Colaborar na elaboración e seguimento das adaptacións curriculares.
- Coordinar as accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando cambien de centro educativo.

- **En relación ao profesorado:**
    - Coordinar as actuacións do profesorado: titores/as, especialistas, profesorado de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe e orientación de cara a dar resposta á diversidade do alumnado.
    - Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo.
    - Asesorar ó profesorado na planificación, desenvolvemento e avaliación do seu traballo.
    - Implicar ao profesorado nas tarefas de acción titorial e orientación educativa.
    - Colaborar na resolución das necesidades que teñen os/as titores/as para levar a cabo a función titorial.
    - Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle a información sobre recursos materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que podan favorecer o seu labor docente e titorial.
    - Promover a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación educativa.

- **En relación á familia:**
    - Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
    - Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, coa finalidade de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
    - Informar e asesorar ás familias do alumnado con necesidades.
    - Fomentar a participación activa e construtiva das familias na escola.
    - Impulsar e organizar sesións formativas e divulgativas de interese para as familias.

- **En relación ás institucións:**
    - Coordinar as actuacións cos diversos centros educativos que existen no concello.
    - Implicar a todos os centros educativos do Concello na formación e sensibilización sobre a atención á diversidade.
    - Colaborar cos servicios sociais do concello naqueles casos que o precisen, tanto para o alumnado coma para as súas familias.
    - Solicitar a participación e o asesoramento do EOE, nos temas e casos que se considere necesario.
    - Difundir as accións pedagóxicas de éxitos de outras entidades, especialistas...

## 5. ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo o *Decreto 229/2011, do 7 de decembro* (artigo 7) "enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado". Dentro destas medidas cómpre diferenciar entre ordinarias e extraordinarias.

### 5.1. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ORDINARIAS

De conformidade co artigo 8 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro*, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado. Dentro destas medidas están as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular
- Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

- Programas de habilidades e competencias sociais.

## 5.2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EXTRAORDINARIAS

De conformidade co artigo 9 do *Decreto 229/2011, do 7 de decembro,* considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotar as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Dentro destas medidas están as seguintes:

- Adaptacións curriculares
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición eLinguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria por ampliación.
- Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria por redución.
- Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
- Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

- Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.
- Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes.
- Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Grupos de adquisición de linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

Consideradas que as necesidades presentadas non precisan da medida extraordinaria establecida, será reflectido nun informe de alta por parte do especialista de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe e será acompañado pola firma do especialista, titor/a e Departamento de Orientación e pola constancia de dita alta á familia. Esta documentación será arquivada no expediente do Departamento de Orientación do correspondente alumno/a.

5.3. CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN PARA ATENDER ÁS DEMANDAS DO DO

Unha das funcións do/a orientador/a dun centro educativo, entre moitas outras, como se especifica no Plan de Orientación, é a de realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que se reflectiran no seu correspondente informe. Dado o elevado número de demandas que xorden ao longo do curso cómpre establecer uns criterios de priorización de actuación en relación a este aspecto:

**Criterios de priorización:**

- Informes para BECAS NEAE do Ministerio de Educación (mes de Setembro)
- Informes para reactivar solicitudes do EOE que non foron atendidas en cursos anteriores (mes de Setembro/Outubro)
- Informes para adaptacións curriculares (1º trimestre)
- Ditames de escolarización (cando xurdan)
- Informes para a flexibilización en EI e EP.
- Informes para a flexibilización escolar de alumnado con altas capacidades.
- Informes para servizos externos (Saúde Mental e Atención Temperá). Unha vez realizado o informe, facilitarase unha copia cotexada, tal e como se establece no Protocolo de protección de datos.

O procedemento a seguir para a realización dunha avaliación psicopedagóxica é:

- Solicitude de intervención, tras considerar esgotadas as medidas ordinarias, a petición do/a titor/a ou familia, e consentimento da familia para poder realizar a valoración (Anexo II).

Concretada a demanda realízase a avaliación psicopedagóxica para establecer a intervención máis axeitada á necesidade detectada, entre os pasos a seguir están:

- Obter información do profesorado/familia/outros, relativa ás necesidades do/a alumno/a.
- Administrar as probas e/ou cuestionarios que se consideren.
- Recoller datos da observación directa ou indirecta.
- Determinar a necesidade específica atopada proporcionando as orientacións pertinentes.
- De ser o caso, derivar aos servizos sanitarios correspondentes ou solicitar a intervención do Equipo de Orientación Específico.

Segundo o artigo 21 da *Orde 8 de setembro de 2021*, o informe psicopedagóxico incluirá a síntese da información obtida da alumna ou do alumno, considerando, cando menos, os seguintes aspectos:

a) Datos persoais.

b) Datos da demanda e motivo da avaliación.

c) Desenvolvemento xeral da alumna ou do alumno, considerando:

- Datos relevantes dos ámbitos físico, cognitivo, emocional e social.
- Circunstancias persoais, familiares e de saúde de interese.
- Influencia do contorno socio familiar no desenvolvemento da alumna ou do alumno.
- Historia escolar.
- Medidas adoptadas.
- Competencia curricular nas distintas áreas ou materias e grao de adquisición das competencias.
- Ritmo e preferencia de aprendizaxe.
- Potencialidades, motivación, intereses e actividades preferidas.
- Aspectos de creatividade e iniciativa persoal.
- Adaptación socio afectiva, autoconcepto e autoestima.
- Actitude ante o traballo escolar e expectativas académicas e persoais.

d) Aspectos relevantes dos procesos de ensino e de aprendizaxe, tendo en conta:

- Actuacións que favorecen ou dificultan o rendemento da alumna ou do alumno.
- Características do seu grupo-clase.
- Programas do centro docente en que participa.
- Organización de espazos e tempos no centro docente e na aula.
- Medidas de tipo educativo que se están a desenvolver.
- Interaccións da alumna ou do alumno en situacións educativas formais e non formais.
- As persoas profesionais implicadas na intervención educativa, recursos e coordinación.

e) Identificación, de ser o caso, da necesidade específica de apoio educativo da alumna ou do alumno.

f) Proposta de recursos e medidas de atención á diversidade.

g) Orientacións para a intervención educativa.

h) Procedemento para o seguimento e/ou revisión do informe.

## 5.4. CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN PARA DETERMINAR OS APOIOS DE PT/AL

Dado o elevado número de alumnado do noso centro e as necesidades educativas que presentan é preciso establecer uns criterios preferentes de actuación á hora de determinar os apoios, tanto por parte dos mestres con dispoñibilidade horaria que desenvolverían funcións de reforzo educativo, como por parte dos mestres especialistas de AL e PT, entendidos estes **como medida extraordinaria** de atención á diversidade.

O mestre con "dispoñibilidade horaria" realizará o apoio, nas áreas instrumentais básicas, dentro da aula ordinaria e priorizando o alumnado que conte con Plan de Reforzo Educativo. Ao finalizar o curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, deberá elaborar un informe final sobre a medida de Reforzo Educativo establecida**.**

Respecto ao profesorado especialista de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe,tal e como recolle a *Orde 8 de setembro de 2021* no art.57 "a intervención profesional do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un **recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais**, sen prexuízo de que, **excepcionalmente**, atenda outro alumnado con **necesidade específica de apoio educativo**.

A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia**. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberáconstar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderáexceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia.**

Os criterios a seguir para a atención por parte dos mestres de AL e PT son:

-Previo informe psicopedagóxico, recibirá apoio por parte dos especialistas de PT/AL:

- Alumnado con Necesidades Educativas Especiais
- Discapacidade
- Trastorno Grave de Conduta con diagnóstico médico.
- Trastorno Grave da Comunicación e da Linguaxe con diagnóstico médico.

Unha vez cubertas as necesidades anteriores e previo informe psicopedagóxico, cubriranse as

seguintes:

-Alumnado con Retraso madurativo

-Alumnado con Adaptación Curricular.

-Alumnado con Trastornos específicos de aprendizaxe: dislexia.

-Alumnado con trastornos da comunicación da linguaxe: disfemia, retrasos da fala ou da linguaxe, trastornos da voz,...)

-Outros trastornos específicos de aprendizaxe.

Os criterios non son un compartimento estanco, hai que ser flexibles para adaptarnos á casuística real que se da diariamente no centro escolar. Para a organización dos apoios e intervencións do profesorado teranse en conta e valoraranse as necesidades educativas de cada alumno/a detectadas pola Xefa do D.O nas súas avaliacións psicopedagóxicas.

## 6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

O éxito das intervencións educativas garántese cando hai unha implicación de toda a comunidade e cando o equipo docente traballa coordinado. Por este motivo, é importante concretar as actuacións dos distintos profesionais en base á lexislación vixente:

### 6.1........................................................................................ **EQUIPO DIRECTIVO**

- A organización do centro para a adecuada utilización e o aproveitamento dos recursos materiais e a optimización do rendemento dos recursos persoais dos que dispón para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado en xeral e, en particular, daquel con necesidade específica de apoio educativo.

-Adecuar a estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos,...) para dar resposta ás necesidades do alumnado.

-Promover e impulsar a atención á diversidade, garantindo o adecuado desenvolvemento tanto das medidas e actuacións que figuran na normativa como das recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nos demais documentos do Proxecto Educativo e de desenvolvemento curricular, xestión, organización, funcionamento e na PXA.

-Manter sesión periódicas de coordinación coa xefatura do Departamento de Orientación.

## 6.2........................................................................................................ PROFESORADO

- Reforzar a acción titorial, entendida como a planificación de actuacións para cada unha das etapas educativas, que posibilite a adecuada resposta ao alumnado a nivel académico, persoal e social.
- Desenvolver as medidas e actuacións de ámbito curricular, relacional e organizativo para favorecer a convivencia.
- Potenciar a coordinación e o traballo en equipo na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación das accións que se levan a cabo no centro en relación ao alumnado.
- Elaborar os informes que correspondan do alumnado obxecto das medidas de atención á diversidade.
- Participar na proposta de organización da atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo que realiza a orientadora.
- Solicitar á orientadora a avaliación do alumnado que considere, cumprimentando o formulario establecido ao efecto.
- Proporcionar á orientadora os datos do alumnado en relación á competencia curricular, estilo de aprendizaxe e integración socioeducativa para a realización das avaliacións deste e outra información que se lle solicitase.
- Proporcionar ás familias, a través das titorías, a información relativa á acción educativa que se desenvolva cos seus fillos/as.
- Coordinar, como labor titorial, ao profesorado que intervén nun mesmo grupo de alumnos/as para garantir a coherencia do proceso de ensino e aprendizaxe.

## 6.3............................................................ XEFA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Malia que a xefa do Departamento de Orientación non imparta docencia directa, a súa labor ocúpase igualmente da atención á diversidade. Son funcións da xefatura do DO:

- Detectar e avaliar as necesidades educativas do alumnado.

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e responsabilizarse da elaboración do informe psicopedagóxico.
- Coordinar, en colaboración cas mestras/es de apoio, a atención do alumnado con NEE e con NEAE, elevando á xefatura de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Asesorar na toma de decisións, deseño (e participar del cando proceda), desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas.
- Convocar e presidir as reunións do DO e representar ao DO na CCP.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico.
- Responsabilizarse da redacción de documentos e colaborar na elaboración doutros: Plan anual de actividades do DO, memoria final de curso, PXAD,...
- Asesorar ao profesorado e ás familias do alumnado con NEE e NEAE.
- Establecer unha axeitada coordinación con recursos externos (Equipo de Orientación Específico, Servizos de Saúde, Servizos Sociais, Atención Temperá,...).
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

## 6.4......................................................................... PERSOAL AUXILIAR COIDADOR

O persoal auxiliar coidador enténdese como un recurso profesional de apoio aos centros para atender ao alumnado con N.E.E e terá as seguintes funcións, tal é como se establece na *Orde 8 de setembro de 2021*:

- Atender o alumnado nas entradas e saídas do centro educativo; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión.
- Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, **mesmo dentro da aula** cando resulte necesario.
- Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.

- De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- Nos casos excepcionais en que resulte necesario, acompañar na ruta escolar ó alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.
- Colaborar nas actividades complementarias en que participe a alumna ou o alumno.
- Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións en que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que correspondan e polo departamento de orientación.
- Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con NEE **non excederá de 1/6**, tendo en conta as necesidades de atención de alumnado.

## 7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

A función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, empregando todos os seus recursos e debe estar enmarcada na acción global do centro. Será fundamental o apoio, a colaboración e coordinación co equipo directivo, a implicación e participación activa de todo o profesorado para o desenvolvemento do Plan e, de xeito específico, por parte do profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagoxía Terapéutica para optimizar a atención ao alumnado con necesidades educativas de apoio educativo. Será fundamental o impulso por parte da orientadora de iniciativas, propostas, proxectos, programas... que sirvan de punto de partida de reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa. Pero será a través da acción titorial permanente co alumnado e as familias a estratexia de intervención fundamental para poder levar a cabo unha verdadeira función orientadora.

Dentro dos mecanismos de colaboración cómpre mencionar o traballo realizado en colaboración co IES Terra de Xallas para coordinar o cambio de etapa educativa.

A incorporación ao sistema educativo e o paso ás diferentes etapas educativas precisarán, por ser momentos críticos dentro do desenvolvemento persoal e académico do alumnado, de especial atención e guía e dunha actuación coordinada e planificada que facilite o paso dado.

## 8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Tal e como se establece no capítulo VII do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e no artigo 4 da Orde 8 de setembro de 2021, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; a Consellería debe promover a participación de todos os sectores que colaboran na educación do alumnado, así como a coordinación das súas actuacións.

Por tanto, os centros educativos concretarán coas distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro os espazos de participación e colaboración. A promoción e a coordinación desa participación e colaboración corresponderá aos centros docentes.
No CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza, a coordinación coas entidades que manteñan convenio coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia, articularase tendo en conta que a solicitude debe ser realizada, sempre por parte do centro para dar resposta ás seguintes liñas de actuación:

- Asesorar na atención educativa do alumnado con diversidade funcional.
- Colaborar e asesorar en accións de sensibilización.
- Colaborar nas orientacións sobre metodoloxías dirixida á intervención educativa.
- Informar sobre recursos tecnolóxicos favorecedores da inclusión.

**Todo intercambio de información por parte da escola e das diferentes entidades deberá estar autorizado e será realizado sempre por escrito** e a través das familias, sendo o/a titor/a o que coordine dita tarefa.

## 9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Cando o alumnado necesite dalgunha medida extraordinaria recollida na *Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, seguirase o seguinte proceso, con carácter xeral:

- Previamente terase que ter posto en práctica medidas ordinarias de atención á diversidade: adecuación da organización e xestión da aula, adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado, metodoloxías baseadas no traballo colaborativo, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión,

adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación, reforzo educativo,... se estas medidas non son suficientes poñerase en práctica apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria, plans específicos de reforzo ou outras medidas coas que non se modifiquen os elementos prescritivos do currículo.

- **Tras o emprego de medidas ordinarias, e despois de seren consideradas insuficientes**, o/a mestre/a titor/a informará á familia e á xefa do DO da necesidade da valoración para a posta en práctica, de ser o caso, doutras medidas de atención á diversidade.

- En primeiro lugar realizarase a avaliación pertinente por parte do DO e emitirase un informe psicopedagóxico no que figurará a situación evolutiva do/a alumno/a, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións e as propostas de intervención e axudas necesarias (cabe ter en conta que **as medidas extraordinarias tamén se deberán aplicar das menos excepcionais ás máis excepcionais,** por exemplo, antes de propoñer a realización dunha adaptación curricular, o/a alumno/a en cuestión deberá ter gozado do apoio da mestra de PT e/ou AL (medida extraordinaria) e ter repetido (medida excepcional que pode levar a cabo calquera alumno/a sexa de neae ou de nee e que non precisa autorización da inspección ao contrario que a adaptación curricular que si o precisa).

- Informarase ó profesorado do resultado do proceso de avaliación, conclusións obtidas, orientacións e intervencións e propostas de resposta educativa.

- Transmitirase á familia toda a información do proceso de avaliación, conclusións obtidas, orientacións e intervencións e resposta educativa.

- Elevaranse as conclusións e propostas de intervención ao equipo directivo para solicitar a autorización das medidas extraordinarias ao servizo de Inspección Educativa para a súa aprobación, se procede.

De xeito concreto, en cada caso e segundo a medida, seguiranse as actuacións pertinentes tendo en conta o disposto na normativa vixente:

- Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe: *Orde do 8 de setembro de 2021, e Decreto 229/2011, do 7 de decembro*.

- Flexibilización do período de escolarización: *Orde do 8 de setembro de 2021, e Decreto 229/2011 do 7 de decembro*.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo:
- Atención educativa domiciliaria e hospitalaria: *Orde do 8 de setembro de 2021, Decreto 229/2011 do 7 de decembro,* a atención hospitalaria e/ou domiciliaria.
- Atención educativa virtual: *Orde do 8 de setembro de 2021*
- Alumnado sometido a medidas de protección e tutela: *Orde do 8 de setembro de 2021,Decreto 229/2011 do 7 de decembro*.
- Alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar: *Orde do 8 de setembro de 2021,Decreto 229/2011 do 7 de decembro*.
- Alumnado pertencente a familias itinerantes: *Orde do 8 de setembro de 2021, Decreto 229/2011 do 7 de decembro*.
- Alumnado procedente do estranxeiro, Grupo de adquisición das Linguas, Grupo de Adaptación de Competencia Curricular: *Orde 8 de setembro de 2021, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*.

## 10.PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade debe entenderse como un documento aberto e flexible, co obxecto de poder adaptarse aos cambios que vaian xurdindo na Administración educativa (por mor de modificacións lexislativas, organizativas,...) e por causa de cambios na realidade escolar ou social.

Tal e como se establece no art.75 da Orde 8 de setembro de 2021, “o seguimento e a avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade realizarase, cada curso académico, sobre a concreción anual de dito plan”.

O seguimento da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade será realizado trimestralmente polo Departamento de Orientación do centro docente.

A avaliación da concreción anual deste plan será realizada ao finalizar cada curso escolar polo Departamento de Orientación do centro docente.

## 31. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.

INTRODUCIÓN

O proxecto lingüístico ampárase nos obxectivos que marca a lexislación vixente. Elabórase para catro anos formando parte do proxecto educativo do noso centro. Redactado por una comisión de profesorado, designada polo Equipo Directivo, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Na composición da mesma tivo especial relevancia o Equipo de Dinamización Lingüística.

Tomouse como referencia para a elaboración do PLC o Decreto 79/2010,do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, publicado o 25 de maio de 2010 no DOGA para a súa aplicación en todos os centros docentes.

Este decreto baséase no marco lingüístico establecido pola Constitución Española de 1978 e polo Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981. Ademais desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Trátase de fomentar as dúas linguas oficiais de Galicia para que acaden a competencia lingüística.

A Lei 3/1983,do 15 de xuño, garante a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia.

O artigo 14 desta lei indica que ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais.

En canto ao Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo, no seu artigo 5º para a Educación Infantil, indica que o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, debendo ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira de forma oral e escrita,o coñecemento doutra lingua oficial de Galicia. (No nóso centro a lingua predominante é o galego, determinado polo centro de acordo a unha enquisa efectuada aos pais/nais, titores legais do alumnado). Asemade, atenderase de xeito individualizado, tendo en conta a súa lingua materna.

No seu artigo 6º para a educación Primaria, garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais.

Consideramos necesario facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu correcto e eficaz uso, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca o centro.

Ademais, a realidade social europea en que vivimos, nun contexto de globalización e de mobilidade laboral, sitúanos nun espazo de plurilingüismo. Esta nova realidade esixe un marco educativo que atenda esta necesidade social posibilitando a capacitación efectiva do alumnado nas dúas linguas oficiais e nunha ou varias linguas estranxeiras, como establece a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio e a e a Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA

O CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza de Santa Comba está situado no casco urbano da localidade, recibe ao alumnado da vila e de aldeas do Concello.

Un total de 409 alumnos veñen ao noso centro este curso. A meirande parte do noso alumnado ten o galego como lingua materna, e os que teñen como lingua materna o castelán proceden da mesma vila, ou son fillos de estranxeiros.

O noso alumnado aínda estando en contacto co castelán, é certo que as familias educan aos nenos e nenas maioritariamente en galego.

Contamos con alumnado procedente, de Hispanoamérica, pero maioritariamente brasileiros co que o achego ao galego é maior.

Durante longos anos estase a levar a cabo un traballo de normalización no noso centro a través do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, e os anteriores ENL, EDN e EDL. Con esta tradición no centro transmitiu a todo o centro e cada un dos sectores da comunidade escolar que a nosa lingua ten usos que podemos e debemos empregar en ámbitos da escola, a nivel oral, e a nivel da lingua escrita.

Tamén se abordou a recuperación de tradicións, o achegamento á cultura tradicional galega e a dignificación da mesma dándolle entrada no colexio a celebracións como o Entroido, o Magosto, xogos tradicionais, a música e a danza e ultimamente tamén ao Samaín, considerando que é preciso enmarcar unha lingua no seu entorno cultural.

Preténdese lograr xunto coa dinamización lingüística asociada ao efecto e ao sentimento de pertenza propia xunto coa dinamización lingüística asociada ao afecto e ao sentimento de pertenza

propia xunto coa revalorización do noso contorno, do estudo, análise e coñecemento que nos dará o valor real de todo aquilo que por habitual e próximo non valoramos adecuadamente.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLC

En Educación Infantil

(Artigo 5 do Decreto 79/2010,do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia)

Na etapa de educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumno adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou do ciclo.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro de acordo cunha pregunta que se efectuará aos país, nais, titores legais ao inicio da etapa.

Atenderase de xeito individualizado ao alumnado tendo en conta a súa lingua materna.

A lingua estranxeira inglés, ofrécese ao alumnado de EI en dúas sesións, cun total de 1 hora semanal desde os 3 anos.

En Educación Primaria

(Artigo 6 do Decreto 79/2010,do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia).

Garantirase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

As materias de lingua impartiranse no idioma de referencia.

Impartiranse en galego a materia de Coñecemento do medio (no noso centro, en 6º curso, 2 horas impartiranse en inglés pola aprobación das sección bilingües, polo Consello Escolar e a Consellería), e Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza, segundo corresponda ao nivel.

A materia de matemáticas impartirase en castelán.

Distribución horaria do resto das materias En 1º e 3 º nivel:

En galego: Música e Relixión ou Proxecto Competencial. En castelán: Plástica e Educación Física.

En 2º e 4º nivel:

En galego: Música e Relixión ou Atención Educativa. En castelán: Plástica e Educación Física.

En 5º nivel:

En galego: Relixión ou Proxecto Competencial, Música e Plástica. En castelán: Educación Física .

En 6º nivel:

En galego: Relixión ou Atención Educativa, Educación para a Cidadanía e Música. En castelán: Educación Física e Plástica.

MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA UN CORRECTO USO LINGÜÍSTICO EDUCATIVO FOMENTANDO O PLURILINGÜISMO

Os alumnos que o precisen recibirán as oportunas medidas de apoio e reforzo para un correcto uso lingüístico escolar e educativo, co fin de alcanzar o obxectivo xeral establecido na Lei de Normalización lingüística, na LOE e na LOMCE, no que afecta ao fomento do plurilingüismo.

-Traballaremos na mellora da competencia comunicativa en castelán e en galego, facendo fincapé na comprensión.

-Fomentarase o uso oral e escrito das diferentes linguas que se impartan no centro.

-Intentarase equiparar o material bibliográfico, fonográfico, multimedia, nas diferentes linguas: galego, castelán e inglés.

-Poñerase a disposición do profesorado o material inventariado.

-Proporcionaráselles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades, actos e institucións culturais relacionadas co seu contorno lingüístico e animaráselles a participar nelas.

-Traballaranse distintos aspectos da cultura tradicional, achegando a nosa cultura á xente que se incorpora á nosa comunidade educativa, a través dunha serie de accións encamiñadas a súa integración.

-Participarase en actividades complementarias que xurdan durante o curso en prol das dúas linguas oficiais, así como na lingua estranxeira, inglés.

-Implicaranse as distintas asociacións e/ou os servizos sociais no logro dos nosos obxectivos tentando buscar unha colaboración e unha corresponsabilidade na consecución dos nosos obxectivos.

-Reforzarase a lecto-escritura nas diversas linguas .

-Dedicaranse 20 minutos na sesión da tarde " Á HORA DE LER", na que o alumnado, dirixido ou libremente, practicará a lectura, nas linguas que se consideren oportunas.

-Dende a biblioteca dinamizaranse actividades para a lectura. Apertura da mesma no recreo e tamén ao mediodía (sempre que haxa profesorado voluntario), mochila viaxeira.

-Participación no Programa de Inmersión Lingüística en inglés.

-Continuidade das sección bilingües este curso en 6º de Educación Primaria.

-Aceptar e valorar adecuadamente o noso entorno, as características da nosa zona, e lograr un mellor coñecemento de nós mesmos a través das distintas manifestacións artísticas, verbais e culturais propias.

-Establecer unha coordinación entre todos os equipos, e sectores do centro para aproveitar mellor todos os recursos.

-Empregarase a lingua galega nas comunicacións, na documentación administrativa e noutros documentos.

-Emprego da lingua galega nas comunicación escritas coas familias e con outras institucións.

CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA PREDOMINANTE NO CONTORNO:

A observación directa en:

-Reunións coas nais e país do noso alumnado.

-Utilización da lingua oral entre o alumnado na aula e no patio.

-Emprego da lingua escrita dirixida de pais a profesores. A observación indirecta:

-Enquisas ao alumnado e coas familias que permitan coñecer que idioma utilizan a cotío en diferentes contextos.

Aplicada a consulta ás familias na Educación Infantil podemos constatar que a lingua materna é o galego na maioría do alumnado.

Tamén nas conversas en titoría das nais e pais obsérvase que a lingua empregada maioritariamente é o galego.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO INMIGRANTE:

Na actualidade no noso centro temos alumnado inmigrante procedente doutros países ou doutras comunidades. Coñecen o galego ou o castelán maioritariamente.

Ao carecer o centro dun programa específico de inmersión lingüística, o alumnado inmigrante intégrase nas aulas correspondentes, á espera de ser avaliado o seu grao de coñecemento dalgunha das linguas oficiais.

Avaliación pola comisión de coordinación pedagóxica de solicitar profesores para apoio lingüístico.

Determinación polo departamento de orientación, da necesidade de recibir unha atención específica, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas linguas oficiais.

Apoio individualizado na aula do titor ou titora, utilizando no inicio da súa escolarización preferentemente unha das linguas cooficiais onde se sinta con máis soltura o alumno/a e progresivamente introducilo no uso das demais linguas do currículo.

Fomentar a súa integración e interacción co grupo-clase. COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

-Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluirán no proxecto educativo do centro.

-Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, así como o plan específico para o fomento do galego.

Obxectivos xerais

-Fomentar o uso das linguas propias de Galicia, tanto a nivel oral como a nivel escrito, de transmisión e do coñecemento da súa cultura entre os distintos membros da comunidade educativa.

-Conseguir romper a idea de que o idioma galego e a cultura galega están irremediablemente unidas ao pasado e ao mundo rural.

-Proporcionar aos membros da comunidade educativa información sobre actividades, actos e institucións culturais relacionadas coa realidade lingüística e participación nas mesmas.

-Informar ao profesorado de todas as actividades de formación que se oferten para mellorar as súas competencias lingüísticas.

-Implicar a toda a comunidade educativa na normalización do galego.

-Procurar a comunicación oral e escrita en galego cos interlocutores da nosa comunidade autónoma.

-Colaborar coas diferentes coordinacións e equipos do centro.

Todos estes obxectivos veñen contemplados e especificados no plan de fomento do uso do galego que se elabora anualmente. Asemade veñen desenvolvidas as actividades concretas para cada curso.

## 32. PLAN ESPECÍFICO DE APPCC PARA O COMEDOR ESCOLAR

Este plan deseñado polo centro pretende levar un control do comedor escolar, atendendo aos alimentos, ás instalacións, ás traballadoras e aos usuarios do mesmo.

O desenvolvemento das accións levadas a cabo para o mesmo será o que segue:

Formación dos manipuladores:

As traballadoras da cociña, o persoal laboral axudante de cociña e cociñeira realizarán un curso de formación en hixiene alimentaria e manipulación de alimentos cada catro anos (como mínimo).

A Dirección do centro informará dos cursos que se leven a cabo e tamén dará unha charla a comezos do curso ao alumnado que se encarga de servir as mesas e ás colaboradoras de comedor por normas de hixiene.

Control documental de materias primas e trazabilidade.

Existirá unha folla de rexistro de provedores. Incluirase na mesma: nome, número de rexistro sanitario, teléfono e produto que se lle merca.

A cociñeira rexistrará cada un dos alimentos que chega a diario, anotándoos no libro de rexistro que se atopará na cociña. Este libro incluirá: data, produto, provedor, número de factura e/ou albarán e número de lote. A encargada do comedor e/ou a Dirección velarán polo control de este proceso. Comprobarase que se poida seguir a trazabilidade do produto.

Plan de limpeza e desinfección.

O obxectivo deste plan é asegurar un estado de limpeza e desinfección dos locais e utensilios para previr unha posible contaminación dos alimentos. A xefa de cociña será a encargada dun rexistro de limpeza e desinfección estrutural, maquinaria e útiles especificando na folla de control a frecuencia coa que se realiza a limpeza de cada un dos elementos presentes na cociña.

O persoal de cociña será o encargado de realizar a limpeza de tódalas superficies e elementos.

Os seguintes elementos limparanse coa periodicidade que se indica: 1- Chan: todos os días.

2- Paredes: cada quince días. 3- Mesas: todos os días. Fogóns: todos os días.

Campá: cada quince días. 6- Fritideira: todos os días.

Maquinarias: todos os días.

Frigoríficos: unha vez á semana.

Conxeladores: unha vez á semana.

Existirá folla de rexistros e ficha técnica dos produtos de limpeza que se usan.

Plan de desratización e desinfección.

Para evitar a existencia de calquera praga contratarase a unha empresa especializada que realizará este plan, neste caso é PLAGUIBER, empresa autorizada pola Xunta de Galicia. Os tratamentos faranse 3 veces no curso, coincidindo con períodos vacacionais (inicio de curso, Nadal e Semana Santa).

Existirá un plano de colocación de cebos e ficha técnica dos produtos que se usan no control de pragas.

Guía de boas prácticas de hixiene persoal.

Hixiene manual:

- Lavar as mans sempre antes de comezar a traballar e cada vez que as circunstancias o requiran.
- Manter as uñas cortas, coidadas e libres de suciedade.
- -Protexer coidadosamente os cortes ou feridas das mans con apósitos impermeables, para evitar que entren en contacto cos alimentos.

Cortes e feridas:

Os cortes e feridas na pel son o medio ideal para o desenvolvemento de bacterias, razón pola cal deben cubrirse con gasas, vendas, esparadrapos ou tiritas, pero estes á súa vez deben cubrirse con apósitos impermeables (guantes, dediles...) que se manterán sempre limpos.

O pelo:

-O persoal de cociña non debe tocar o pelo mentres traballa cos alimentos, en caso de facelo ten que lavar as mans antes de volver tocar os utensilios ou produtos. O persoal debe levar o pelo recollido cun gorro ou cubrecabezas que evite que os cabelos caian nos alimentos.

Xoias e obxectos persoais:

- As xoias e obxectos persoais deben evitarse durante a manipulación dos mesmos.
- Roupa de traballo:
- Está roupa debe ter as seguintes características:
- Estar sempre limpa
- Preferentemente sen petos nin cremalleiras.
- Ampla e adaptada aos movementos do persoal de cociña.
- Tecidos que absorban o suor e lavables ou desbotables.
- Con cubre cabezas efectivo.

Disporemos de taquillas para protexer a roupa de traballo. O calzado de traballo debe estar sempre limpo e ser diferente ao que se leva na rúa. Os guantes para manipular alimentos deben estar sempre limpos sen buratos nin roturas para evitar fugas. Serán preferibles os de só un uso.

Educación e hábitos hixiénicos:

- Informar á Directora e á encargada de comedor se sofre calquera enfermidade que poida orixinar a contaminación dos alimentos (vómitos, catarros diarreas, afeccións da pel...)

Cumprir as normas de hixiene persoal: lavado de mans, protección de pelo, illamento das feridas, aseo persoal e actitudes hixiénicas en xeral.

-Levar a roupa de traballo axeitada e velar pola súa conservación e limpeza.

-Manter o posto de traballo limpo e ordenado, así como as ferramentas e equipos de traballo.

Informar de calquera anomalía que poida alterar a calidade hixiénica dos alimentos.

Plan de eliminación de residuos e aceites.

Do aceite residual xa utilizado encárgase da súa recollida a empresa RECIFLU.

O papel, cartón e vidro será depositado nos contenedores axeitados que están fóra do centro, nas inmediacións da cociña polo persoal da cociña.

Os restos de comida serán para animais(aquela comida que non sirva para o consumo),encargarase de levala o persoal de cociña e tamén existirá unha recollida polo consumo, establecendo unha colaboración cos Servizos sociais do concello. Cada vez que sobre, chamarase a Protección Civil que pase a recollela para entregarlla ao servizo de Asuntos Sociais do Concello quen se farán cargo do reparto entre as familias que decidan.

Plan de termoconservación.

O seu obxectivo é garantir a seguridade de aqueles alimentos que non poden conservarse a temperatura ambiente. Os dous frigoríficos e os dous conxeladores manteranse entre as seguintes temperaturas.

Temperatura cámara frigorífica 1: entre 2 e 4 graos.

-Temperatura cámara frigorífica 2: entre 2 e 4 graos.

Temperatura conxelador 1: entre 18 y 20 graos baixo cero.

Temperatura conxelador 2: entre 18 y 20 graos baixo cero.

Existirá unha folla de rexistro de temperaturas onde se rexistrará a temperatura tódolos días a primeira hora da mañá (VER ANEXOS).

Rexistro de incidencias.

No arquivo do centro atópanse os diferentes rexistros de incidencias.

## 33. PLAN PROXECTA+

PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA

INTRODUCIÓN

O PROXECTO DE VIDA ACTIVA E DEPORTIVA (PVAD), antes denominado Proxecto Deportivo de Centro (PDC) é o proxecto no que levamos máis tempo traballando e que ten como finalidade coordinar, dinamizar e organizar diferentes actividades relacionadas coa actividade física e o deporte

que implique a todos os axentes da comunidade educativa: alumnado, profesorado, familias, persoal de servizos do centro e contorna do centro educativo.

A finalidade deste proxecto será ampliar o tempo de actividade física e deporte de toda a comunidade educativa para gozar do tempo de lecer, tendo en conta a realidade actual e o contexto de crise sanitaria no que nos atopamos e dunha forma máis activa e saudable. Así mesmo tamén se organizarán actividades relacionadas coa saúde e calidade de vida: hábitos saudables, alimentación, posturais, exercicio físico, etc. Todas estas actividades darán continuidade ao noso PVAD, no que levamos traballando sete cursos.

OBXECTIVOS

- Dinamizar os tempos de recreo e comedor ofertando múltiples actividades activas relacionados co exercicio físico e os deportes.
- Coordinar o uso dos equipamentos deportivos en horario escolar e extraescolar (material e espazos).
- Establecer relacións entre os diferentes axentes da comunidade educativa (alumnado, pais e nais, mestres/as e persoal de servizos do centro) en materia de actividade física e deporte.
- Informar á comunidade educativa e fomentar hábitos de vida saudábeis e activos.
- Ofrecer diferentes opcións de actividade física e exercicio en períodos de confinamento.
- Fomentar a participación en actividades físico-recreativas no tempo de ocio ou "non lectivo".
- Dar a coñecer ao alumnado diferentes alternativas de exercicio físico e deporte susceptibles de ser practicadas no seu tempo de lecer.
- Informar á comunidade educativa da oferta en materia de actividades deportivas e recreativas da contorna.

ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

O desenvolvemento do "Proxecto de Vida Activa e Deportiva" terá lugar ao longo do curso académico 2022/2023. Tentando realizar as labores iniciais de organización, redacción e posta en marcha ao longo do primeiro trimestre. Os puntos a analizar neste proxecto inicial serán os seguintes:

- Concretar os principios de identidade da entidade: modelo deportista que se quere formar, características dos técnicos que participarán no proxecto e imaxe que queremos transmitir ao exterior.

- Definir o que a entidade quere lograr: formación integral físico-deportiva do alumnado, creación de hábitos deportivos e de saúde, e promoción do talento deportivo.
- Establecer o organigrama do proxecto: quen vai formar parte, compoñentes, funcións, perfilese mecanismos de relación. Con respecto á metodoloxía empregada nas actividades e dinámicas para fomentar o ocio activo e hábitos de vida saudábeis empregarase en todo momento unha metodoloxía de tipo global, referíndonos a unha forma contextualizada na que se presenta e é percibida a realidade.
- Primará a aprendizaxe construtivista, baseada na busca e exploracións de novas solucións e accións motrices. Empregaremos en todo momento o xogo como recurso metodolóxico que fará que o alumnado sinta maior interese polo deporte e os exercicios físicos e traslade ese interese a súa vida cotiá.
- Observando as novidades deste curso educativo valoramos participar nas liñas de acción 1, 2 e
- Organizar no centro actividades dentro do horario lectivo e fóra do centro dentro e fóra do horario lectivo.

AVALIACIÓN

Elaborarase un plan de avaliación do proxecto. Considérase a avaliación como un elemento fundamental na consecución dos obxectivos propostos, tratándoa como un proceso continuo de valoración extensible a todos os elementos que interveñen no proxecto.

A avaliación xirará en torno a:

- Adecuación dos obxectivos propostos.
- Idoneidade das actividades e dinámicas levadas á práctica.
- Temporalización do proxecto.
- Grao de implicación dos elementos participantes no proxecto.
- Grao de consecución dos obxectivos plantexados.

Dentro da avaliación consideramos necesario partir de datos de hábitos de sedentarismo e consumo de actividade física, para poder comprobar, ao finalizar o curso, se o noso traballo produciu un cambio na conduta dos nosos alumnos e alumnas.

## 34. PROXECTO DE XORNADA CONTINUADA

CONTEXTUALIZACIÓN

Este proxecto xorde despois dos resultados da última votación do curso 2022/23 nos que o cambio de xornada foi o opción máis votada, aínda que non acadou a porcentaxe necesaria que marca a lexislación para o cambio. Polo que decidimos volver presentar un proxecto para o cambio de xornada no presente curso.

Este proxecto pretende responder á crecente demanda de familias e do profesorado de Educación Infantil e Primaria do centro, que solicita unha modificación no horario tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento escolar, favorecendo a conciliación da vida familiar, procurando un horario semellante ao do noso centro adscrito IES Terra de Xallas que favoreza unha xestión educativa a longo prazo así como una continuidade na xestión actual do servizo de transporte e comedor.

| | |
|---|---|
| Niveis Educativos: | Infantil e Primaria |
| Número de alumnos e alumnas: | 416 |
| Número de alumnos e alumnas con dereito a transporte: | 252 |
| Número de usuarios de comedor: | 414 |
| Censo familias: | 332 |

**HORARIO PROPOSTO**

| DURANTE TODO O CURSO | |
|---|---|
| Horas | Sesións |
| 9:30 - 14:30 h. | Lectivo |
| 14:30 - 15:15 h. | Comedor |
| 15:15 - 16:15 h. | Recreo de tarde<br>Polos Creativos escolar (de martes a venres) |
| 16:15 h. | Saída transporte (luns ás 16:30 h.) |

## 1. INTRODUCIÓN:

Este proxecto xorde como resposta á crecente demanda de numerosas familias e do profesorado do centro que solicita unha modificación do horario escolar, tratando de aproveitar mellor as horas de maior rendemento, favorecendo a conciliación da vida familiar, procurando un horario semellante aos centro da nosa contorna que favoreza unha xestión educativa a longo prazo e unha estabilidade no profesorado do centro así como unha continuidade na xestión actual do servizo de comedor.

## 2. PROCESO DE IMPLANTACIÓN DA XORNADA ÚNICA

O procedemento para a autorización, nas escolas de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, da implantación da xornada lectiva, en sesión única de mañá queda regulado na Orde do 29 de maio de 2008 (DOG do venres, 6 de xuño de 2008)

### 2.1. Requisitos:

• Acordo favorable por maioría dos tres quintos do claustro.

• Acordo favorable por maioría dos tres quintos do consello escolar.

• Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.

• Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado (computarase, a efectos de censo, a nai ou o pai ou un dos titores legais).

• Plan específico de actividades extraescolares.

## 3. OBXECTIVOS:

### 3.1. Xerais:

- Potenciar ao máximo as aprendizaxes e a adquisición das competencias básicas/clave dos nosos alumnos e alumnas, así como a formación permanente de todo o equipo docente.
- Garantir unha xestión estable a longo prazo do centro educativo. En calquera caso as votacións das familias para a xornada única serán posteriores á presentación do plan.

- Asegurar a continuidade na organización actual do servizo de comedor.
- Favorecer a estabilidade do profesorado no centro asegurando a continuidade de proxectos como o PFPP, o Plan de Mellora de Biblioteca, Polos Creativos, o Proxecto Plurilingüe... e calquera outro proxecto que requira continuidade para o seu desenvolvemento.

### 3.2. Específicos:

- Aumentar o rendemento académico do alumnado entendendo que as horas da mañá aseguran un mellor rendemento académico, cun maior nivel de atención e motivación, con máis capacidade de concentración e rendemento intelectual.
- Posibilitar o estudo persoal do alumnado, segundo os criterios da psicoloxía evolutiva, facilitándolles o tempo necesario para a asimilación e interiorización do seu propio traballo.
- Facilitar a organización do tempo por parte das familias das alumnas e alumnos, e do profesorado, evitando as perdas deste derivadas dos desprazamentos sistemáticos ao centro pola mañá e pola tarde, favorecendo o incremento da convivencia familiar.
- Posibilitar o descanso do alumnado máis pequeno despois de xantar.
- Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para participar nas actividades de educación non formal ofertadas no Concello de Santa Comba e bisbarra (conservatorios e escola de música, escolas deportivas, actividades extraescolares, escolas de idiomas...), permitindo adiantar o inicio destas e facilitando que o alumnado dispoña de tempo suficiente para realizar a súas tarefas escolares e tempo libre para o ocio.
- Facilitar o paso ao instituto habituando aos alumnos e alumnas á xornada única.
- Igualar o horario do centro cos demais centros educativos da contorna, favorecendo a toda a poboación do concello sen que ninguén se sinta prexudicado polo novo horario.
- Optimizar a tarefa do profesorado nos períodos non lectivos, ao dispor dun tempo máis axeitado para planificar o seu traballo, asistir a reunións, cursos de perfeccionamento, atender aos pais e nais... repercutindo favorablemente na súa práctica docente.

- Aproveitar mellor todos os recursos e infraestruturas dos que dispón o centro.
- Dinamizar o uso da Polos Creativos Escolar como sala de estudo, ao permanecer abertas fóra do horario lectivo, facilitando a lectura, realización de tarefas escolares, xogos educativos... estando vixiadas por profesorado do propio centro.

### 3.3. En calquera caso garantirase :

1. As 5 horas lectivas.
2. O funcionamento do servizos ofertados na actualidade: Transporte Escolar e Comedor Escolar coa xestión actual e colaboración das familias.
3. O funcionamento do Centro coas xuntanzas de Equipos e Departamentos, así coma a atención a pais e nais.

4. A mesma hora de chegada e saída do transporte durante todo o curso sen existir cambios a comezo e final de curso.

### 3.4. Cambios significativos coa xornada única:

O cambio fundamental é o horario escolar: desenvólvese en sesión única de 5 horas lectivas. Estableceríase un horario de clases uniforme para todo o curso de setembro a xuño de 9:30 a 14:30 sen cortes nin variacións. Atopariámonos entón cunha distribución máis racional das clases onde os alumnos e alumnas terían máis tempo para facer as tarefas, estudo individual e actividades extraescolares.

O horario de transporte non sofre ningún tipo de modificación, o alumnado usuario de transporte recóllese e devólvese á mesma hora que con xornada partida.

**Ademais:**

⇒ A Polos Creativos estará aberta de 15:15 h a 16:15 h. (martes, mércores, xoves e venres)

⇒ Este espazo estará atendido por profesorado do centro.

⇒ A comisión mixta da xornada única (formada por mestres e pais) reunirase con representantes da ANPA e do Concello de Santa Comba para poder valorar as distintas opcións á hora de poder adiantar as actividades e incluso levar a cabo algunhas delas mentres todo o alumnado se atopa no centro (recreo do comedor), para ofertar actividades relacionadas coas novas tecnoloxías..

## 4. HORARIO PARA O ALUMNADO E TEMPOS DE LECER:

- O período obrigatorio de mañá desenvolverase de luns a venres de 9:30 a 14:30 horas ao longo de todo o curso sen que haxa ningún tipo de variación os meses de xuño e setembro.
- A entrada será ás 9:30 h. da mañá (igual que na xornada actual) e a saída será ás 14:30 horas, para os alumnos e alumnas **non usuarios do servizo de comedor**. Estes alumnos e alumnas, se así o desexan, de martes a venres poden volver ás 15:15 á Polos Creativos ata as 16:15 h. para realizar actividades escolares ou ben ás actividades ofertadas polo Concello ou ANPA.
- O alumnado usuario de comedor poderá ser recollido no centro ás 15:15 h., ou despois do recreo da tarde ás 16:15 h. momento no que saen os buses de transporte escolar (os luns ás 16:30 h.).
- **O transporte escolar terá o mesmo horario que agora**.
- As actividades extraescolares desenvolveranse pola tarde segundo o horario establecido de igual xeito que até o de agora.
- De martes a venres a Polos Creativos do centro permanecerá aberta e atendida por

mestres ou mestras do centro en horario de 15:15 a 16:15 h.

**Distribución horaria durante todo o curso**

| Horas | Sesións | Tempo |
|---|---|---|
| 9:30 – 10:20 | 1ª | 50 min. |
| 10:20 – 11:10 | 2ª | 50 min. |
| 11:10 – 12:00 | 3ª | 50 min. |
| 12:00– 12:30 | Recreo | 30 min. |
| 12:30 – 12:50 | Hora de Ler | 20 min |
| 12:50 – 13:40 | 4ª | 50 min |
| 13:40 - 14:30 | 5ª | 50 min. |
| 14:30 - 15:15 | Comedor | 45 min. |
| 15:15 -16:15 | Recreo<br>Polos Creativos (de martes a venres) | 60 min. |

Con este horario de clases garántese o cumprimento estrito da lexislación, en Educación Infantil e Primaria: cinco sesións lectivas ao día, incluíndo o tempo de recreo.

## 5. HORARIO PARA O PROFESORADO

· **Horario lectivo: de 9:30 horas a 14:30 horas**

· **Horario non lectivo:** O profesorado completará o seu horario en sesións de tarde.

**Todos os LUNS e todo o profesorado:**

- De 15:30 a 16:30 horas, Horario semanal de titoría para atención a consultas individuais por parte dos pais e nais sobre temas educativos relacionados cos seus fillos e fillas.
- 16:30 a 18:30 h: Reunións do profesorado.

Facilitarase a relación do profesorado coas familias por medio de reunións globais por titorías ou cursos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plano de traballo (convocarase unha primeira xuntanza entre setembro e outubro e ao longo do curso as que se consideren necesarias). Irán incluídas na Programación Xeral Anual.

**De martes a venres.**

**De 15:15 h. a 16:15 horas, permanecerán no colexio** mestres ou mestras de garda que ostentarán a representación oficial do Centro e manterán en funcionamento a aula de **Polos Creativos** como **sala de estudo** a disposición do alumnado.

## 6. RELACIÓN COAS FAMILIAS E PROFESORADO

Dada a importancia da colaboración dos pais/nais co profesorado na educación dos seus fillos/as, establecerase unha hora semanal para as titorías con todo o profesorado. **Os luns de 15:30 h. a 16:30 h. todo o profesorado permanecerá no centro para atender ás familias do alumnado.**

Atenderanse as necesidades específicas noutro horario cando as familias o precisen, como ven sendo habitual no Centro.

## 6. PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realizaranse de igual xeito que até o de agora as actividades complementarias especificadas na Programación Xeral Anual, : Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas, Spring Week, Digital Week, etc., saídas escolares e excursións que xa veñen sendo tradicionais neste centro e aquelas novas que polo seu interese merezan ser incluídas e que se concretarán na Programación Xeral Anual do curso.

## 7. PLAN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O Plan de actividades extraescolares que se desenvolverán pola tarde no Centro buscarase que sexa semellante ao que se ven desenvolvendo na actualidade coa importante novidade de que se verán incrementadas coa oferta da **sala de estudo** en **Polos Creativos** para o alumnado de primaria de martes a venres en horario de 15:15 a 16:15 horas.

A comisión mixta mestres-pais buscará un diálogo permanente coas diferentes institucións e organismos que organizan estas actividades (ANPA, Concello…) para poder elaborar un axeitado calendario e horario de actividades que beneficien ás familias do noso centro e dos outros centros da localidade buscando una mellor conciliación da vida familiar.

As actividades que se desenvolven caracterízanse por:

a) Ser de carácter voluntario.
b) Ser actividades abertas e de interese para todo o alumnado deste Centro.
c) Non ter carácter discriminatorio.

**Actividades organizadas pola ANPA e Concello de Santa Comba**

As actividades ofertadas pola ANPA e Concello non sufrirán modificacións debido ao cambio de horario xa que **as saídas e chegadas de transporte non sofren variacións con respecto ao horario actual**. Ofertaranse, na medida das súas posibilidades, actividades extraescolares que comecen ás

15:15 h. xusto despois do remate de comedor para facilitar a conciliación familiar e que o alumnado non estea tanto tempo no patio de recreo.

A comisión ofrecerá a súa colaboración ao Concello e ANPA para o establecemento dun programa axeitado de actividades, e procurará manter un ambiente cordial e comunicativo para acadar unha estreita colaboración entre ambas institucións á hora de facer unha boa planificación de actividades e reparto de espazos.

## 8. SERVIZO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR

O cambio de horario de xornada partida a xornada continuada **non vai supoñer ningún cambio significativo** na organización dos servizos de transporte ou comedor escolar, posto que **o transporte non sofre ningunha modificación**.

O servizo de comedor continuará xestionado polo propio centro (trátase dun comedor de xestión directa), con persoal de cociña e coa participación dun grupo de pais ou nais que realizan labores de vixilancia e coidado dos alumnos e alumnas, tal como se vén desenvolvendo actualmente. Debido á redución do tempo de lecer no patio tamén se reducirán considerablemente os conflitos actuais nese tempo de recreo.

Si suporá un cambio substancial no horario da comida do alumnado. Redistribuiranse as diferentes comidas ao longo da mañá, dun xeito máis racional, merendando a media mañá (12:00 h. aprox) e xantando ás 14:30 h.

## 9. AVALIACIÓN DA XORNADA ÚNICA:

Realizaríase en xuntanzas co Claustro e Consello escolar tendo como referencia os seguintes criterios:

- Rendemento académico do alumnado.
- Fatiga do alumnado.
- Incidencia sobre a vida familiar.
- Aumento-diminución da participación nas actividades extraescolares.
- Incidencia sobre outros servizos educativos da localidade: Escolas Deportivas, Conservatorio de Música, etc.
- Niveis de aceptación e grado de satisfacción dos colectivos implicados (familias, alumnado e profesorado).
- Organización do Centro.

Toda a información será recollida por escrito para o seu posterior estudo e interpretación polo

Equipo Directivo, Claustro de Profesores e Consello Escolar, utilizando os seguintes procedementos:

- Observación directa nas sesións de traballo.
- Análise obtido polos diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Recollida de opinións dos protagonistas mediante a autoanálise e as sesións de seguimento cos monitores e responsables das actividades extraescolares.

O Consello Escolar pode promover unha comisión mixta de seguimento e avaliación do desenvolvemento da xornada única no centro.

**INFORME DO CONSELLO ESCOLAR.**

O Consello Escolar, en sesión extraordinaria celebrada o  de novembro de 2023 , acordou emitir informe favorable á presente Programación Xeral Anual para o curso escolar 2023- 2024.

Santa Comba,  de novembro de 2023.

O Director. O Secretario

Asdo: César Ramos Domínguez Asdo: Denís Castro García